

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19

SESION ORDINARIA DO 26 DE NOVEMBRO DE 2007

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Ángeles
González Sagarra, Javier Pablo

Iglesias Bueno, Marta
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Molares Pérez, Lucía Emilia
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Hector
Veloso Ríos, Iolanda

NON ASISTEN:

Guerra Fernández, Javier Jorge
Méndez Piñeiro, María

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinteseis de novembro do ano dous mil sete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro. Están tamén presentes as membros da

Xunta de Goberno Local Sras. Maure Noia e Silva Rego e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratarlos asuntos da orde do día.

1.- (146).- ACTA ANTERIOR. (S.ORD. 24.09.07).

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez piñeiro).

Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 24 de setembro de 2007.

2.- (147).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 25.10.07 NOMEANDO UN CONCELLEIRO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 25 de outubro de 2007, a Alcaldía Presidencia ditou a seguinte resolución:

"Na sesión de data 17 de xullo o Pleno do Concello acordou os réximes de dedicación dos cargos corporativos sinalando, entre outros aspectos, que catro concelleiros/as do grupo político municipal do Partido Popular realizarían as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e os nove restantes nun réxime de dedicación parcial de nove horas.

Mediante Resolución de data 20 de xullo esta Alcaldía, ó abeiro do previsto no artigo 75.5 da LBRL e a proposta da voceira do grupo do Partido Popular, nomeou a dous concelleiros/as do seu grupo en réxime de dedicación exclusiva e oito en réxime de dedicación parcial. Os tres membros restantes, de conformidade co previsto no apartado noveno do acordo de 17 de xullo, viñan percibindo indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados do Concello e ás dos seus organismos autónomos; a estes incorporouse, en virtude de resolución de data 26 de xullo, un carto membro que renunciou o seu réxime de dedicación parcial.

En sesión de data 3 de setembro o Pleno modificou o apartado cuarto do seu acordo de data 17 de xullo no senso de posibilitar que os distintos voceiros propoñan á Alcaldía a agrupación dos importes retributivos de varias dedicacións exclusivas ou parciais.

Mediante escrito de data 7 de setembro a voceira do grupo político municipal do Partido Popular, ó abeiro da modificación mencionada, propón a esta Alcaldía a agrupación dos importes das dúas dedicacións exclusivas vacantes e doutra parcial existente ó obxecto de xerar, previa división do importe total en tres partes iguais, tres dedicacións exclusivas de 48.271,59 €/ano.

Mediante resolución desta Alcaldía de data 19 de setembro e a proposta da voceira nomeáronse dous Concelleiros do grupo político municipal en réxime de dedicación exclusiva, no apartado carto desa resolución advertíase que a voceira do grupo político municipal do Partido Popular podería propoñer a esta Alcaldía o nome do concelleiro do seu grupo que desempeñando funcións en réxime de dedicación parcial, pase a realizalas en réxime de dedicación exclusiva percibindo por isto a retribución antes indicada.

Mediante escrito de data 23.10.2007 a Voceira do grupo municipal do Partido Popular propón a esta Alcaldía que o Concelleiro do seu grupo, D. Antonio Martiño Gómez, desempeñe as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

En virtude dos antecedentes expostos, ó abeiro do sinalado no artigo 75.5 da LBRL, resolvo:

Primeiro.- Exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva co importe retributivo que se indica o Concelleiro do grupo político municipal do Partido Popular, D. Antonio Martiño Gómez: 48.271,59 €/ano.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas, o seu importe revisarase anualmente na mesma proporción que ás do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- Ó obxecto de conciliar o pago da primeira mensuralidade co expediente de confección de nóminas, os efectos retributivos terán lugar a partires do día 1 de novembro do presente ano.

Cuarto.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das administracións públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades. Todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Quinto.- Modificar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ó corporativo mencionado asumindo a Corporación o pago das novas cotas empresariais que correspondan.

Sexto.- Notificar a presente resolución ó interesado advertindo que deberá, no prazo dos tres días seguintes á notificación, dirixir escrito a esta Alcaldía a través

da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifeste a aceptación ou non da dedicación, escrito do que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sétimo.- Notificar a presente resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Oitavo.- Dar conta ó Pleno desta resolución, publicala no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no taboleiro de Editos do Concello."

Da anterior resolución a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

3.- (148).- DAR CONTA DE ESCRITO DE ACEPTACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DUN CONCELEIRO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de outubro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, comunica o seguinte:

"Tendo recibido a resolución da Alcaldía de data 25.10.2007, designándome concelleiro en réxime de dedicación exclusiva para o desempeño das miñas funcións, comunícolle a miña aceptación da dita dedicación exclusiva segundo o exposto no apartado sexto da devandita resolución".

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

4.- (149).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO E BOUZAS. EXPTE. 2758/407.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2007, o director da Área de Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, coa conformidade do secretario, emite o seguinte informe:

I) ANTECEDENTES.

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do 29 de maio de 2006, aprobou inicialmente a ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo e Área de Rehabilitación de Bouzas, que se someteu a información pública por 30 días hábiles, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia nº 151 do 8 de agosto de 2006. Ó non se ter presentado alegacións, produciuse a aprobación definitiva tácita da devandita ordenanza, que se publicou integramente no BOP do 4 de decembro de 2006 (expte. 285/431).

A efectos de iniciar un expediente para a modificación da citada ordenanza, con data 25 de outubro de 2007 a directora da Oficina de Rehabilitación emitiu o seguinte informe:

“Motivación da modificación.

O obxecto da ordenanza é o desenvolvemento de todos os convenios asinados entre o consellería da Vivenda e Solo e o Concello do Plan vivenda 2005-2008.

A ordenanza é aplicábel tanto para o Casco vello de Vigo como para o Barrio histórico de Bouzas, coas salvidades que especifiquen os seus correspondentes PEPRI, cara a facilitar a xestión e unificar criterios.

O RD 801/2006 do 1 de xullo polo que se aproba o Plan estatal para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda establece no seu art. 51 o concepto de Área de rehabilitación de centros históricos: “se entenderán como áreas de rehabilitación de centros históricos los núcleos urbanos y ciudades históricas declaradas o no Bien de Interés Cultural o categoría similar de la legislación autonómica y aquellos que tengan incoado expediente para obtener las citadas declaraciones, previo acuerdo con el Ayuntamiento afectado, y acogidas a las ayudas económicas correspondientes mediante acuerdo de la Comisión bilateral de Seguimiento a la que se refiere el artículo 78.c) de este Real Decreto, con participación del ayuntamiento correspondiente. Si están declaradas Bien de integres cultural o categoría similar deberán tener aprobado un plan especial de protección, conservación y rehabilitación de los previstos en la legislación estatal y autonómica de Protección del Patrimonio histórico o, si no lo tuvieran, habrán de disponer del mismo en los plazos establecidos en el mencionado acuerdo de la Comisión Bilateral de Seguimiento.”

Polo mesmo Real Decreto as Áreas de rehabilitación integral ARI de Casco Vello de Vigo e Barrio Histórico de Bouzas pasan a ser Areas de Rehabilitación de Centro Histórico.

Na sección 4ª, Areas de Rehabilitación de Centros Históricos deste RD 801/2005 establécese a imposibilidade do financiamento das actuacións que supoñan o baleirado das edificacións.

O Decreto 157/2006, do 7 de setembro, publicado no DOG o 19 de setembro, de Rehabilitación e Renovación de Calidade de vivendas no medio rural e en

conxuntos históricos de Galicia establece o obxecto, ámbitos e a creación da cédula de rehabilitación de calidade así como as ordes de convocatoria e bases reguladoras destas axudas.

O 22 de setembro de 2006 publícase a Orde reguladora desta cédula de rehabilitación na que establecen as condicións dos inmobles e dos solicitantes de axudas, definicións de calidade, características e obxectos das rehabilitacións así como se anticipan as porcentaxes das axudas. Esta orde do 22 de setembro non fala en ningún momento dos importes das subvencións.

Na Orde do 12 de xuño de 2007 se convocan as subvencións coas indicacións dos importes a percibir polas subvencións das obras de rehabilitación con solicitude de cédula de rehabilitación.

A oficina de rehabilitación iniciou os tramites para modificar a ordenanza que regula as axudas contempladas no Plan Vivenda 2005-2008 antes de ser coñecidas estas axudas, en especial as referidas as contías económicas.

O feito de ser considerados Centros Históricos aos efectos de tramitación das axudas de Rehabilitación tamén foi indicado despois de seren iniciados os tramites, así pois os cambios non afectan neste caso aos importes pero si as opcións do tipo de rehabilitación (baleirados especialmente e o feito de non ser posible a venda da vivenda rehabilitada).

Sendo que as axudas de Conxuntos Históricos da Xunta de Galicia (Decreto 157/2006) anticipábanse como compatibles e complementarias ás habitualmente tramitadas por esta oficina, e ante os novos requirimentos desta subvención, moitos dos solicitantes das axudas vense prexudicados.

Debemos sinalar que os coeficientes ponderadores dos niveis de protección establecidos nos respectivos PEPRIs e utilizados no cálculos das axudas da ordenanza en vigor son claramente prexudiciais para aquelas actuacións que non poden acceder á tramitación da cédula de rehabilitación e por tanto ao acceso a solicitar a axuda contemplada nas ordes de convocatoria de subvención de carácter anual que convoca a Xunta de Galicia.

A imposibilidade de acceder a esta axuda complementaria e, sobre todo, nas actuacións referidas aos elementos comúns das edificacións, sen esquecer o impedimento ao acceso a novas axudas nun período de 10 anos nas axudas ARCH é polo que se propoñen as modificacións desta ordenanza.

As actuacións con axudas ARI anteriores non poden acceder ata pasados 10 anos (fases anteriores) ás novas convocatorias de ARCH e si poden acceder, pasados catro anos, á actuacións de cédula de rehabilitación. Así pois un cambio nas porcentaxes das axudas ARCH beneficiarían claramente ao proceso de rehabilitación destes Centros Históricos e por tanto á calidade de vida residencial dos veciños do Casco vello de Vigo e do Barrio Histórico de Bouzas.

A creación da Consellería da Vivenda e Solo fai que os convenios subscritos entre a Comunidade Autónoma de Galicia (IGVS) e o Ministerio da Vivenda sexan asinados

entre o nova Consellería da Vivenda e Solo e o Ministerio da Vivenda (antes M^a de Fomento).

A nova Corporación municipal xurdida das ultimas eleccións municipais, traslada á Concellería de Cascos Históricos as funcións de dirección da Oficina de rehabilitación polo que tamén se debe facer constar nesta ordenanza o cambio de competencias.

Proposta de variacións.

As variacións propostas con carácter xeral son as seguintes:

Modificación de características da área de rehabilitación, o título da nova ordenanza deba ser "ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS AREAS DE REHABILITACIÓN DE CONXUNTO HISTÓRICO DO CASCO VELLO DE VIGO E BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS". Así pois onde di ARI -area de rehabilitación integral- debe figurar Area de rehabilitación de Centro histórico- ARCH (toda a ordenanza). Onde di IGVS debe figurar Consellería de Vivenda e solo e onde di Ministerio de Fomento debe poñer M^a da Vivenda.

Os orzamentos protexibéis serán os aprobados polos técnicos da Delegación da Consellería da Vivenda sen o computo dos m² pois o RD801/2005 exige desta limitación (art. 12 e 17)

Mantemento do seu articulado e modificacións das porcentaxes á alza das cantidades respecto dos tipos de actuacións. (Especialmente o art. 10 e 17):

70% para vivendas unifamiliares sen contar os ingresos e o destino de uso (propio ou alugueiro) xa que logo non poden optar ás axudas de vivenda e comúns por separado.

70% para uso propio con ingresos inferiores o iguais a 21.000 euros IFP

60% para uso propio con ingresos inferiores o iguais a 33.000 euros IFP

50% para uso propio con ingresos superiores a 33.000 euros IFP

50% para aluguer

60% uso aluguer con antigüidade antes do 09.05.85

e o 70% para os elementos comúns na parte correspondente das cotas de participación (sempre falando das porcentaxes dos orzamentos protexibéis).

Elimínanse as fórmulas cos coeficientes ponderadores en función dos niveis de protección establecidos nos PEPRIs respectivos.(art.17)

Refórzase para unha mellor comprensión o artigo referido ao pagamento das axudas no tocante ao estar libre de débedas de carácter tributario tal e como establece a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (art. 25).

Completarase a disposición transitoria nº 1 do seguinte xeito: "Aos expedientes iniciados durante a vixencia da ordenanza municipal para a regulación das axudas á rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do

Casco vello de Vigo e Bouzas, aprobada en sesión plenaria do 29/05/2006 (BOP núm. 232, do 04/12/06) e sen finalizar unha vez entrada en vigor a presente ordenanza, aplicaráselles a normativa que resulte máis favorábel para os interesados/as."

Remárcase a prohibición de baleirados e derrubamentos parciais (art. 5 e 6) e elimínase a exclusión dos baixos (art.7)."

Desta proposta de modificación realizada pola Oficina de Rehabilitación deuse conta á Comisión de Avaliación das Axudas, que se reuniu o 25 de outubro de 2007 e que acordou por unanimidade incoar o correspondente expediente. A Comisión está integrada por técnicos e polos delegados de Barrios Históricos e de Patrimonio Histórico.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

A modificación dunha ordenanza municipal terá que cumprir os mesmos trámites procedementais que os requiridos para a súa aprobación. A tal efecto, o artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, establece o seguinte procedemento:

- a) *"Aprobación inicial polo Pleno (neste caso a proposta do Consello da Xerencia).*
- b) *Información pública e audiencia ós interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.*
- c) *Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.*

No caso de non se ter presentado ningunha reclamación ó suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional."

Unha vez aprobada definitivamente, deberá publicarse nos termos regulados no art. 70 da mesma Lei."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 15 de novembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta, previa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 19 de novembro, prestou a súa aprobación ó proxecto de modificación da ordenanza.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Molares Pérez)

INTERVENCIÓN DA SRA. MAURE NOIA: Querería explicar un pouquiño ó que se debe

esta modificación da ordenanza.

Esta ordenanza é para desenvolver os convenios asinados entre a Consellería da Vivenda e o Solo e o Concello de Vigo no marco do Plan Vivenda 2005-2008. É practicamente a mesma ordenanza que tiñamos ata agora para o Casco Vello e o Pepri de Bouzas pero as modificacións refírense á adaptación ós últimos decretos para o desenvolvemento do Plan Vivenda co fin de acadar que o intervalo de axuda poida abranguer todas as casuísticas que ata agora viña axudando.

Sinxelamente dicir que é para que o intervalo de xente que poida pedir a axuda non se vexa diminuído polos novos decretos de desenvolvemento do Plan Vivenda.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membro presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas, fixando a súa redacción de acordo co texto refundido final que se transcribe ó final deste acordo. (Expte. 2758/407).

Segundo.- Abrir un trámite de información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante publicación de anuncio no BOP de Pontevedra e nun xornal dos de maior difusión na provincia.”

TEXTO REFUNDIDO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN DO CENTRO HISTÓRICO DO CASCO VELLO DE VIGO E BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I. En desenvolvemento dos convenios asinados entre a Consellería de Vivenda e o Solo e o Concello de Vigo, régulanse nesta ordenanza os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas no Casco Vello de Vigo e no Barrio Histórico de Bouzas.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de

vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral do barrio histórico, tanto na súa dimensión física como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen complementar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións da Oficina Municipal de Rehabilitación de Vivenda do Concello de Vigo.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da Área de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) do Casco Vello de Vigo e Centro Histórico (ARCH) de Bouzas e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As prioridades para seleccionar as solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de minusvalías e a atención aos supostos de insolvencia económica. En todo caso, para garantir unha xusta distribución dos fondos dispoñíbeis, as administracións públicas implicadas estudarán de forma coordinada e conxunta cada solicitude individual de rehabilitación.

IV. Por outra banda, para garantir a efectiva revitalización dos usos residenciais e contribuír á súa diversificación funcional, a ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.

V. Na redacción desta ordenanza se tivo en conta o disposto na vixente L. 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicábel ás entidades que integran a Administración Local e, en tanto que norma reguladora das bases de concesión das subvencións, nela concréntanse os extremos indicados no seu artigo 17.3.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1.- Esta ordenanza regula o desenvolvemento e execución dos convenios subscritos entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) do Casco Vello de Vigo e Centro Histórico (ARCH) de Bouzas, dentro do marco establecido polo RD 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, e D. 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se estableceron axudas públicas en materia de vivenda na comunidade autónoma de Galiza.

2.- Ademais, esta ordenanza será de aplicación ao desenvolvemento dos sucesivos convenios que se subscriban entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo no marco de futuros plans de vivenda e solo.

Artigo 2. Principios xerais

A xestión das subvencións reguladas nesta ordenanza realizarase de acordo cos

principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e rexeráse polas seguintes normas:

- 1.- Pola Lei 38/2003 xeral de subvencións. RD 887/2006 do 21/07/06 polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e normas concordantes.
- 2.- Pola presentes normas.
- 3.- Pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos aspectos non previstos nas anteriores normas.
- 4.- Polas bases de execución dos orzamentos do Concello.

Artigo 3.- Carácter das axudas

As axudas previstas nestas normas terán o carácter de subvención a fondo perdido e serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva con convocatoria aberta.

Artigo 4.- Ámbito territorial

O ámbito territorial desta ordenanza é o da Area de Rehabilitación de Centro Histórico (ARCH) do Casco Vello de Vigo, declarada pola Conselleira de Cultura e Deporte o 22.08.06 e coincidente coa delimitación do PERI Casco Vello segundo o Anexo I e II do Decreto 136/2006 do 27 de xullo polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de conxunto histórico, a zona vella da cidade de Vigo; e o da ARCH de Bouzas de Vigo, declarada polo conselleiro da CPTOPV o 22.04.03 e coincidente coa delimitación do vixente PEPRI Bouzas, asimilado a Conxunto Histórico polo seu Plan Especial, segundo o artigo 51 do RD 801/2005. Poderán establecerse novos ámbitos de aplicación a outras áreas de rehabilitación, logo de se aprobaren polo procedemento establecido para o efecto.

Artigo 5.- Tipos de actuación

As disposicións desta ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

Rehabilitación de edificios. Actuacións de conservación, restauración, rehabilitación, remodelación, reestruturación e derrubamentos parciais en edificios con uso residencial que comporten o acaemento estrutural e funcional dos devanditos edificios. Actuacións que supoñen o baleirado interior da edificación non serán obxecto de financiamento (art. 60.3 do RD 801/2005).

a) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender de xeito prioritario á mellora das condicións de habitabilidade relativas á distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalación

de cociña ou doutros servizos de carácter xeral.

b) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:

- A instalación de ascensores.
- As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
- A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
- O acaemento de accesos e circulación para uso de minusválidos.

Artigo 6.- Características das axudas económicas

1.- As axudas económicas abeiradas aos convenios citados no artigo 1 desta ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 4.

2.- As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (Oficina de Rehabilitación).

3.- Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación e os baleirados.

4.- A anterior orde de prioridades aplicarase de xeito tal que se poidan realizar actuacións en todos os niveis.

CAPÍTULO SEGUNDO. FINALIDADE DAS AXUDAS

Artigo 7.- Conformidade co planeamento

1.- Os inmóbeis e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións da normativa aplicábel en cada momento ou ben acadar a súa conformidade unha vez rematadas as obras obxecto das axudas.

2.- Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento vixente, para adaptalos ao dito planeamento. Nestes supostos, reducirase nun 25% a contía das axudas que lles fosen de aplicación segundo a ordenanza.

Artigo 8.- Condicións dos inmóbeis

1.- Os edificios deberán contar como mínimo con 2/3 da súa superficie útil destinada a uso de vivenda, despois de realizadas as actuacións de rehabilitación. Exclúense do cómputo as superficies por baixo da rasante.

2.- Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade

estrutural e construtiva, de subministración eléctrica e/ou de acaida funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

3.- As actuacións en vivendas deberán atender de xeito prioritario á mellora das condicións de habitabilidade relativas a distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalacións de cociña ou doutros servizos de carácter xeral. Non se protexerán obras de acabados cuxa finalidade sexa puramente decorativa. En todo caso, as vivendas deberán localizarse en edificios que reúnan as condicións sinaladas no punto anterior.

4.- Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ao inmóbel por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

5.- Os inmóbeis deberán ter unha antigüidade maior de 15 anos, agás cando se trate de adaptacións para uso de persoas minusválidas ou cando as obras sexan necesarias para adaptar as instalacións á normativa técnica aplicábel.

Artigo 9.- Beneficiarios

1.- Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente.

2.- Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso das ocupar eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisíbel, sempre que sexa como residencia habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos seis meses desde que finalizasen as obras e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no devandito prazo, que poderá ser prorrogado até un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta.

3.- Non se poderán vender ata pasados cinco anos desde a finalización das obras (art. 54 do RD 801/2005 do 1 de xullo e art. 53 do D 18/2006 do 26 de xaneiro).

4.- Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre eles. Será entón de aplicación o disposto sobre a ocupación no apartado 2 deste mesmo artigo, ben se trate de vivendas ben de locais de negocio.

5.- Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de elementos comúns dos edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre estes.

6.

CAPÍTULO TERCEIRO. PROGRAMAS DE ACTUACIÓN

Artigo 10.- Contías das axudas

1.- A contía máxima das subvencións determinarase en función dos ingresos familiares ponderados (IFP) dos solicitantes cando estes teñan constituída a súa residencia habitual e permanente nas vivendas a rehabilitar ou estas se rehabiliten con tal fin, aplicando os seguintes tipos de subvención:

IFP ≤ 21.000 euros. Tipo de subvención: 70%.

IFP ≤ 33.000 euros. Tipo de subvención: 60%.

IFP > 33.000 euros. Tipo de subvención: 50%.

Por ingresos familiares considerarase a contía da parte xeral e especial da base impoñíbel reguladas nos artigos 38 e 39 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente á declaración (ou declaracións) presentada por cada un dos membros da unidade familiar relativa ao período impositivo inmediatamente anterior (con prazo de presentación vencido) ao momento da solicitude das axudas. A devandita contía multiplicarase por un coeficiente en función do número de membros da unidade familiar. O valor do coeficiente fíxase na disposición adicional segunda desta ordenanza.

2.- Cando se trate de elementos comúns de edificios, o tipo de subvención será o 70% da porcentaxe do orzamento protexíbel.

3.- Cando os solicitantes non teñan a condición de usuarios das vivendas a rehabilitar, a subvención será do 50%.

4.- Cando os solicitantes sexan propietarios de vivendas a rehabilitar que estean arrendadas con contratos anteriores ao 9 de maio de 1985, a subvención será do 60%.

5.- Cando se trate dunha vivenda unifamiliar a subvención será do 70%.

6.- Os niveis de ingresos familiares ponderados contidos no apartado 1 revisaranse no mes de xaneiro de cada ano, aplicando a variación porcentual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo no período de 12 meses inmediatamente anteriores.

7.- En calquera caso a contía máxima da subvención non poderá exceder de 12.000€ por vivenda.

8.- En actuacións nos elementos comúns a subvención máxima non poderá exceder de 7.000 € por vivenda ou local subvencionado.

Artigo 11.- Programa complementario de actuacións

1.- Establécese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou no acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñíbeis e á acreditación da

situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.

2.- Será condición *sine qua non* para acollerse a este programa que se recoñeza a necesidade de acaemento á habitabilidade por parte dos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

3.- As axudas irán dirixidas exclusivamente á instalación, adecuación de cociñas e/ou baños, eliminación de humidades, adecuación de pezas habitábeis ou instalacións especiais para o uso de persoas afectadas por minusvalías.

4.- O orzamento protexíbel da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

5.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acometer as obras necesarias.

6.- Requisitos:

- Xustificante de ingresos de cada unha das persoas que conviven permanentemente na vivenda.

- Fotocopia da última declaración do IRPF, declaración de patrimonio ou certificado negativo de Facenda.

Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro do Concello de Vigo.

Calquera outro documento que poida solicitarse para os efectos de cualificar a actuación como extraordinaria.

7.- Contía das axudas:

As axudas previstas para a rehabilitación centraranse nos seguintes puntos:

a) Establécese unha subvención a fondo perdido do 80% do orzamento protexíbel das obras de rehabilitación que se realicen. Esta subvención pode chegar ao 100%, sempre que exista partida orzamentaria para isto e estea avaliado segundo os criterios anteriormente establecidos.

b) Poderase resolver o outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

Artigo 12.. Orzamento protexíbel

1.- Por orzamento protexíbel entenderase o presuposto xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O devandito orzamento será o resultado de lle engadir ao orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

2.- Revisión de prezos:

- O Orzamento presentado será revisado segundo a base de prezos da Xunta de Galicia.

- Excluíranse mobiliario, elementos decorativos, carpintarías de aluminio e forxados de formigón; agás informe favorábel da Oficina de Rehabilitación.

3.- Contía mínima do orzamento protexíbel por vivenda.

- Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas que contén cun orzamento protexíbel superior a 2.000 euros por vivenda.

4.- Contía mínima do orzamento protexíbel por edificio e comúns.

- Só se considerarán actuacións protexíbeis aquelas en que o orzamento protexíbel exceda 2.000 euros por edificio e 500 euros por vivenda.

5.- Contía máxima de orzamento protexíbel.

a) Rehabilitación de vivendas en edificios colectivos.

Contía máxima do orzamento protexíbel por vivenda será a aceptada polos técnicos da Delegación provincial da Consellería da Vivenda e Solo.

Cando a actuación supoña a modificación da superficie útil destinada a vivendas ou ao número destas, o orzamento protexíbel calcularase tendo en conta a superficie e o número de vivendas que resulte despois de realizadas as obras de rehabilitación consonte o seu proxecto.

b) Rehabilitación de elementos comúns de edificios.

Contía máxima de orzamento protexíbel por edificio será a aceptada polos técnicos da Delegación provincial da Consellería da Vivenda e Solo.

2.- Cando da rehabilitación dos elementos comúns dos edificios se deriven necesariamente obras que afecten ás vivendas, poderá incluírse o seu custo no orzamento protexíbel da devandita actuación.

c) Rehabilitación de edificios dunha soa vivenda.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por edificio dunha soa vivenda o inmóbel que alberga exclusivamente unha vivenda familiar con omisión de calquera outro tipo de uso, agás despacho profesional ou pequeno taller integrado nela.

Contía máxima do orzamento protexíbel será a aceptada polos técnicos da Delegación provincial da Consellería da Vivenda e Solo e non se lle terá en conta os ingresos familiares ponderados, sendo a contía do 70% do orzamento protexíbel.

d) Rehabilitación de elementos especiais e de interese arquitectónico.

Axudas especiais.

Dentro das actuacións previstas nos apartados anteriores pódense solicitar axudas para a rehabilitación, restauración ou reposición de elementos especiais e de interese arquitectónico tales como: galerías e miradoiros de madeira, ferraxes e traballos de forxa singulares, cristaleiras e chumbados, traballos especiais da pedra, motivos decorativos relevantes e en xeral elementos de singular interese arquitectónico.

As axudas especiais poderán acadar un máximo do 50% do custo da intervención

no elemento de que se trate. A súa concesión implicará a minoración do orzamento protexíbel para os efectos das restantes axudas, polo importe do custo da intervención no elemento.

CAPÍTULO CUARTO. REQUISITOS XERAIS

Artigo 13.- Requisitos xerais

Para os efectos de obter as axudas previstas na ordenanza será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1º.- As obras contarán coa preceptiva licenza municipal de obras nas que se faga constar a descrición de todas as obras a executar.

2º.- A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

3º.- As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

Artigo 14.- Límites xerais das axudas

As axudas económicas previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicábel prevexa e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

Artigo 15. Compatibilidade das axudas

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 100% do orzamento protexíbel.

CAPÍTULO QUINTO. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 16.- Normas xerais

1.- A iniciación do procedemento realizarase mediante a aprobación da correspondente convocatoria que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da Lei xeral de subvencións.

2.- O procedemento realizarase mediante convocatoria aberta a través de dúas resolucións anuais e conforme o establecido no artigo 59 do RD 887/2006 de 21/07/06 polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

3.- A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

4.- As propostas serán realizadas por unha Comisión Avaliadora que estará integrada polo titular da delegación de competencias, o concelleiro de Cascos Históricos ou o quen o substitúa nesa competencia, que a presidirá, o interventor, o secretario, o director dos Servizos Centrais, todos eles da Xerencia de Urbanismo, e o director da Oficina de Rehabilitación, que actuará como relator da comisión. Os titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da Comisión.

5.- A resolución dos expedientes corresponderá ao órgano que teña a competencia para autorizar o correspondente gasto, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora.

6.- O prazo para acordar a aprobación inicial da axuda será cinco meses. Transcorrido o citado prazo sen que se notifique a resolución que poña fin ao expediente, o interesado poderá entender desestimada a petición para os pertinentes efectos.

Artigo 17.- Procedemento

1.- As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación presentaranse en instancia normalizada que se facilitará nas dependencias da Oficina de Rehabilitación, por calquera dos medios establecidos no artigo 38 Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.- Poderanse presentar durante os prazos de vixencia dos convenios asinados entre o Concello de Vigo e a Consellería de vivenda e Solo, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.

3.- O petionario/a deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ao inicio das obras subvencionables. Alén diso, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar ao petionario/a sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmóbel.

Xunto coa solicitude oficial das axudas presentarase toda a documentación necesaria establecida no artigo 18.

4.- Realizada a visita de inspección e o informe que define previamente as obras para realizar, o particular poderá solicitar da Oficina Municipal de Rehabilitación, mediante impreso oficial normalizado, a prestación dos servizos de redacción da documentación técnica precisa para a obtención de licenza de obras e a dirección facultativa das obras.

Estas solicitudes de asistencia técnica serán aceptadas, en función dos medios e recursos dispoñíbeis, nos seguintes casos:

a) De axudas solidarias previstas na disposición adicional terceira.

- b) De promocións tuteladas que o Concello promova segundo o establecido na disposición adicional cuarta.
- c) De interese como obxecto de prácticas de formación que promova a Oficina Municipal de Rehabilitación.
- d) De obra menor.
- e) Doutras solicitudes consideradas de interese xeral.

As solicitudes de asistencia técnica aceptadas pola Oficina Municipal de Rehabilitación serán atendidas por rigorosa orde de rexistro.

En todo caso, tanto a redacción de documentación para a obtención de licenza como a dirección facultativa das obras serán realizadas por técnicos con capacitación profesional e habilitación legal abondas e axeitadas ás características das obras que se deban acometer. De ser o caso, o Concello establecerá os procedementos de contratación das asistencias técnicas necesarias mediante convocatoria pública.

5.- As axudas outorgaranse de acordo cos seguintes criterios:

1.- Obras rematadas con anterioridade á publicación das presentes bases, que non obtiveron axuda por se teren esgotados os créditos dispoñíbeis previstos en anteriores convocatorias.

2.- Antigüidade da solicitude.

Artigo 18.- Solicitude oficial de axuda e documentación

Realizada a visita de inspección e obtida a licenza de obras correspondente, as solicitudes de axudas económicas presentaranse en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

1.- Documentación relativa ao solicitante.

- Fotocopia do DNI do solicitante e, de ser o caso, do seu representante.

- Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ao seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.

- Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar: será obrigada esta documentación para a tramitación de todas as axudas reguladas nesta ordenanza, a no ser que se opte pola contía mínima das axudas.

2.- Documentación acreditativa da titularidade do inmóbel.

a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda,

certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmóbel.

b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario/a ou polo inquilino/a, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario/a e o inquilino/a no que se faga constar a descrición das obras e a autorización do propietario/a para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixíbel e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

3.- Documentación relativa ao destino da vivenda.

a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

4.- Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta ordenanza.

5.- Licenza das obras para as que se solicita axuda.

A presentación da solicitude de subvención implica a aceptación das bases e obrigas establecidas na presente norma, así como a autorización para acadar os datos en poder das administracións públicas que sexan necesarios para a tramitación da solicitude (certificación expedida polo tesoureiro municipal que acredite que se encontran ao día nas súas obrigas fiscais do Concello).

Artigo 19.- Aprobación inicial das axudas

1.- Achegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda e logo dos informes oportunos, o órgano que ostente a atribución para autorizar o gasto, tras a proposta da Comisión Avaliadora, resolverá sobre a concesión inicial das axudas. Esta aprobación inicial terá a condición de acto de trámite necesario para a obtención das axudas.

2.- No caso de que as obras, visitadas e supervisadas previamente polos técnicos da oficina, estivesen rematadas, no momento de elevar o expediente ao órgano competente para a súa aprobación, acordarase conxuntamente a aprobación inicial e definitiva das axudas.

3.- Unha vez recibida a comunicación da aprobación inicial, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación; o cal deberá permanecer até o cobro total das axudas solicitadas.

Artigo 20. Contratación das obras

1.- Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

2.- Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado polas partes.

Artigo 21.- Inicio das obras

1.- As obras deberán iniciarse no prazo máximo de dous meses a partir da notificación da aprobación inicial da subvención. O devandito prazo poderá prorrogarse polo mesmo prazo, logo de solicitude xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente tras trámite de audiencia ao interesado/a.

2.- O solicitante promotor das obras comunicaralle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as empresas que interveñen e o importe do orzamento de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

3.- Obriga de manter colocado o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación durante a execución das obras e até o cobro total das axudas solicitadas.

Artigo 22. Execución das obras

1.- As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión inicial das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demanda o promotor solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder a súa duración do tempo prescrito para o prazo orixinal.

2.- A interrupción das obras por un prazo superior aos tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas inicialmente concedidas.

3.- As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación que, en todo caso, deberán estar amparadas pola correspondente licenza urbanística.

4.- A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo o caso, supervisar de oficio as obras sempre

que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

5.- Coa finalidade de garantir o axeitado seguimento das obras, a solución de posíbeis incidencias e a coordinación entre o solicitante das axudas, a Oficina de Rehabilitación e as empresas executoras das obras, nomearase un representante único encargado da coordinación co técnico da Oficina encargado do seguimento.

Artigo 23.- Remate das obras

1.- Finalizadas as obras tramitarase a aprobación definitiva da axuda logo da presentación da documentación redactada polo seu técnico director e as facturas correspondentes, co fin de que os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redacten o correspondente informe no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións.

2.- En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

Artigo 24.- Aprobación definitiva das axudas e criterio de outorgamento

1.- A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación inicial, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ao órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

2.- O criterio para outorgar as axudas será a data da presentación da solicitude de outorgamento definitivo, coa documentación completa.

3.- De acordo previamente entre as partes o beneficiario das axudas, poderá autorizar, mediante a tramitación do correspondente endoso e procedemento establecido, a percepción do importe da subvención por parte da empresa adxudicataria das obras.

Artigo 25.- Pagamento das axudas

As axudas concedidas inicial e definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que a CVS emita o documento de cualificación definitiva así como se xustifique o libre de débedas de carácter tributario coas administracións implicadas na subvención (Administración local, Facenda da Xunta, Axencia Tributaria e Seguridade Social).

Artigo 26.- Causas de denegación e perda das axudas

As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas aos solicitantes ou aos inmóbeis para rehabilitar.

- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin amparadas por licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico-construtiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmóbel.
- e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación inicial ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou obstaculización do acceso ás obras aos técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.

Artigo 27.- Reintegro das subvencións

- 1.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos e co procedemento que se establecen nos artigos 37 e ss. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.
- 2.- Por infracción urbanística: A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmóbeis obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios/as, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impor.
- 3.- Pola execución de obras de calquera tipo sen contar coa preceptiva licenza, no prazo de cinco anos dende a aprobación definitiva.
- 4.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Módulo unitario de rehabilitación

- 1.- O Módulo Unitario de Rehabilitación (MUR) para o ano 2006 fíxase en 400 € por metro cadrado útil, para obras maiores, e 190 € por metro cadrado útil, para obras menores.
- 2.- En anos sucesivos poderase revisar este MUR, segundo o que acorde en tal sentido a Comisión Avaliadora.
- 3.- Para os expedientes de axuda de anos pasados, iniciados, aprobados inicial ou definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta ordenanza, permanecerán vixentes os módulos acordados pola Comisión de Seguimento.

SEGUNDA.- Coeficientes ponderadores

1.- A ponderación dos ingresos familiares realizarase multiplicándoos polos seguintes coeficientes:

Número de membros da unidade familiar	Coeficiente
2	0,90
3	0,75
4	0,65
5	0,55
6	0,50

Por cada membro adicional a partir de seis, o valor da ponderación reducirase en 0,05.

O coeficiente correspondente a unha persoa que non estea integrada na unidade familiar será 1.

En caso de que o solicitante ou algún dos membros da súa unidade familiar teña a condición de minusválido, nos termos establecidos pola lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicarase o coeficiente correspondente ao tramo seguinte ao que correspondería pola súa composición familiar.

TERCEIRA.- Outros convenios

Mediante convocatorias específicas poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmóbeis destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas.

CUARTA.- Promocións tuteladas

1.- O Concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en aluguer de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.

2.- Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o aluguer das súas partes.

3.- A dispoñibilidade e selección dos inmóbeis serán establecidas mediante convocatoria pública, ao igual que a oferta de aluguer das vivendas ou locais.

QUINTA.- Axudas a locais comerciais e outras actividades económicas

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas no barrio histórico.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1.- Aos expedientes iniciados durante a vixencia da ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas, aprobada en sesión plenaria do 29/05/2006 (BOP núm. 232, do 04/12/2006) e sen finalizar unha vez entrada en vigor a presente ordenanza, aplicaráselles a normativa que resulte máis favorábel para os interesados/as.

2.- Non obstante, as contías das axudas previstas nesta ordenanza unicamente serán aplicábeis ás actuacións sometidas ao réxime do RD 801/2005, do 1 de xullo, polo que se aproba o Plan Estatal 2005-2008, para favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda. Para as suxeitas ao anterior Plan cuadrienal de vivenda e solo 2002-2005 (RD. 1/2002) continuarán vixentes as contidas na ordenanza municipal do ano 2002.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente e substitúe a ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas áreas de rehabilitación integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas, aprobada en sesión plenaria do 29/05/2006 (BOP núm. 232, do 04/12/2006).

DISPOSICIÓN FINAL

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e reixerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

5.- (150).- PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO. INTERPRETACIÓN DA ORDENANZA 7 DA ZONA DE EQUIPAMENTO COMERCIAL E DESESTIMENTO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 4. EXPTE. 10476/411.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de novembro o director da área de Planeamento e Xestión e máis o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo

S. Ordinaria 26.11.07

informan do que segue:

"FEITOS

1.- O Plan Parcial do Parque Tecnolóxico aprobouse definitivamente por acordo plenario municipal do 26/03/2001 (expte: 4959/411), en desenvolvemento dun sector de solo urbanizable delimitado no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93), trala súa modificación puntual do 29/09/2000 (expte: 4868/411).

2.- O proxecto de urbanización correspondente a este plan parcial aprobouse definitivamente por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 21/06/2001, clarexado por acordo posterior do 30/08/2001 (expte: 4281/401).

3.- No 16/05/2002 o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación do Parque Tecnolóxico (expte. 4292/401).

4.- En datas respectivas 29/09/2003, 28/06/2004, 26/07/2005 e 30/01/2006, o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente as modificacións puntuais núms. 1, 2 e 3 do Plan Parcial (exptes. 8265/411, 8781/411 e 9353/411).

5.- O 16/03/2004 o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFBV) solicitou a modificación puntual do Plan Xeral para ampliación do Parque Tecnolóxico (expediente 8943/411, modificación puntual nº 29 do PXOU). Solicitados os informes preceptivos previos á aprobación inicial e notificado o CZFBV o expediente arquivouse por acordo plenario do 27/07/2006 (BOP 19/09/2006 e DOG 05/10/2006), entendendo que dita ampliación incorporárase á revisión do PXOM en tramitación.

6.- En data 30 de abril de 2007 presentouse na Xerencia Municipal de Urbanismo un escrito do Delegado do Estado no CZFBV no que solicitou a tramitación e aprobación da modificación puntual núm. 4 do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valladares (PTL). Achegou con el un proxecto composto de "Memoria informativa" e "Memoria xustificativa" asinadas pola Directora de Xestión do Solo do CZFBV D^a Rosa María Eguizábal Gándara, así como planos subscritos polo enxeñeiro D. Roberto Aya Duarte.

Maniféstase na solicitude que ten a súa causa na previa petición da maioría dos propietarios das parcelas con aproveitamento lucrativo no PTL, de modificación da ordenanza núm. "7" do Plan Parcial, a fin de ampliar os usos permitidos na mesma, de xeito que nas parcelas de equipamento comercial reguladas na ordenanza, ademais das actividades permitidas coa redacción actual, se permitan outras relacionadas co sector servizos.

7.- No 13/06/2007 o arquitecto director da Área de Planeamento e o Secretario da Xerencia emitiron un informe ao respecto. A continuación concedéuselle un trámite de audiencia por 15 días ao CZFBV a fin de que examinase o expediente e presentase as alegacións que considerase pertinente na defensa dos seus dereitos.

En data 12/11/2007 o CZFV interpuxo un novo escrito no que, á vista do anterior informe, manifestou por unha banda a súa vontade de desistir da modificación puntual promovida e pola outra solicitou se ditase un acordo aclaratorio expreso no senso de considerar incluídos nos usos permitidos pola ordenanza 7 do Plan Parcial os de restauración e hostalería.

INFORME/VALORACIÓN

I.- O Plan Parcial aprobado definitivamente, seguindo o texto refundido resultante das tres modificacións anteriores, contén unha zonificación coas seguintes ordenanzas particulares:

- Ordenanza 1: Zona de industria loxística
- Ordenanza 2: Zona de industria xeral
- Ordenanza 3: Zona de investigación e desenvolvemento.
- Ordenanza 5: Zona de equipamento deportivo
- Ordenanza 6: Zona de equipamento social
- Ordenanza 7: Zona de equipamento comercial
- Ordenanza 8: Zona de equipamento privado
- Ordenanza 9: Espazos libres de uso público
- Ordenanza 10: Espazos libres de uso privado
- Ordenanza 11: Servizos urbanos

A regulación de usos admitidos en cada unha destas zonas establécese nas súas propias ordenanzas particulares, na regulación de usos do Plan parcial (art. 12 da normativa) e, en último caso, na normativa xeral de usos do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29/04/1993 (PXOU-93).

No que atinxe ao uso de “lugares de reunión” (categoría de uso que abrangue tanto no Plan Xeral como no Plan Parcial os usos de restauración e hostaleiros) autorízanse expresamente só na ordenanza “6” da zona de equipamento social, e na zona “8” de equipamento privado .

O uso de oficinas autorízase nas zonas de ordenanzas “1”, “2”, “3”, “5” “6”, “7” e “8” que supón máis do 50% da superficie do ámbito do Plan Parcial.

II.- A reserva mínima para usos de equipamento comercial e social estableceuse no Plan parcial aprobado de acordo co disposto no artigo 11 do RD 2159/1978, aprobatorio do Regulamento de Planeamento, que esixía un mínimo dun 4% para equipamentos, descomposto en 2% para parque deportivo, 1% para equipamento social e 1% para equipamento comercial. Esta mesma reserva do 4% para outros equipamentos figura tamén recollida na ficha do PXOU-93

III.- A solicitude de modificación puntual presentada polo CZFV afecta unicamente á ordenanza núm. “7” da zona de equipamento comercial do Plan Parcial. Propón a ampliación dos usos autorizados en dita ordenanza, engadindo os usos de restauración e de oficinas.

No aptdo. “3” da memoria do proxecto preténdese xustificar dita modificación na

irregular localización das parcelas de equipamento privado e na imposibilidade de desenvolver determinadas actividades de servizos necesarios para o PTL nas parcelas de equipamento comercial.

IV.- No que ao concreto uso de “restauración e hostalería” se refire, o seu encaixe no “uso global comercial”, ao que remite a ordenanza específica da zona de equipamento comercial non debería ter dificultades, xa que se trataría indubidablemente dun equipamento ao servizo do uso principal do Parque (de innovación e industria), e tratase igualmente dun servizo terciario destinado ao subministro de mercancías ao público mediante á venda ao por menor.

Non obstante, esta interpretación, que podería entenderse que se solapa coa definición do “Uso global de lugares de reunión” (que é onde segundo o PXOU-93 se engloban normalmente os usos hostaleiros e de restauración e que non aparece especificamente autorizado na zona de ordenanza “7” do Plan Parcial), pode tamén defenderse neste caso dado o carácter de reserva dotacional do Plan Parcial.

V.- Non ocorre o mesmo co tocante á posibilidade de erixir edificios de uso exclusivo de oficinas nas parcelas de ordenanza comercial, como se pretende na proposta inicial de modificación presentada polo CZFV. O uso de oficinas é un uso autorizable, segundo a normativa do Plan Parcial, como uso complementario do uso principal de innovación e industrial, tolerándose en case todas as zonas de ordenanza. Pero se as parcelas de equipamento comercial e social se adican a un uso exclusivo de oficinas podería perderse a reserva de equipamento prevista no Plan Parcial. De todos os xeitos, á vista do último escrito do CZFV de desestimento da súa petición de modificación puntual do Plan Parcial, non procede xa ditar ningún acordo ao respecto.

VI.- Consonte co sinalado no anterior informe do 13/06/2007 resulta posible emitir un acordo aclaratorio das ordenanzas do vixente Plan Parcial do PTL, aos efectos do disposto no art. 21 Lei 30/1992, do 30 de novembro (LRXA-PAC), no senso de considerar que, polos motivos expostos, entre os usos autorizables nas parcelas de equipamento comercial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo segundo o Plan Parcial vixente se inclúen os usos de “restauración e hostalería”, como dotación ao servizo do Parque.

VII.- No referente ao desestimento do CZFV na súa petición de modificación puntual do Plan Parcial, procede aceptala de plano, de conformidade co disposto nos arts. 90 e 91 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC) e dado que non prexudica aos interese públicos.

VIII.- É competente para adoptar o acordo que agora se propón o Pleno municipal, de conformidade co disposto no art. 123.1.i) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL)."

Polo anteriormente exposto os informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de novembro, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aceptar o desestimento do Consorcio da Zona Franca de Vigo na súa solicitude do 30/04/2007 de modificación puntual núm. 4 do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (expte. 10476/411).

Segundo.- Interpretar a ordenanza núm. "7", sobre a "zona de equipamento comercial", do devandito Plan Parcial actualmente en vigor, no senso de considerar que admite entre os usos autorizables os de "restauración e hostalería", como dotación ao servizo do Parque Tecnolóxico e Loxístico.

Terceiro.- Publíquese este acordo no BOP e no DOG. Notifíquese ao Consorcio da Zona Franca de Vigo, coa advertencia de que contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

6.- (151).- NOMEAMENTO DE MEMBROS DA CORPORACIÓN PARA INTEGRAR A COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSIONES. EXPTE. 17851/220.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de novembro de 2007 a xefa da Unidade de Persoal emite o seguinte informe:

"O Pleno da Corporación, en sesión do 29 de xullo de 1996, adxudicou o concurso para a implantación dun plan de pensións ó persoal municipal, aprobándose o correspondente regulamento en sesión do 7 de outubro seguinte.

O dito regulamento do plan de pensións contempla, no seu artigo 34, "Comisión de control del plan", que está composta por trece membros, oito correspondentes ós partícipes e cinco correspondentes ó promotor.

O día 29 de novembro de 1999 tiveron lugar as eleccións para renovar los representantes que lle corresponden ós partícipes na comisión de Control do plan de pensións, polo que estes xa designaron ós seus representantes na mesma. Na

actualidade e con motivo das eleccións municipais que tiveron lugar o pasado 27 de maio de 2007, resta designar os representantes da Corporación Municipal en número de cinco.

Polo exposto, a xefa da Unidade de Persoal propón que se designen cinco membros da Corporación para formar parte da Comisión de Control do plan de pensións e posterior remisión ó Pleno Municipal co fin de designar como representantes da Corporación Municipal ós concelleiros propostos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de novembro, os grupos municipais quedan emprazados para formular as súas propostas de nomeamento na Xunta de voceiros previa ó Pleno.

A Xunta de voceiros, en sesión do 22 de novembro, propón ó Pleno o nomeamento das persoas que se indican na parte dispositiva.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Nomear representantes da Corporación Municipal na Comisión de Control do plan de pensións ós seguintes concelleiros:

- D. Antonio Martiño Gómez
- D. Carlos Comesaña Abalde
- D^a Raquel Díaz Vázquez
- D. Carlos López Font
- D. Francisco Xabier Alonso Pérez

7.- (152).- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DUN CONCELEIRO COMO PROFESOR ASOCIADO DA UNIVERSIDADE DE VALLADOLID.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de novembro, núm. 70126380, o concelleiro don Antonio Martiño Gómez solicita se lle conceda a compatibilidade para desempeñar o posto de profesor asociado a tempo parcial na Universidade de Valladolid.

Con data 15 de novembro o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe:

"Lexislación Aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.
- RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Antecedentes:

Mediante decreto de data 25.10.2007 a Alcaldía, a proposta da voceira do Grupo municipal do Partido Popular, resolveu que o concelleiro, D. Antonio Martiño Gómez, exerza as funcións correspondentes ó seu cargo en réxime de dedicación exclusiva cun importe retributivo de 48.271,59 €/ano.

O 13.11.2007 entrou no Rexistro Xeral escrito do devandito concelleiro no que solicita a compatibilidade das súas funcións coas que, como profesor asociado, desenvolve na Universidade de Valladolid.

De conformidade co art. 122.5.e) da LBRL corresponde a esta Secretaría Xeral o asesoramento legal do Pleno e das súas Comisións. A autorización de compatibilidade require un acordo que debe ser adoptado por este órgano municipal (art. 13.3, RD 2568/1986), en virtude diso emítese o seguinte,

INFORME

Sen prexuízo das "ocupacións marxinais" remuneradas sinaladas no art. 13.3 do RD 2568/1986 e da discutible vixencia dese precepto, o parágrafo segundo do art. 75.1 da LBRL advirte que no suposto de que os membros das Corporacións Locais exerzan o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva as súas retribucións serán incompatibles con outras con cargo ós presupostos das Administracións Públicas, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

O art. 4 da Lei 53/1984, advirte que ó persoal do seu ámbito de aplicación poderáselle autorizar a compatibilidade para o desenvolvemento dun posto de traballo na esfera docente como profesor universitario asociado nun réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e con duración determinada sempre e cando se cumpran as restantes esixencias da lei, é dicir, que o total das retribucións a percibir por ambos postos non supere as retribucións previstas para o cargo de director xeral e que tal total tampouco supere a do principal incrementada nun 30% (art. 7.1).

O réxime de incompatibilidades dos concelleiros con dedicación exclusiva non pode ter peor condición que o que a Lei 53/1984 prevé para o persoal incluído no seu ámbito de aplicación (art. 2), daí que o art. 75.1 da LBRL, para estes supostos de incompatibilidade, se remita en bloque ás previsións da Lei 53/1984 polo que cabe concluír que un concelleiro con dedicación exclusiva, ó igual que o resto do persoal das Administracións Públicas, pode desenvolver postos na esfera docente

universitaria como profesor asociado sempre e cando se cumpran os requisitos do art. 7.

Da petición formulada se desprende que o total das retribucións a percibir polo cargo e polo posto, 55.229,55 €/ano, non supera as que a Lei de Orzamentos prevé para o cargo de director xeral, 57.594,56 €/ano, por outra banda tal total é tamén inferior á retribución que o Sr. concelleiro percibe pola súa dedicación exclusiva incrementada esta nun 30% (62.752,00 €/ano), isto no suposto de que o desenvolvemento do cargo de concelleiro de Vigo en réxime de dedicación exclusiva se asimile a funcións correspondentes ó grupo funcional A. Cómprese polo tanto os requisitos do art. 7.

Conclusión: Non existe ningún impedimento legal para que o Pleno do Concello autorice a compatibilidade solicitada que non poderá ir en detrimento da súa dedicación na Corporación."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de novembro, ditamina na forma que figura na parte dispositiva deste acordo.

(Están ausentes os Sres. Guerra Fernández e Martiño Gómez e a Sra. Méndez Piñeiro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Autorizar a compatibilidade do concelleiro don Antonio Martiño Gómez, segundo os termos indicados no informe transcrito nos antecedentes deste acordo.

8.- (153).- INCREMENTO DE CONTÍA DA PARTIDA ORZAMENTARIA 121.0.150.0000 "PRODUTIVIDADE". EXPTE. 17792/220.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de outubro de 2007, a técnica de RRHH, o técnico de organización e maila xefa da Unidade de Persoal, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, informan do que segue:

"O Concelleiro-delegado da área de xestión municipal, con data 15 de outubro de 2007, ditou orde de servizo para que se proceda coa maior urxencia pola Unidade de Persoal á realización dos tramites administrativos necesarios para o

sometemento ao criterio do órgano competente da Excma. Corporación Municipal o incremento da partida orzamentaria 121.0.150.0000 “produtividade” pola contía necesaria para atender ás propostas de produtividades que poidan se realizar polos distintos servizos municipais ata fin do exercicio, con cargo a créditos non consumidos no Capítulo I do vixente orzamento prorrogado.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. As vixentes instrucións de plantilla aprobadas xunto coa relación de postos de traballo (RPT) constitúen normas xurídicas de carácter regulamentario, se ben de alcance limitado ao ámbito interno dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo. A instrución terceira establece que con cargo ao complemento de produtividade retribuirase o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desempeña as súas funcións. Sen prexuízo de que a Xunta de Goberno Local estableza no exercicio das competencias reservadas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, outros parámetros de asignación, retribuiranse con cargo a este concepto, en todo caso:

- A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía.
- O especial rendemento derivado dun posto de traballo de categoría superior por ausencia do seu titular, con dereito a seguir percibindo as súas retribucións, sempre que a súa duración sexa superior a un mes.
- A actividade extraordinaria derivada da toxicidade do persoal que traballa non habitualmente no vertedeiro do Zondal.
- A dedicación extraordinaria de traballos en réxime de xornada partida.
- A toxicidade do persoal adscrito ao Servizo de Desinfección que manipule produtos tóxicos e perigosos.
- A utilización de maquinaria pesada contemplada para os oficiais condutores.
- A actividade extraordinaria derivada da conducción dun vehículo lixeiro municipal non sendo oficial condutor.

- A actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación e desratización do Laboratorio Municipal.
- O persoal laboral antigamente adscrito ao Servizo de Limpeza e que prestou servizos no antigo vertedoiro do Zondal e na planta incineradora, con carácter transitorio.
- O especial rendemento e dedicación pola plena dispoñibilidade que se lle esixe ao persoal que presta servizos como condutor da Alcaldía.
- A dedicación extraordinaria do persoal adscrito ao Museo Municipal “Quiñones de León”, para recompensar o especial rendemento e dedicación esixible ao persoal adscrito ao Pazo-Museo que colabora co Departamento de Relacións Públicas nos preparativos de recepcións, casamentos e cerimoniais oficiais.
- Os programas de dispoñibilidade horaria que fose necesario acometer en atención a obxectivos de rendemento e optimización dalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno Local.
- A dedicación extraordinaria do persoal adscrito á Conserxería Municipal.
- O especial rendemento e dedicación extraordinaria do oficial condutor que presta servizos na Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Aquelas produtividades que se outorguen en atención a criterios obxectivos de asignación determinados pola Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, o aboamento daqueles complementos de produtividade recollidos en instrucións de plantilla resulta obrigado sempre que concorran os supostos fácticos xeradores dos mesmos, xa que o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/05/2005 aprobatorio das referenciadas instrucións goza da executividade propia daqueles actos que non teñen sido recorridos en prazo, recollida nos artigos 56 e 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, onde se sinala que os actos da Administracións Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán executivos con arranxo ao disposto na propia Lei, presumíndose válidos e producindo efectos dende a data na que se diten, salvo que neles se dispoña outra cousa, ou ben a salvo do previsto nos artigos 111 e 138 da referida Lei 30/1992 e naqueles casos nos que unha disposición estableza o contrario ou necesiten aprobación ou autorización superior.

II. Os devengos retributivos en concepto de produtividade forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24.c). Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento legislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 64.3 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, modificada por leis 3/1995 e 13/2007, onde se sinala que o complemento de produtividade está a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A súa contía global non poderá exceder dunha porcentaxe sobre os custos totais de

persoal de cada programa e de cada órgano que se determinará na Lei de Presupostos, sendo en todo caso as cantidades que perciba cada funcionario por tal concepto de coñecemento público dos demais funcionarios do departamento ou organismo interesado, así como dos representantes sindicais.

III. O artigo 93.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, consigna expresamente que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. No seu apartado 3, o mesmo artigo sinala que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus presupostos a contía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. En sentenza do Tribunal Supremo do 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Asemade, as propias instrucións de plantilla anteriormente descritas establecen expresamente (instrución terceira, parágrafo segundo) que lle corresponde ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Por último, o artigo 123.1.h) da referida Lei de Bases do Réxime Local –en canto que atribúe ao Pleno a competencia para a aprobación dos presupostos- reforza a competencia plenaria para autorizar o incremento da partida presupostaria 121.0.150.00.00-productividade en cantidade necesaria para facer fronte aos gastos que se poidan devengar ata finais do presente ano, sen prexuízo de que a operación económica da transferencia de crédito se materialice pola Alcaldía-Presidencia ex artigos 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercicio económico 2006.

Tendo en conta a existencia de diferentes prazas vacantes por xubilacións, baixas por invalidez, falecemento, excedencia voluntaria, servizos especiais, etc. e que as prazas incluídas na Oferta de emprego público de 2005, aprobada pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13 de xuño de 2005, que xa remataron o seu proceso selectivo, non tomaron posesión, no caso dos oficiais de oficios ata o día 7 de setembro de 2007 e están aínda sen rematar as prazas de auxiliares administrativos, administrativos, gardas e cabos da Policía Local, bombeiros e condutores bombeiros a día de hoxe, os seus créditos poden ser utilizados, a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente e con cargo ós postos e partidas que a continuación se detallan, ó obxecto de incrementar o saldo da partida de produtividade tal e coma dispón o concelleiro-delegado da área de xestión municipal na orde de servizo citada.

p.func	cent	servizo	rpt	cod. psto	postos	Nº	situación
121.0	111	ASESORÍA XURÍDICA	01	105	ADMINISTRATIVO	1	OEP 2005
121.0	110	SECRETARIA XERAL	01	26	XEFE servizo SECRETARIA	1	vacante

p.func	cent	servizo	rpt	cod. psto	posto	Nº	situación
					XERAL E ACTAS		
121.2	445	PARQUE MÓBIL	02	233	OFICIAL CONDUTOR	4	toma posesión 7 setembro 2007
121.2	445	PARQUE MÓBIL	02	233	OFICIAL CONDUTOR	1	toma posesión 7 setembro 2007
121.6	242	NºCONTR.E COMPRAS	01	105	ADMINISTRATIVO	1	OEP 2005
121.7	113	INFORMÁTICA	01	138	AUXILIAR	1	vacante
222.0	210	MOB. E SEGURIDADE	01	138	AUXILIAR	1	vacante
222.1	213	EXT. DE INCENDIOS	01	132	BOMBEIRO	4	OEP 2005
222.1	213	EXT. DE INCENDIOS	01	133	CONDUTOR BOMBEIRO	1	OEP 2005
222.1	213	EXT. DE INCENDIOS	01	132	BOMBEIRO	1	vacante
222.2	212	POLICÍA LOCAL	01	134	GARDA POLICÍA LOCAL	26	OEP 2005
222.2	212	POLICÍA LOCAL	01	126	CABO POLICÍA LOCAL	17	OEP 2005
432.0	420	INTV.URBANÍSTICA-OF.ADMINISTR.	01	105	ADMINISTRATIVO	1	vacante
432.6	446	MONTE P.E XARDINS	02	234	OFICIAL XARDINEIRO	4	vacante
463.3	225	NORM. LINGÜÍSTICA	01	138	AUXILIAR	1	OEP 2005
511.0	441	OF.ADM.V.E OBRAS-AB.E SANEAMENTO	01	105	ADMINISTRATIVO	1	OEP 2005
511.0	442	VÍAS E OBRAS	02	235	OFICIAL CARPINTEIRO	1	toma posesión 7 setembro 2007
511.0	442	VÍAS E OBRAS	02	236	OFICIAL ALBANEL	1	toma posesión 7 setembro 2007
511.0	442	VÍAS E OBRAS	02	249	OFICIAL FONTANEIRO	1	toma posesión 7 setembro 2007
611.0	140	INTERVENCIÓN	01	105	ADMINISTRATIVO	3	OEP 2005
					TOTAL PRAZAS	72	

Polo anteriormente exposto, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 12 de novembro o interventor xeral emite o preceptivo informe do xeito que segue:

"Remítese a esta Intervención Xeral proposta formulada pola Unidade de Persoal e conformada polo Sr. concelleiro delgado de Xestión, en relación ó asunto referenciado e, en cumprimento do establecido no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte :

INFORME:

A indicada proposta ten por finalidade someter a consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do Concello correspondente ó ano en que andamos para complemento de produtividade. A cantidade que se pretende ampliar, segundo se desprende da proposta, ascende a

S. Ordinaria 26.11.07

un máximo de 635.000,00 euros.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ó Pleno da Corporación, e isto a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Polo que respecta ós feitos e circunstancias que motivan a solicitude ó Pleno da Corporación do incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: *"...para atender ás propostas de produtividade que poidan realizarse polos distintos servizos municipais ata fin de exercicio..."*.

Non obstante o anterior, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de se observar as Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus OO.AA. "que na súa instrución terceira realiza unha enumeración dos supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local, en exercicio das competencias que atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ó devengo do dito complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas Instrución de plantilla ou no Acordo Regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores o servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse a aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Por outra banda, queremos referírmonos ás incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano do 2007 en canto ó crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 21 da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, establece no seu apartado segundo:

Dos. Con efectos de 1 de enero del año 2007, las retribuciones del personal al servicio del sector público, incluidas, en su caso, las diferidas, no podrán experimentar un incremento global superior al 2% con respecto a las del año 2006, en términos de homogeneidad para los dos períodos de la comparación tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

E o mesmo precepto nos apartados sete, oito e nove indica:

Siete. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten

imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 23 y 24 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública.

Ocho. Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables en caso contrario las cláusulas que se opongan al mismo.

Nueve. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones locales correspondientes al ejercicio 2006 recogerán expresamente los criterios señalados en el presente artículo.

Pola súa banda o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo.

Por conseguinte, do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento municipal para complemento de produtividade, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ó rendemento ó número de efectivos ou ó grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada.

Por último e polo que respecta ás referencias que se efectúan na proposta sometida a informe sobre a modificación orzamentaria que posibilite o incremento interesado da partida de "Produtividade", participa esta Intervención do criterio da oficina xestora en canto á modalidade de modificación orzamentaria proposta en función do financiamento a utilizar.

Así en efecto, estaríamos en presenza dun expediente de modificación de créditos por transferencia regrado nos artigos 179 e 180 do TRLRFL, artigos 40 a 42 do RD 500/90 do 20 de abril e Base 9ª das de execución dos orzamentos vixentes.

Ó se tratar de transferencia de crédito que afecta exclusivamente a gastos de persoal, de conformidade coa normativa indicada a competencia para a súa aprobación correspóndelle a Alcaldía-Presidencia.

Por todo isto, faise necesario que pola unidade xestora se formule proposta de transferencia, con indicación expresa das partidas que deban ceder e recibir crédito, para unha vez informada por esta Intervención, sexa sometida á consideración da Alcaldía-Presidencia, e por isto o apartado segundo da parte dispositiva da proposta que se está a informar debe entenderse no sentido de que

se inste a instrumentación do correspondente expediente administrativo ós efectos e no sentido que se deixan indicados."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de novembro, ditaminou favorablemente.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández e as Sras. Méndez Piñeiro e Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar incrementar a cantidade global destinada á partida 121.0.150.00.00 -produtividade-, nunha contía máxima de 635.000,00 €, sobre a dotación existente na actualidade, mediante a aplicación de créditos sobrantes que se relacionan

Segundo.- Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencias de crédito á partida 121.0.150.00.00 "Produtividade" con cargo ás vacantes de persoal, ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e Base 9ª das Bases de Execución dos Presupostos Municipais para o presente exercicio económico 2007 (prorrogado).

9.- (154).- SOLICITUDE DE IMPLEMENTACIÓN DA PARTIDA DE PRODUTIVIDADE DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de outubro de 2007 o administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios, coa conformidade da presidenta da Xunta Reitora, informa do que segue:

"A Presidenta do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, con data 11 de outubro do ano en que andamos ditou orde de servizo para a instrución da proposta ó órgano municipal competente co obxecto de incrementar a partida 4221.1500000 (produtividade), ata un máximo de 53.000 €, xa que a cantidade existente na partida é insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, ou especial rendemento, a iniciativa e o interese con que determinado persoal da Escola desenvolve as funcións inherentes ao posto de traballo que desenvolve.

O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ao sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), orzamentos ós que o art. 21.1e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de se recoñecer o dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do complemento de produtividade se reflicte para cada exercicio no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 3/1982, de agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP)
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime Retributivo dos Funcionarios das Administracións Locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96, do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990)
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL)

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito da presidenta do organismo autónomo da Escola Municipal de Artes e Oficios, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito."

Con data 16 de outubro, o interventor xeral emite o preceptivo informe do xeito que

segue:

"Remítese a esta Intervención Xeral proposta formulada polo Sr. administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios, conformada por a Sra. presidenta do organismo, en relación ó asunto referenciado e en cumprimento do establecido no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte informe:

INFORME:

A indicada proposta ten por finalidade someter a consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo correspondente ó ano en que andamos para complemento de produtividade. A cantidade que se pretende ampliar, segundo se desprende da proposta, ascende a un máximo de 53.000 euros.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ó Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Polo que respecta ós feitos e circunstancias que motivan a solicitude ó Pleno da Corporación do incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: *"Téndose producido circunstancias e feitos determinantes dunha actividade extraordinaria e dun especial rendemento e téndose apreciada unha especial iniciativa e interese con que determinado persoal desta Escola desenvolve as funcións inherentes ó posto de traballo que desenvolve, procede retribuír por tales circunstancias e feitos a dito persoal mediante a atribución ós mesmos de complemento de produtividade"*; o que en termos xerais resulta congruente co exposto no apartado primeiro do artigo 5 antes citado do Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, ó se referir ás circunstancias, feitos e factores que retribúen este incentivo ó rendemento.

Non obstante o anterior, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de se observar as Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal o servizo da Corporación e dos seus OO.AA.", que na súa instrución terceira realiza unha enumeración dos supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local, en exercicio das competencias que atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ó devengo do dito complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas instrución de plantilla ou no acordo regulador vixente das condicións económicas e

sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse a aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Finalmente, queremos referírmonos ás incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano de 2007 en canto ó crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 21 da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2007, establece no seu apartado segundo:

Dos. Con efectos de 1 de enero del año 2007, las retribuciones del personal al servicio del sector público, incluidas, en su caso, las diferidas, no podrán experimentar un incremento global superior al 2% con respecto a las del año 2006, en términos de homogeneidad para los dos periodos de la comparación tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

E o mesmo precepto nos apartados sete, oito e nove indica:

Siete. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 23 y 24 de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública.

Ocho. Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables en caso contrario las cláusulas que se opongan al mismo.

Nueve. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones locales correspondientes al ejercicio 2006 recogerán expresamente los criterios señalados en el presente artículo.

Pola súa parte o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo.

Por conseguinte, do exposto desprendese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complemento de produtividade, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ó rendemento ó

número de efectivos ou ó grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada."

En sesión de data 30 de outubro a Xunta Reitora acordou aprobar a proposta citada anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de novembro, ditamina favorablemente.

(Está ausente o Sr. Guerra Fernández e as Sras. Méndez Piñeiro e Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida 4221.500000 (produtividade) por unha contía máxima de 53.000 €.

Segundo.- Instar ao órgano competente do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios para a instrumentación da modificación orzamentaria correspondente.

10.- (155).- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR DO CIDADÁN.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Propoño a retirada deste punto a fin de que sexa tratado previamente pola Comisión de Queixas e Suxestións, o que non é obrigado pero parece conveniente ós efectos de obter unha unanimidade.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e as Sras. Méndez Piñeiro e Molares Pérez)

VOTACIÓN DA RETIRADA DA ORDE DO DÍA: Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Retirar o presente punto da orde do día para ser tratado na comisión de Queixas e Suxestións previamente á súa aprobación plenaria.

11.- (156).- RATIFICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER,
RELATIVO Á SÚA COMPOSICIÓN. EXPTE. 3050/224.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de novembro a secretaria-delegada do Consello Municipal da Muller, coa conformidade da delegada de Igualdade, emite o seguinte informe:

"Para constituír o novo Consello Municipal da Muller consonte co previsto no art. XII do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de febreiro de 1993, solicitouse a todas as entidades que o compoñen (art. II do RCMM) o nomeamento da súa representante.

A presidenta convoca ó novo Consello Municipal da Muller o mércores, día 24 de outubro de 2007. Presenta a súa consideración a composición do mesmo e o calendario de xuntanzas anuais, segundo o previsto na disposición adicional primeira do regulamento para, posteriormente, ser sometido ó ditame da comisión informativa de Asuntos Sociais e a súa ratificación polo Pleno da Corporación Municipal, consonte co disposto no artigo XIII do Regulamento do Consello Municipal da Muller aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de febreiro de 1993 e publicado no Boletín Oficial de Pontevedra do día 13 de abril de 1993."

Polo anteriormente exposto, a secretaria do Consello da Muller propón ó Pleno da Corporación a ratificación do acordo adoptado polo devandito Consello co seguinte texto.

"O Consello Municipal da Muller, consonte co previsto nos arts. II, III e a disposición adicional primeira do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión do día 26 de febreiro de 1993, toda vez que no prazo regulamentario foron presentadas as acreditacións das representantes de cada entidade participante, a presidenta somete á consideración do Consello Municipal da Muller a proposta de constitución que se eleva ao Pleno da Corporación Municipal para a súa aprobación:

PRESIDENTA:

D^a Iolanda Veloso Rios.

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Titular: D^a Obdulia Veiga Román,

Suplente: D^a Iria Salvande Lorenzo

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

Titular: D^a Laura López Atrio,
Suplente: D^a Raquel Díaz Vázquez

GRUPO MUNICIPAL DO PP

Titular: D^a Lucía Molaes Pérez,
Suplente: D^a María Ángeles García Míguez

SERVIZO GALEGO PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Titular: D^a Ena M^a Fernández Vilar
Suplente: D^a Sara López González
Praza de Europa, 15-a-21 Área Central. Polígono das Fontiñas
15701 SANTIAGO

ASOCIACIÓN DE MULLERES:

GECM ALECRÍN

Titular: D^a Corona Rodríguez Pérez
Suplente: D^a Lilia Avello López
Rúa García Barbón, 30.51 of. 8
36201 VIGO

ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA

Titular: D^a Carmen Figueroa Freiría
Suplente: María Alonso Gómez
Monte Calvario, 20-Bembrive.
VIGO

ASOCIACIÓN DE MULLERES ROSALÍA DE CASTRO

Titular: D^a Marina Villar Alonso
Suplente: D^a Marina Carrera Jorge
Avda. Sta. Marina, 95
Cabral - VIGO

ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA

Titular: D^a Aurea González González
Suplente: D^a Herminia Pino
Rúa Nigrán, 2-8^o dereita, Coia
36209 VIGO

APM CONCEPCIÓN ARENAL

Titular: D^a Pilar Martínez Otero
Suplente: D^a M^a del Carmen Sánchez Real
Rúa Canceleiro, 13-11 A
36202 VIGO

FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS

Titular: D^a M^a Xosé Queizán Vilas

Suplente: D^a Victoria Lojo
Rúa Regueiro, 15-51
36211 VIGO

MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS

Titular: D^a Luisa Ocampo Pereira
Suplente: D^a Paula Fernández Otero
Rúa Urzáiz, 130-11 D
36201 VIGO

ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS

Titular: D^a María Meijide Vecino
Suplente: D^a Montserrat Lamas González
Rúa Policarpo Sáenz, 12-31 of. 1
36201 VIGO

ASOCIACIÓN DE MULLERES DE BOUZAS

Titular: D^a Pilar Falque González
Suplente: D^a Ramona González Díaz
Rúa Cánovas del Castillo, 12-7^º.e
VIGO

ASOCIACIÓN DE MULLERES XESTAS

Titular: D^a Nieves Alonso Pérez
Suplente:
C^º das Plantas, s/n. Xestoso-Bembrive
36313 VIGO

COLECTIVO VIOLETA

Titular: D^a María Santos Sobrido
Suplente: D^a M^a Nuria Andión Rodríguez
Avenida Castelao, 50-portal H, 5^º-H
36209 VIGO

ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO

Titular: D^a Rosa Fontaíña Pazos
Suplente: D^a Josefa Martínez Alonso
Oliva, 12
VIGO

VOCALÍAS DA MULLER FEDERADAS:

Representantes da Vocalía da Muller da Federación Veciñal “Eduardo Chao” de Vigo

Titulares: D^a Mercedes Penabella Romero
D^a M^a José Lemos Alonso
D^a Beatriz Rodríguez Hermida
D^a M^a del Rosario Fernández Comesaña
Suplentes: D^a D^a Dolores Casariego Lois
D^a Elena González Sánchez

Praza da Princesa, 7
36202 VIGO

SECRETARÍAS DA MULLER DE SINDICATOS:

SECRETARÍA DA MULLER DA CIG

Titular: D^a Raquel Pazos Garrido
Suplente: D^a Pracer Vila Rodríguez
Rúa Gregorio Espino, 47-entrechán
36205 VIGO

SECRETARÍA DA MULLER DE CC.OO.

Titular: D^a Elena Rodríguez Giráldez
Suplente: D^a María José Miranda Cadorniga
Rúa Hernán Cortés, 26-2^o
36203 VIGO

SECRETARÍA DA MULLER DA UXT

Titular: D^a M^a Ángeles Arias Miño
Suplente: D^a M^a Olga Alonso Suárez
Rúa Heraclio Botana, 2-3^o
36201 VIGO

SERVIZOS MUNICIPAIS:

CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS

Rúa Pintor Lugrís, 5
36211 VIGO

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER

Rúa Romil, 20
36202 VIGO

SECRETARIA.

Cristina Gómez García, técnica da concellería.

CALENDARIO ANUAL DE XUNTANZAS:

Mércores, 12 de decembro de 2007"

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de novembro, ditaminou favorablemente.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:
Ratificar o acordo do Consello Municipal da Muller, adoptado en sesión do 24 de

outubro de 2007, relativo á nova composición do devandito Consello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

En cumprimento de acordo plenario, neste intre a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.

12.- (157).- MOCIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVA Ó PROXECTO DA CIDADE DE VIGO PARA SER CANDIDATA Á UNIVERSIADA DE VERÁN 2013.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do 22 de novembro, aprobou a seguinte proposta:

"O Concello de Vigo iniciou de forma activa a preparación da candidatura de Vigo para ser sede oficial da 27 Universíada de Verán do ano 2013. Este evento celébrase cada dous anos e convoca a uns 10.000 deportistas duns 170 países, cifras superadas unicamente polos Xogos Olímpicos.

O programa deportivo está composto por dez disciplinas de carácter obrigatorio: atletismo, fútbol, baloncesto, voleibol, tenis de mesa, esgrima, natación, saltos e wáter-polo, ximnasia artística e rítmica, e por tres disciplinas de exhibición que seleccionará a cidade anfitrioa.

Bangkok foi a cidade sede da Universidade de verán no presente ano 2007 e as próximas Universíadas de verán celebraranse en Belgrado (Serbia 2009) e Schenzhen (China 2011).

2.- Proceso de selección:

Para lograr a candidatura oficial ante a Federación Internacional de Deportes Universitarios (FISU) á 27 Universíada do 2013, a proposta da cidade de Vigo require superar unha etapa previa a nivel español que en base á documentación recibida do CSD, establece as seguintes datas:

- Antes do 20 de decembro de 2007: Envío ó CSD do cuestionario base cumprimentado en base ó proxecto da candidatura de Vigo.
- Antes do 25 de febreiro de 2008: Presentación do cuestionario-proxecto definitivo da candidatura de Vigo.

Posteriormente o CSD realizará os procesos de avaliación das candidaturas presentadas e resolverá o día 11 de marzo de 2008.

3.- Contexto do proxecto da candidatura de Vigo á Universiada.

O desenvolvemento dun proxecto para albergar unha Universiada suporá para Vigo o maior proxecto económico e social, deportivo e cultural deste século. Este gran evento internacional logrará aspectos tan importantes como:

- Mellorar os equipamentos e instalacións deportivas públicas e privadas, promovendo os hábitos de saúde e ocio entre a poboación de Vigo e promocionar os valores inherentes ó espírito do deporte para todos e todas.
- Incrementar a calidade das instalacións da Universidade de Vigo e promover valores de humanismo e universalidade entre a xuventude viguesa.
- Exercer unha actuación solidaria en relación ós grandes proxectos da cidade, posibilitando unha gran oportunidade para acelerar e potenciar a execución dos grandes proxectos que actualmente están en marcha e que terán todos unha data de referencia de gran importancia.
- Potenciar á cidade de Vigo como imaxe e prestixio internacional.
- Facilitar a mellora de infraestruturas, servizos, tecnoloxías e motivar os investimentos privados como actuacións vertebradoras da cidade.
- Impulsar os proxectos do sector turístico en Vigo.
- Conseguir un incremento da cualificación profesional de servizos en distintos segmentos da sociedade viguesa, ó mesmo tempo que se xeran novos postos de traballo.
- Constituírse nun gran dinamizador da calidade de vida da sociedade viguesa e da galega, en xeral, a través da promoción dos valores do deporte e da cultura.

De forma xeral, a celebración dun acontecemento desta magnitude posibilitará como un dos aspectos máis importantes a consolidación dun legado excepcional para Vigo, que lle permitirá aproveitar con éxito a súa proxección internacional, as infraestruturas, servizos e instalación en décadas posteriores.

4.- Proposta:

En base ós temas expostos, o proxecto da candidatura da cidade de Vigo require os documentos de apoio institucional das diversas administracións que conforman o mapa administrativo galego e do Estado, polo cal dende a Xunta de Voceiros, os diferentes grupos políticos que conforman a Corporación Municipal do Concello de Vigo, representados por; D. Carlos López Font, voceiro do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, D^a María Xosé Méndez Piñeiro, voceira do Bloque Nacionalista Galego e D^a Corina Porro Martínez, voceira do Partido Popular, e de maneira unánime dos

mesmos, proponse ó Pleno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Apoiar de forma solidaria e firme a presentación do proxecto da candidatura de Vigo para ser sede oficial da 27 Universiada de Verán do ano 2013, para o cal esta Corporación Municipal comprométese a desenvolver todas as accións necesarias encamiñadas ó desenvolvemento dun proxecto coa máxima solvencia en todos os aspectos e que recolla a vontade unánime de toda a sociedade viguesa, para acadar con éxito ser nomeada sede oficial deste acontecemento deportivo de primeiro orde mundial, constituíndose nunha das experiencias máis singulares, irrepetibles e motivadoras que unha sociedade pode desenvolver na actualidade.

Segundo.- Solicitar ante a Xunta de Galicia e o Parlamento Galego un acordo de apoio de forma solidaria e firme da candidatura de Vigo para ser sede oficial da 27 Universiada de Verán do ano 2013.

Terceiro.- Solicitar ante a Delegación do Goberno en Galicia o compromiso de garantir aqueles servizos da súa competencia, necesarios para o desenvolvemento organizativo da 27 Universiada de Verán 2013.

Cuarto.- Solicitar ante a Deputación Provincial de Pontevedra un acordo de apoio de forma solidaria e firme da candidatura de Vigo para ser sede oficial da 27 Universiada de Verán do ano 2013.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sinxelamente para lles comunicar ós compañeiros e compañeiras de Corporación que esta moción non parte de ningunha formación política senón de todas as que formamos parte desta Corporación municipal.

É un trámite de obrigado cumprimento en canto que antes do 20 de decembro temos que presentar diante do Consello Superior de Deportes o cuestionario e todo o proxecto final da presentación de Vigo como candidata para que antes do 25 de febreiro do ano 2008 poidamos presentar xa oficialmente todo o noso proxecto.

Informar tamén que a decisión final da cidade que representará ó Estado español dentro da Universiada se tomará o día 11 de marzo de 2008. Polo tanto é de obrigado cumprimento para presentar xunto co noso proxecto e requirir tamén a través desta moción o mesmo apoio tanto á Xunta de Galicia como a Deputación provincial.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da

Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Xunta de Voceiros na súa sesión do 22 de novembro, relativa á candidatura da cidade de Vigo á Universiada de Verán 2013, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (158).-MOCIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS EN APOIO Á PETICIÓN INTERNACIONAL EN PROL DUNHA SUSPENSIÓN MUNDIAL DA PENA DE MORTE.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do 22 de novembro, aprobou a seguinte proposta:

"Lembrando aos cinco millóns de persoas que asinaron a petición da "Suspensión 2000" presentada pola Comunidade de Sant Egidio e Amnistía Internacional chamando á suspensión mundial das execucións e da erradicación da pena capital, na crenza de que a pena de morte viola o dereito á vida recoñecido internacionalmente e que constitúe o xeito máis extremo de castigo cruel, inhumano e degradante, non contribuindo a previr a delincuencia e deshumanizando ás sociedades, é polo que instamos á Corporación do Concello de Vigo a que:

Este Concello se sume á petición internacional en prol dunha suspensión mundial da pena de morte."

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Xunta de Voceiros na súa sesión do 22 de novembro, relativa ó apoio á petición internacional a prol da suspensión mundial da pena de morte, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (159).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO O

ARRANXO DE CATRO ROTONDAS EXISTENTES NO VIAL AS TEIXUGUEIRAS DA URBANIZACIÓN DE NAVIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de novembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Cada vez máis a nova zona residencial urbanizada de Navia está a crecer no número de residentes que se trasladan a vivir a un contorno da cidade que pouco a pouco medra, solventando as carencias propias do nacemento dunha nova urbanización da magnitude da que falamos.

Unha das demandas dos veciños e veciñas do lugar, refírese ó adecentamento e decoro das zonas verdes do lugar, fundamentalmente das rotondas do vial principal, carentes de intervención por parte do Concello.

Entendendo que á Xunta xa rematou a súa intervención nos espazos da urbanización mencionados, deixando instalados os servizos necesarios para as mesmas como auga e luz, coidamos que e ó momento preciso para acometer ó proxecto de intervención par parte do Departamento de Xardíns nas rotondas existentes no vial principal.

Por todo isto, o GM do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte ó seguinte acordo:

Que a maior brevidade posible se acometa a execución por parte do Departamento de Xardíns do adecentamento e decoro das catro rotondas do vial as Teixugueiras da urbanización de Navia".

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Esta moción vai unha vez máis en positivo. Como ben saben todos vostedes estanse incrementando as vivendas en Navia e cada día hai máis xente vivindo, hai máis nenos e o que propoñemos dende o Partido Popular é que se vaian ordenando un pouquiño os espazos públicos. Neste caso temos a avenida de Teixugueiras que foi remitida ó Concello recentemente e o que propoñemos é que se arranxen as catro rotondas desa ronda.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sr. Comesaña, fíxese se tamén é en positivo que comezo por lle dicir que está feito o proxecto, pero si permítame que lle agradeza que presente esa moción porque así me dá a oportunidade de explicar o que vostedes non fixeron e nós imos facer.

Aceptaron vostedes a cesión parcial da titularidade dos terreos e dos viais de San Paio de Navia o 18 de xullo de 2007, do que asinan un escrito co Instituto Galego de Vivenda e Solo. Falan vostedes de que a urbanización terá un carácter provisional e sempre condicionado ó escrupuloso respecto do informado no expediente polos diversos departamentos municipais e que están asumidos polo órgano competente. O delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo asume a reparación de viais, beirarrúas, medianas e reposición de arboredos, sinalización vertical e horizontal e mobiliario urbano.

Teño que lle dicir que solicitamos do Instituto Galego de Vivenda e Solo que asuma a reparación deses viais, que asuma a reparación das rotondas pero sendo conscientes da necesidade de que efectivamente se adecente esa zona, como lle dicía antes ímoslle votar que si á moción, temos xa presentado o proxecto das catro rotondas, temos feito o estudo as mesmas e, de acordo co Instituto Galego de Vivenda e Solo, ímolas acometer.

SR. COMESAÑA ABALDE: Paréceme moi ben o que di a Sra. Abelairas pero non se axusta á verdade.

Di vostede o 18 de xullo de 2007 que se remitiu o vial, iso é se escoite ben.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O 12-06-2006 asumen vostedes nunha Xunta de Goberno que o Instituto Galego de Vivenda e Solo...

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas non ten a palabra. Sr. Comesaña, continúe por favor.

SR. COMESAÑA ABALDE: Que eu saiba o vial recibíuse hai vinte días ou un mes, máis ou menos, pero o proxecto efectivamente está porque eu llo deixei preparado, non o fixo vostede. Nós estabamos á espera de que nos entregasen o vial para o facer, agora ten o proxecto e eu agradézolle que o acometan. Moitas gracias.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Entramos en período electoral e a señora Porro verbalmente e nunca por escrito deu a orde de que non se esperara e de feito XESTUR fixo dúas rotondas das seis que hai na rúa Teixugueiras. Quedaron as catro e a señora Porro deu a orde de que se acometeran as obras desa rotonda. O que pasa é que apareceu o xardín do arco da vella que lles tiña máis urxencia para o facer en Coia e deixaron iso sen facer. De todos os xeitos adiántolle que nós o imos facer e podendo ser que o acometa o Instituto Galego de Vivenda e Solo e nós asumamos o seu mantemento a partir daí.

O que me parece unha irresponsabilidade pola súa banda é non lle esixir a quen o tiña que facer no seu momento e dicir que se fai porque estabamos en período electoral e logo deixalo sen facer e darlle prioridade a outras cousas. Pero como comprenderá iso foi un problema de seu que non noso.

Repito que nós o imos facer, procuraremos que sexa co Instituto Galego de Vivenda e Solo que é quen ten que o deixar feito para que nós o poidamos manter.

SR. COMESAÑA ABALDE: Señora Abelairas, dígolle o mesmo. No goberno do que eu formei parte as cousas facíanse pola delegación que correspondía e por escrito, non dabamos nada verbal. Así que agradézolle moito que faga a rotonda, sexa quen sexa que a faga, pero se nós non a fixemos foi porque non tiñamos o vial ó noso dispor e así llo volvo dicir.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Por alusións. Paréceme tan patético...

A PRESIDENCIA: Voulle dar a palabra pero non hai alusións, houbo sinxelamente unha cita política que podería ser respondida, pero adiante, ten a palabra.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Paréceme tan patético que case me entra a risa porque que vostede estea afirmando que eu din ordes ou non de algo que non está por escrito, iso non existe na administración.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: É que o problema é ese, non se tomar as cousas en serio. O problema é que non existan por escrito, ese é o problema, o problema é falla de responsabilidade por parte de vostedes. O problema é a irresponsabilidade

do Partido Popular e vostede, lémbrolle, daquela era a alcaldesa e vostede tiña a obriga de defender os intereses dos vigueses e das viguesas e se ten que ser outra administración a que ten que se facer responsable de urbanizar unha determinada rúa, tiña vostede a obriga de lle esixir a esa administración que a deixara urbanizada. Cando unha administración fai unha obra en concreto ten a obriga de deixala en condicións para que poida ser gozada polos cidadáns vigueses e tiña vostede a obriga de defender os intereses dos vigueses e das viguesas.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Comesaña Abalde, solicitando o adecentamento das catro rotondas existentes no vial das Teixugueiras na urbanización de Navia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (160).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO A POSTA EN FUNCIONAMENTO DO CENTRO DÍA PARA MAIORES "ATALAIA".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de novembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

"En decembro de 2004, firmouse un convenio coa Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia, co obxectivo de reformar o edificio Atalaia, situado en Teis e convertelo nun centro de día para maiores de 40 prazas. Este convenio con carácter plurianual se desenvolvía durante os anos 2004, 2005 e 2006, cunhas aportacións de 30.000 €, 150,000 € e 420,000 €, respectivamente. A obra estaba rematada en decembro de 2006 conforme o proxecto presentado e aprobado pola Xunta de Galicia, e de feito, foi nese ano cando se fixeron as últimas xustificacións e a recepción da obra por parte dos técnicos municipais.

En novembro de 2006, asinouse un novo protocolo coa Xunta de Galicia, onde á parte da construción doutros seis novos centros, a Consellería do Benestar se comprometía a xestionar, a través do Consorcio de Servizos Sociais, os que estaban en construción e a piques de rematar, e se mencionaba expresamente o Centro de Día Atalaia.

Posteriormente, os servizos de inspección da Xunta de Galicia, fixeron unha serie de obxeccións que foron solventadas, excepto ó que se refire á instalación dunha plataforma elevadora, que en todo caso houbo tempo de abondo dende xuño de 2007 para o solucionar.

En consecuencia, só sabemos que o centro leva case un ano coas portas pechadas e a nosa preocupación vai crescendo ó entender que é un centro moi necesario e que a súa posta en marcha vai resolver moitas situacións de dependencia que neste momento están a sufrir moitas familias viguesas.

O grupo municipal do Partido Popular estima que xa está ben de atrasar un proxecto beneficioso para toda a sociedade viguesa e sobre todo ás persoas que máis o necesitan, os maiores con dependencia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Poñer en funcionamento de forma inmediata, o centro de día para maiores "Atalaia".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SRA. IGLESIAS BUENO: En decembro de 2004 asinouse un convenio coa Consellería de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia co obxectivo de reformar o edificio Atalaia sito en Teis e convertelo nun centro de día para maiores con 40 prazas. Este convenio con carácter plurianual desenvolveuse durante os anos 2004, 2005 e 2006 cunhas achegas de 30.000, 150.000 e 420.000 €, respectivamente. A obra estaba rematada en decembro de 2006 consonte co proxecto presentado e aprobado pola Xunta de Galicia e de feito foi nese ano cando se fixeron as últimas xustificacións e a recepción da obra por parte dos técnicos municipais.

En novembro de 2006 asinouse un novo protocolo coa Xunta de Galicia onde, á parte da construción doutros seis novos centros, a Consellería do Benestar comprometíase a xestionar a través do Consorcio de Servizos Sociais ós que estaban en construción e a piques de rematar e mencionábase expresamente o centro de día Atalaia.

Posteriormente os servizos de inspección da Xunta de Galicia fixeron unha serie de obxeccións que se solventaron agás o que se refire á instalación dunha plataforma elevadora que en todo caso houbo tempo abondo do solucionar.

En consecuencia só sabemos que o centro leva case un ano pechado e a nosa preocupación vai crescendo ó entenderen que é un centro moi necesario, que a súa posta en marcha vai resolver moitas situacións de dependencia que nestes momentos están a sufrir moitas familias viguesas.

O grupo municipal do Partido Popular estima que xa está ben de atrasar un proxecto beneficioso para toda a sociedade viguesa e sobre todo para as persoas que máis o necesitan: os maiores con dependencia.

Por isto presentamos esta moción relativa á urxencia de poñer en funcionamento o centro de día Atalaia". Esa é a nosa proposta.

SRA. VELOSO RÍOS: Imos votar en contra desta moción pero non porque non esteamos de acordo. Evidentemente estamos de acordo con que o centro de día Atalaia é un centro preciso para a cidade e de feito é un proxecto que xa ven de moitos anos atrás, de cando eran concelleiras dona María Méndez e dona Olaia Fernández Davila. É dicir, estamos totalmente de acordo coa necesidade dese centro de día e, por suposto, estamos de acordo con que é urxente abri-lo e por iso efectivamente dende xuño de 2007 o que se fixo non foi atrasar o proxecto ou atrasar a apertura do centro de día, senón traballar para que efectivamente se puidese abrir logo de atrasos repetidos que se produciron anteriormente.

Por iso non só estamos de acordo en que se vai abrir, senón que estamos traballando para que se abra e de feito xa está dotado de persoal que xa tomou posesión fisicamente e xa están no centro de día, estiveron nunha reunión na Concellería esta mesma semana. É dicir, a súa apertura é inminente e por iso non imos votar a favor da moción, non porque non queiramos que se abra, senón porque xa está o centro listo para se abrir.

SRA. IGLESIAS BUENO: Se tan de acordo están e o van abrir non entendo por que non votan a favor, paréceme increíble.

Creo que o Bloque ten sempre un *lapsus* con este centro e dáme mágoa que non estea dona María Méndez porque precisamente, se din os datos do convenio que se

asinou coa Xunta de Galicia, foi para que se vise que o asinou dona Corina Porro cando estaba gobernando o Partido Popular na Xunta, executouse o proxecto neses anos e rematouse en tempo e prazo co que o único atraso foi pola parte da Consellería do Benestar que no seu momento fixo a selección de persoal e tivemos que esperar.

Pero eu non sei se lembra o alcalde que nas eleccións Xuventudes Socialistas foi cara alí e nun acto reivindicativo inaugurou o centro. A min sorpréndeme agora que o alcalde non teña tanta presa no inaugurar se leva case sete meses parado. Paréceme moi ben que o persoal estea *in situ*, pero quen teñen que estar son as persoas maiores que son as que o necesitan. Desgraciadamente por culpa desta plataforma elevadora que cumpre toda a lexislación vixente pero que a Xunta non acepta, se vai ter que facer unha reforma do proxecto e vai perder bastante calidade porque os maiores van estar só no andar baixo cando había unha cantidade de metros dispoñibles para salas de fisioterapia e outras actividades moi necesarias. Agora, con esta reforma do proxecto, xa non vai estar cos índices de calidade que a nós nos gustaría.

Só lles pido que, malia votar en contra desta moción, a apertura do centro se faga o máis axiña posible, que a selección das persoas maiores que teñen que estar aí se faga de xeito inmediato. Iso é o único que busca o Partido Popular e que nos interesa a todos os cidadáns vigueses. Moitas gracias.

SRA. VELOSO RÍOS: É curioso facer afirmacións como a de que unha plataforma cumpre a lexislación pero a Xunta non a quere aprobar. Parece que son caprichos da administración. Permítame que o poña en dúbida.

O do *lapsus* tamén é curioso porque o convenio efectivamente asinouno a anterior alcaldesa pero xa estaba posto a disposición o edificio anteriormente.

É curioso que nos falen de atrasos cando o que nos están pedindo é precisamente o que estamos facendo, que en tres meses solucionemos o que vostedes non fixeron en tres anos. Se logo de tres anos non se deu aberto o centro de día Atalaia e agora nós dende xuño o imos abrir inmediatamente coido que estamos cumprindo co noso labor.

Non é que non se vote a favor sabendo que estamos a favor do abrir, senón que é que quedou obsoleta esta moción e por iso coido que xa nin é precisa.

SRA. IGLESIAS BUENO: En tres anos estivemos facendo as obras cos prazos de execución que tiñamos, cinguíndonos exclusivamente a eles. Pero vostedes teñen un problema e sinto que non estea aquí a concelleira dona María Méndez.

Todos os colectivos de servizos sociais a estas alturas, logo de cinco ou seis meses que pasaron deste goberno seguen sen seren recibidos, sen se reunir e xa comezan estar un pouco cansos de que non se conte con eles ou que só se conte con eles na oposición e non cando se está gobernando, ou se conte con eles na campaña electoral, que se reúna ós discapacitados, ós maiores e a estas alturas aínda non se contara con eles en temas como é, por exemplo, o Consello de Accesibilidade que está aínda sen convocar. Iso é o que están sentindo os colectivos de servizos sociais, que, á parte deste proxecto que é un máis que está paralizado, hai outros moitos e o peor de todo é que non se conta con eles. Moitas gracias.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. alcalde, por alusións ó Bloque Nacionalista Galego e a unha concelleira que non está.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, estamos co mesmo de antes, era unha cita política pero lle vou dar a palabra.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non, por alusións a unha concelleira que non está aquí. Permítame, Sra. Iglesias Bueno, que sinxelamente lle diga que aquí o único que utiliza ós colectivos sociais en campaña electoral e en intereses electorais ben sabemos que é o Partido Popular. Nada máis.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, solicitando a posta en funcionamento de xeito inmediato do centro de día para maiores "Atalaia", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (161).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A INTENSIFICACIÓN DE MEDIDAS NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA XÉNERO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de novembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"O domingo, 25 de novembro, celébrase o Día Internacional da violencia de xénero. Ao conmemorar este día, desde o Grupo Municipal do Partido Popular queremos denunciar unha vez máis esta práctica, auténtica secuela da nosa sociedade.

O número de mulleres mortas a mans das súas parellas elévase xa a 65 neste ano, un número alarmante: milleiros de mulleres maltratadas, sometidas á máis terrible violencia.

Mantemos que a mellor política contra a prevención da violencia de xénero é unha política de igualdade e de non discriminación. A violencia de xénero é unha inaceptable falta de liberdade que aínda sofren as mulleres hoxe en España.

Non podemos consentir que a día de hoxe, sigan multiplicándose os casos de malos tratos de mulleres a mans das súas parellas ou ex parellas e continúe representando este un problema social de primeira magnitude.

Non podemos consentir a permanencia de comportamentos e concepcións sociais baseadas na desigualdade e a discriminación por razón de sexo.

Na cidade o 2º Plan de Acción Municipal 2004-2007 para combater a violencia de xénero atópase plenamente vixente. Este documento, que foi aprobado por unanimidade no seo do Consello da Muller, ampliou os seus contidos e obxectivos co Terceiro Plan de Igualdade entre mulleres e homes 2005-2007.

O Terceiro Plan permitiu ao Concello formalizar novos convenios coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos, asinar un convenio coa Cátedra de Dereito Penal para realizar cursos relacionados coa violencia de xénero e fomos

quen de realizar numerosas campañas de sensibilización contra a violencia de xénero como “Eu non son cómplice”, “Na violencia de xénero non hai tregua”, “A igualdade entre xéneros no ámbito educativo e prevención de actitudes que se fundamentan na violencia entre a mocidade”, “Vivir en parella é cousa de dous”, “Camiña con nos pola igualdade”..., así como talleres de atención directa a mulleres vítimas de violencia e máis un convenio coa Xunta de Galicia para a inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Pero aínda non é dabondo. Temos que continuar o traballo porque o respecto aos principios fundamentais das mulleres continúa a ser vulnerado. Loitar contra a violencia de xénero e unha tarefa de todos e todas, da que todos e todas somos responsables, porque mentres un só home maltrate a unha muller non existirá a igualdade. Tolerancia cero coa violencia de xénero:

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Municipal a

- Lograr unha maior implicación social deste grave problema e un maior apoio institucional e económico á vítimas
 2. Poñer en marcha de contado os tres pisos de acollida para mulleres, os denominados “pisos saída”, que foron asignados ao Concello de Vigo na comisión de vivenda realizada na primavera deste ano e que serán destinadas a vítimas de malos tratos e aos seus fillos e fillas.
- Proseguir coa campaña iniciada no mandato anterior "Na violencia de xénero non hai tregua" executando as accións xa deseñadas -como a instalación dun marcador dixital nun espazo céntrico da cidade e outras- e máis deseñar novas accións que persigan unha maior sensibilización social respecto desta lacra."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Como todos sabemos onte, día 25 de novembro, foi o Día Internacional Contra a Violencia de Xénero e o Grupo municipal Popular queremos que dende esta Corporación tamén se amose o rexeitamento a esa lacra social que segue a sufrir a nosa sociedade.

O número de mulleres mortas neste ano xa chega a 69, catro máis das que había cando presentamos esta moción a primeiros de novembro. Coidamos que é un número alarmante, son centos as mulleres maltratadas, sometidas a unha terrible violencia.

Mantemos que a mellor política para a prevención da violencia de xénero é unha política de igualdade e de non discriminación. A falla de liberdade que sofren as mulleres nestes momentos con esta falla de dereito á vida, é algo que ten que

rexeitar toda a sociedade. Non podemos consentir a permanencia de comportamentos e confeccións sociais baseadas na desigualdade, na discriminación por razón de sexo. Este ano son mesmo máis as mulleres vítimas de violencia que nos anos pasados e aínda falla máis dun mes para rematar o ano.

Neste Concello afortunadamente sempre contamos con medidas e sempre traballamos a favor dos dereitos da igualdade da muller. Neste momento está vixente o terceiro Plan de Igualdade 2005-2007 e o segundo Plan de Acción Municipal 2004-2007 para combater a violencia de xénero.

Establecéronse medidas como as de colaboración coa Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, coa Cátedra de Dereito Penal; fixéronse programas de sensibilización como “Eu non son cómplice”, “Na violencia de xénero non hai tregua”, programas específicos dirixidos a colectivos como pode ser “A igualdade entre xéneros no ámbito educativo e prevención de actitudes que se fundamentan na violencia entre a mocidade” e tamén programas específicos en base a que os nosos mozos, os nosos nenos e nenas se eduquen en igualdade como “Camiña con nós pola igualdade” que agradezo que continúe por parte do actual equipo de goberno porque coidamos que a través de programas sobre todo preventivos, traballando na educación, é como nun futuro se pode erradicar este problema.

Pero mentres exista todos temos que izar a voz e coido que todas as demandas de sensibilización e de rexeitamento á violencia machista que se fagan son necesarias e mesmo insuficientes.

Temos que seguir traballando e cremos que neste tema temos que traballar todos e todas, por iso o feito de traer esta moción aquí para amosar ese rexeitamento da Corporación de Vigo. Todos e todas somos responsables, mentres morra unha soa muller tense que producir un absoluto rexeitamento contra a violencia de xénero.

A seguir a Sra. Molares Pérez procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SRA. VELOSO RÍOS: Estamos completamente de acordo co exposto nesta moción no que atinxe á necesidade de seguir loitando contra a violencia de xénero.

Efectivamente é un problema social moi grave, tal e como explicaba a Sra. Molares foron catro mulleres as que morreron a semana pasada, produciuse un número

importante de vítimas e aínda nos queda máis dun mes para rematar o ano o que nos indica que as cifras para este ano aínda van ser superiores ás do ano pasado. Con isto atopámonos fronte un problema que non só continua existindo senón que ademais se agrava na súa manifestación máis extrema que son os asasinatos de mulleres nunha sociedade desigual e aí é onde está a orixe do problema.

Efectivamente estamos de acordo e imos votar a favor desta moción aínda que é certo que hai algún punto que quedou un pouco desfasado como a propia concelleira indicou xa na súa exposición: solicitábase a colocación do marcador dixital que xa se colocou nunha rúa moi céntrica da cidade, xustamente ó carón do Museo de Arte Contemporánea, MARCO, que como todos sabemos é un referente na loita contra a violencia de xénero porque alí é onde se realiza cada último xoves de mes a concentración convocada pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos.

Tamén no que atinxe á posta en marcha dos tres pisos de acollida para mulleres, os pisos de saída, hai que dicir que é inminente que comece o seu uso, xa se están colocando os mobles. Son uns pisos cos que poderíamos ter contando dende hai tempo xa pero se foi atrasando por cuestións burocráticas un pouco difíciles de entender.

Efectivamente, tal e como explica na moción, na primavera realizouse unha Comisión de Vivenda na que se cederon eses pisos ó Concello de Vigo pero tamén se indicaba alí que había que cumprir unha serie de requisitos como por exemplo que o Concello tiña que aceptar a cesión deses pisos porque non se podía facer a cesión de xeito unilateral. Esa aceptación non se produciu nunca.

Agora mesmo está a piques de se levar á Xunta de Goberno Local o expediente que se abriu en Urbanismo para aceptar definitivamente a cesión deses pisos. Ademais había que poñer por escrito que cumprían cos requisitos do 10% de metros cadrados que lle correspondían ó Concello na cesión e había que facer a aceptación formal. Esa aceptación formal está a piques de se facer pola Xunta de Goberno Local e unha vez que estea feita faranse as escrituras para que eses pisos sexan definitivamente propiedade do Concello.

Aínda así a Consellería de Vivenda, interesada como está e sabendo que son pisos que van ser utilizados polo Concello de Vigo, xa nos permitiu acceder a eles e nos deu unhas chaves para poder meter dentro os mobles que, iso si, estaban

adquiridos dende hai tempo. Os mobles xa se están colocando para poder poñelos ó dispor das mulleres que os necesiten o máis axiña posible.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sra. Veloso, como dicía ó principio nesta moción o tema da violencia de xénero ten que ser algo que nos una e non que nos separe, pero esas aseveracións que fai vostede dicindo que é difícil de entender que estiveran eses tres pisos sen poñer en marcha cando realmente vostede mesma recoñece que xa están os mobles e que dende principio deste mandato saía vostede en entrevistas nos medios de comunicación dicindo que esa ía ser unha das novidades que ía introducir na Concellería, a verdade é que me parece un tanto unha desvergoña. Non me gustaría polemizar neste sentido porque coido que o importante desta moción é que se fixo con todo o respecto á hora de presentar os temas, pero non se axusta á realidade.

É verdade que coa Consellería de Vivenda se traballou a cesión deses pisos, mesmo se tentou que fosen máis de tres, pero lle podo asegurar que non foi por nós o atraso. As reunións que tivemos, sempre cordiais, foron numerosas e a insistencia pola banda deste Concello para que a cesión fose real tamén.

Chama a atención que diga que lle sorprende que, logo desa reunión que houbo en abril, non se aceptara cando realmente me gustaría que dixera onde está ese escrito onde se solicita a aceptación formal e que mo diga logo de que se realizou esa comisión na que logo de moitas reunións e intentos acadamos que por parte da Consellería se cederan esas vivendas. Practicamente estabamos nós saíndo do goberno e vostedes levan cinco meses. Que nese tempo non fixeran vostedes a aceptación formal non mo pode achacar nin a min nin ó goberno anterior.

Levan cinco meses cos mobles, coa aprobación da comisión para facer esa aceptación formal. Vostede non pode dicir que era descoñecedora porque mesmo o fixo publicamente. Dende logo o importante é que eses pisos estean ó dispor das mulleres e non só eses tres, senón que vostedes acaden alomenos outros tres ou os que sexan necesarios porque tamén se falara coa Comisión de Vivenda para que xuntos, dende as distintas administracións, traballáramos por poñer ó dispor das mulleres vítimas de violencia todos os medios que fosen necesarios.

En canto ó desfase da moción dicirille que a actuación do marcador dixital quedou practicamente pechada, o marcador encargado e tardaron tamén cinco meses para

o poñer en funcionamento.

Tamén lamentar que, non sei se ó resto do goberno o invitaron á inauguración dese marcador e non quixeron ir, pero dende logo que ó Grupo municipal do Partido Popular non nos invitaron á esa inauguración, unha actuación iniciada e adxudicada polo Partido Popular e non llo digo como crítica, senón que máis ben que se nun tema coma este da violencia de xénero queremos xuntar esforzos, é bo que todos os corporativos ou alomenos todos os grupos teñan opción a estar presentes nese acto institucional.

Penso que ós cidadáns o que menos lles importa é se a actuación e de seu ou o nosa. Eu teño claro o que se fixo e coido que os cidadáns tamén. Vostedes poñan a disposición máis pisos e así se verán as ganas de traballar que teñen, pero tampouco me parece de recibo que vostedes entendan que é difícil de comprender unha actuación que se algunha dificultade de entendemento ten, é o que realizaron vostedes nestes cinco meses.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente que un tema coma este nos ten que unir, tanto é así que imos votar a favor da moción porque estamos completamente de acordo. Si que é certo que calquera atranco que nos podamos atopar en calquera acción que estea destinada precisamente á loita contra a violencia de xénero sempre é máis frustrante que outros atrancos que nos poidamos atopar ó mellor noutros eidos.

Por iso que dende que cheguei atopeime cunha serie de accións que estaban previstas pero que non se daban materializado. Efectivamente o marcador dixital forma parte dunha campaña que xa comezou hai meses e durante o seu mandato, as siluetas na lonxa do Concello xa estaban colocadas e o marcador estaba encargado e non só iso, senón que estaba feito e gardado nun almacén e non se daba colocado. Quizais o que é unha mágoa é que desaproveitara vostede a ocasión do ter colocado vostede mesma antes de deixar o goberno.

En canto ós pisos o requirimento de que os acepte o Concello está na propia acta da mesma reunión na que se acordou a cesión desas vivendas; nesa acta se indica que o Concello ten que estar de acordo con esa cesión e non se lle pode impoñer de xeito unilateral. Tamén é certo que logo a Consellería convocou ó Concello a unha nova reunión para tratar este tema no mes de xullo, falouse previamente por teléfono segundo me indicaron na Delegación da Consellería, e non teño por que

desconfiar, coa persoa representante deste Concello nesa Comisión para acordar unha data e finalmente esa persoa non acudiu supoño que porque foi en datas posteriores ás eleccións municipais.

De todos os xeitos isto é pasado, as cousas resolvéronse dende que chegamos ó goberno, o marcador dixital está instalado, vai continuarse coa campaña que xa estaba iniciada ó igual que se continua, como ben indicou, con outros programas e trabállase para os reforzar e ampliar, como é o caso de “Camiña con nós pola igualdade” que procurará chegar a máis centros da cidade dos que chegaba ata agora e seguiremos traballando neste sentido.

Ademais estou hoxe especialmente satisfeita da xornada reivindicativa de onte porque na manifestación demostrouse que é un tema que preocupa á sociedade e á cidadanía viguesa, probablemente había máis xente ca nunca e quizais por iso non nos vimos todo o mundo pero botei en falla a algunhas persoas que acotío acudían cando estaban no goberno e que este ano non o fixeron.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sra. Veloso, cando se fala non se pode fallar á verdade e vostede está falando dunha reunión do mes de xuño sen concretar a data; nunha parte do mes de xuño gobernou o Partido Popular en funcións e noutra este bigoberno, polo tanto eu non era representante desa comisión, pero á persoa que ía non lle consta que estivese convocada, non sei se houbo ou non unha chamada de teléfono.

Polo tanto vostede mesma está recoñecendo que esa acta na que se di que se solicitaba a aceptación probablemente non chegara a este Concello ata que vostedes gobernaron.

A verdade é que eu esperaba máis de vostede pero, se me está dicindo que tanto o marcador como as vivendas a reunión foi de xuño, estamos no mes de novembro e unha cousa a acaba de inaugurar e a outra non a puxo en marcha, como siga así o que eu cría que vostede podía dar de si, coido que me estaba equivocando.

Si que é verdade que podería ter colocado o marcador pero polo que eu non tiven présa foi por facer precisamente en campaña medidas que se puideran considerar que as estabamos utilizando. Antes o Sr. Domínguez Olveira dicía que no Partido Popular eramos habituais de manexar ós colectivos; con isto se está contradicindo porque se realmente quixéramos facelo inauguraríamos ese marcador. Si puxemos

en marcha as primeiras iniciativas como foi a das siluetas á que por certo invitamos a todos os grupos municipais.

Eu coido que as cousas están claras, a xente sabe o que son cinco meses e o que se fixo durante estes cinco meses. Eu de verdade espero sinceramente polo ben da sociedade viguesa e polo ben das mulleres vítimas de violencia, que sexan vostedes quen de acadar moitos máis pisos ou alomenos os necesarios para que non haxa unha soa muller vítima de violencia que non teña todos os medios necesarios para a apoiar nesa difícil situación dende o Concello vigués e dende as distintas administracións. Coido sinceramente que é unha responsabilidade de toda a sociedade loitar contra este problema que é increíble que en pleno século XXI siga habendo mulleres que, polo sinxelo feito de dicir non, sufran pagar coa súa vida por este problema. Coido que iso é o verdadeiramente importante e dende logo que aí, nesa loita, nesa responsabilidade sempre estará o Partido Popular, como tamén o estivo representado nos actos que houbo onte, día 25 de novembro.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, instando a intensificación de medidas na loita contra a violencia de xénero, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (162).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO TOMAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA O CUMPRIMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de novembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"O pasado 30 de novembro de 2006 aprobouse no Congreso dos Deputados a Lei de Dependencia que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2007.

Segundo o texto desta Lei, os concellos deben colaborar e participar no desenvolvemento e na xestión dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.

Asemade, o Sistema de Atención á Dependencia deberá desenvolverse coa colaboración e participación das entidades locais ao longo de todo o proceso, correspondéndolle aos concellos:

- Xestionar o acceso das persoas en situación de dependencia que viven nos seus concellos.
- Atención, información e orientación.

Por outra banda, non se pode esquecer que os concellos posúen unha importante rede de atención primaria que hoxe en día xestionan boa parte dos servizos recollidos na Lei e que contan co persoal axeitado para facer chegar a información e levar a cabo o seguimento das persoas usuarias do sistema.

Sen embargo, en Vigo prodúcese un desprezo ós servizos municipais e non se respectan as competencias que a lei recoñece ós Concellos na aplicación da mesma.

Tendo en conta as competencias que a Lei recoñece aos concellos e sobre todo a necesidade de acelerar a súa aplicación e posta en marcha na nosa Comunidade, o Pleno desta Corporación acorda:

- Instar ao goberno local a poñer en marcha unha Oficina Municipal de Atención á Dependencia onde as persoas dependentes deste Concello poidan recibir a información necesaria sobre os servizos recollidos na Lei e a tramitación das axudas correspondentes.
- Levar a cabo unha campaña informativa entre os veciños deste Concellos que están en situación de ser posibles beneficiarios destas prestacións para lles informar da creación desta Oficina Municipal de Atención á Dependencia e dos seus servizos."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O 30 de novembro de 2006 aprobouse a Lei de dependencia no Congreso dos Deputados co apoio do Partido Popular. Esta lei entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOE. Establécese que a efectividade do dereito ás prestacións por dependencia será a partir do 1 de

xaneiro de 2007. Durante este ano atenderase ós grandes dependentes e ata o 2015 se incorporarán ós poucos ós dependentes moderados.

A lei de 14 de decembro de 2006 establece, entre outros moitos supostos, que o sistema se desenvolverá coa colaboración e actuación de todas as administracións públicas e coa participación das entidades locais. A lei inspírase, entre outras, na colaboración dos servizos sociais e sanitarios, na prestación dos servizos ós usuarios consonte coas normas aplicables ás entidades locais. A lei crea o comité consultivo do sistema para a autonomía e atención á dependencia, órgano asesor na materia adscrito ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no que figuran seis representantes das entidades locais. Ademais o sistema de atención á dependencia deberá desenvolverse coa colaboración e participación das entidades locais ó longo de todo o proceso, correspondéndolles ós concellos xestionar o acceso das persoas en situación de dependencia, a atención, orientación e información.

Non debemos esquecer que os concellos posúen unha importante rede de atención primaria que hoxe en día xestionan unha boa parte dos servizos recollidos na lei e que contan con persoal axeitado para facer chegar a información e levar a cabo o seguimento das persoas usuarias do sistema. Comparativamente co resto das comunidades autónomas, o procedemento de valoración da dependencia é moi diferente. Iníciase a través dos servizos sociais municipais onde reside o solicitante. En Vigo estase producindo un desprezo ós servizos municipais e non se respectan as competencias que a lei recoñece na aplicación da mesma.

A seguir a Sra. García Míguez procede a ler a parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Como establece o articulado da Lei de dependencia correspóndelles ás Comunidades Autónomas e máis concretamente neste caso á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a valoración e a emisión da resolución do grao do nivel de dependencia, así como emitir un plan de actuación, planificar, ordenar, coordinar e dirixir os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.

No ámbito municipal os concellos deben traballar na detección de necesidades a través da diagnose; no Concello de Vigo a rede de oficinas dos servizos sociais, as

Unidades Básicas de Acción Social -UBAs- xa están a cumprir este cometido. Entendendo que estando entre as obrigas das administracións a necesaria coordinación entre elas, a mesma lei de dependencia fala no seu artigo 3 de cooperación administrativa, o Concello de Vigo xa ten unha participación activa no canto da dependencia pero sempre sendo consciente das súas obrigas e sen tentar interferir no traballo e nas competencias doutras administracións. Non tería ningún sentido poñer en marcha os organismos pantasma que non só poderían asumir competencias que non lles corresponderían, senón que estarían atrancando o traballo daqueles que si as teñen. Coido que o noso labor é máis serio que tentar a creación dunha rede paralela por razóns de oportunidade política. Nós en ningún caso estamos dispostos a xogar cos cartos dos vigueses e das viguesas duplicando servizos baleiros de contido e por iso imos votar en contra desta moción.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Coido que somos todos coñecedores do labor de Vicepresidencia dentro do sistema de dependencia. Nós non pretendemos interferir no traballo de valoración, emisión, coordinación e da dirección que si é unha función que se debe ter dende a comunidade autónoma e dende a Vicepresidencia da Xunta de Galicia. Pero o que si reclamamos é unha oficina de información, asesoramento e apoio dentro dunha coordinación axeitada xa que os servizos municipais son en principio o máis coñecedores das necesidades de todos e de cada un dos usuarios.

O que estamos percibindo dende o Partido Popular é que en troques de apoiar a este grupo de persoas tan necesitadas o que si se está facendo por exemplo é un enfoque á hora de cambiar o nome da lei que é un pouco o que debe ser para que os cidadáns nos esquezamos das promesas, así que xa non é a Lei de dependencia, agora lle chamaron o Sistema Galego de Benestar. Un pouco debe ser polas promesas que se deberían ter cumprido e que hoxe en día non é así.

Dende Madrid prometéronse sesenta millóns de euros para levar a cabo a aplicación da lei; o que concederon foron dezaoto millóns de euros co que vai ser moi complicado que se poidan levar a cabo todas esas promesas que se fixeron. Exactamente pasa o mesmo cunha campaña publicitaria con catro autobuses facendo un exceso de gastos innecesarios con respecto á aplicación da lei. Ademais

diso once meses logo da entrada en vigor da lei aínda non comezaron os traballos de valoración e ningún vigués percibe a axuda que lle corresponde malia as problemas que se fixeron.

Tamén dende Vicepresidencia en xuño de 2006 prometíase a creación dun servizo nacional de transporte adaptado para a dependencia e non se cumpríu. Pero é que en xuño deste ano tamén se prometeu un servizo de transporte adaptado e o número de teléfono 065 social que tampouco se cumpríu.

A perspectiva actual é que hai 100.000 dependentes galegos ós que se lles están negando os dereitos dos que tiñan que estar gozando hai un ano e iso é polos seus excesos nos gastos de publicidade, porque non acadaron os 60 millóns de euros necesarios para levar a cabo a aplicación da lei, senón 18, e pola súa falla de xestión cos seus socios de goberno.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Efectivamente a valoración é unha competencia que depende da Xunta, o mesmo que a información tamén se ten que dar dende alí.

Neste momentos na cidade de Vigo cóntase xa cun equipo que realiza a valoración nas dependencias sitas na rúa Areal, ademais das oficinas que a Xunta ten nos sete centros sociais dependentes desta administración. O Concello de Vigo ademais exerce todas as súas competencias, tamén de información, a través das oficinas dos servizos sociais, as UBAs. Neste momento o Concello de Vigo dispón de once UBAs na nosa cidade, dúas en Teis que atenden Teis e Travesía, unha en Coia, unha en Rivera Atienza para o Calvario e Lavadores, tres no Casco Vello que atenden o casco vello, zona centro e O Castro, e tres no propio Concello para Castrelos, zona sur e litoral, polo que hoxe o Concello de Vigo a través dos servizos sociais indicados asume e desenvolve perfectamente as competencias recollidas na Lei 39/2006, de dependencia.

Sendo consciente ademais dende aquí da aposta que se está a facer dende Vicepresidencia para informar á cidadanía dende os centros sociais dependentes da mesma, contando o Concello neste momento cunha moi importante rede de UBAs en funcionamento, sexamos serios realmente e non xoguemos cos cartos que non nos pertencen.

Esta moción, como moitas das que se están a presentar neste Concello, chega tarde. Que sentido ten crear unha oficina de información cando toda a información

sobre dependencia se está a dar dende as oficinas dos servizos sociais do Concello, que son once UBAs, ademais das sete coas que conta a propia Xunta de Galicia e das localizadas na rúa Areal? Non tería sentido neste momento crear unha nova oficina que non só vai duplicar esforzos sen avanzar en absoluto en eficiencia, senón que vai contribuír á confusión e polo tanto á desinformación que é todo o contrario do que pretendemos dende este goberno.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Somos coñecedores de que existen once UBAs na cidade de Vigo pero as traballadoras sociais que traballan nelas non atenden a dependencia, non teñen a información nin a formación porque non recibiron absolutamente nada para poder informar ós cidadáns vigueses.

Entón si que debería reunirse con elas e tomar en consideración as necesidades que temos os cidadáns de Vigo con respecto á Lei de dependencia. É mágoa porque verdadeiramente estas persoas si necesitan esas axudas e non teñen os recursos económicos necesarios.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, instando a tomar as medidas necesarias para o cumprimento da Lei de Dependencia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (163).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO QUE NA PRÓXIMA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO SE INCLÚAN TRES

PRAZAS PARA A OFICINA DA INMIGRACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de novembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Con data 2 de agosto de 2004 aprobouse na xunta de Goberno Local a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para levar a cabo un programa de actuacións conxuntas en materia de atención á inmigración e á emigración retornada na cidade de Vigo.

A creación desta oficina no ano 2005 produciuse polo crecente número de inmigrantes estranxeiros e emigrantes retornados. Este crecemento progresivo da poboación inmigrante, foi en aumento nos últimos cinco anos de xeito significativo e a necesidade de lle dar unha atención específica, dada a problemática particular que presenta, determina que os recursos ordinarios do Concello destinados á súa atención resulten insuficientes.

Esta oficina creouse co obxecto do desenvolvemento dun programa integral de atención, orientación e asesoramento a inmigrantes e emigrantes retornados no Concello de Vigo, por parte das entidades anteriormente mencionadas, coa finalidade de facilitar a integración social e laboral deste colectivo.

Con data 10 de xaneiro de 2005 se contrata persoal, polo seu mérito e capacidade mediante un proceso de selección, para cubrir o convenio de colaboración. Este persoal está formado por un grupo cualificado de persoas integrado por un licenciado en dereito, un diplomado en traballo social, e unha auxiliar administrativa.

Este persoal cualificado foi contratado dende 2005 ata a actualidade cun eficaz desenvolvemento da súa actividade, sendo amparados polas estatísticas de expedientes manexados que foron en aumento dende a súa creación.

Con data 15 de decembro de 2007 finaliza o contrato do persoal da oficina de atención á inmigración e á emigración retornada e para poder manter a prestación deste servizo con toda a eficacia, solicito:

Se inclúan na próxima relación de postos de traballo as tres prazas que conforman a oficina de atención á inmigración e á emigración retornada."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Espero que realmente sexa aprobada esta moción

porque estou mirando que a todas de carácter social din que si, que están de acordo pero ó final din que non. Espero que esta, que dalgún xeito ten un carácter social por razóns evidentes, a acepten vostedes.

Con data 2 de agosto de 2004 aprobouse na Xunta de Goberno Local a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emigración da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para levar a cabo un programa de actuación conxunta en materia de atención á emigración e á emigración retornada na cidade de Vigo. A creación desta oficina no ano 2005 produciuse polo crecente número de emigrantes estranxeiros e emigrantes retornados.

Este crecemento progresivo da poboación emigrante foi en aumento nos últimos cinco anos de xeito significativo e a necesidade de darlle unha atención específica, dada a problemática particular que presenta, determina que os recursos ordinarios do Concello destinados á súa atención resulten insuficientes.

Esta oficina creouse ó abeiro do RD 2393/2004, de 30 de decembro, que desenvolve a Lei de estranxeiría que atribúe as competencias de estranxeiría ó Concello co obxecto do desenvolvemento dun programa integral de atención orientada e asesoramento a emigrantes e emigrantes retornados do Concello de Vigo por parte das entidades anteriormente citadas, coa finalidade de facilitar a integración social e laboral deste colectivo.

Con data 10 de xaneiro de 2005 se contrata ó persoal polo seu mérito e capacidade mediante un proceso de selección para cubrir o convenio de colaboración antedito e subscrito. Este persoal está formado por un grupo cualificado de persoas, integrado por un licenciado en dereito, un diplomado en traballo social e unha auxiliar administrativa. Este persoal cualificado atendeu numerosas consultas, expedientes, informes, arraigamentos durante todo o período 2005-2006. As consultas, que é unha cousa que chama máis atención, aumentaron dende o 2005 en 447 persoas, ata outubro deste ano en 1227 persoas.

Por iso, con data 15 de decembro de 2007, rematado o contrato do persoal da oficina de atención á emigración e emigración retornada e para poder manter a prestación deste servizo con total eficacia, solicita este grupo Popular se inclúa na próxima Relación de Postos de Traballo as tres prazas que conforman a oficina de atención á emigración e á emigración retornada.

SR. LÓPEZ FONT: Entendo que a moción debeu ser presentada dende o Partido Popular dende a falla de información ou coñecemento de cal é a situación que por outra banda está perfectamente relatada na moción. É certo que este convenio ven dende o ano 2004, mantívose durante o ano 2005, 2006 e 2007 e é un convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral de Emigración.

Por parte da Concellería de Benestar Social o que se pretende manter, dado o bo funcionamento do servizo e a necesidade de que este continúe o seu traballo de xeito ininterrompido, é a sinatura dun novo convenio e mesmo nesta ocasión se formula xa con máis perspectiva de futuro en canto ó ano 2008-2009, fórmulase a sinatura, e xa está así acordado, coa Secretaría Xeral de Emigración dun convenio para os anos 2008-2009.

Polo tanto como queira que isto está comprometido, como queira que é o que se viu facendo ata este momento, entendemos que o único que procede é manter o convenio nas mesmas condicións que dende o ano 2004, como ademais ben se indica na moción, e que polo tanto non é nin necesario, nin conveniente establecer con cargo ó cadro de persoal propio do Concello tres prazas que xa están contempladas neste convenio e que polo tanto se van manter.

A título de información indícolles que a subvención en torno a 80.000 euros correspondente ó ano 2006 xa está cifrada cos correspondentes incrementos relativos ó IPC para os anos 2008 e 2009. Polo tanto e sobre todo tendo en conta que imos actuar do mesmo xeito que o fixo o goberno do Partido Popular durante tres anos, entendemos que non procede a moción e que pola contra sería necesario un acordo sobre que este convenio se mantivese na coincidencia de todos en manter esta oficina.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Moitas gracias, Sr. López Font, pero eu non lle estou falando de cartos, estou falando de persoas e persoal que son os que realmente importan a min e a este Partido Popular, é dicir, vostede fáleme de que hai financiamento, do convenio, etc., efectivamente, moitas gracias por volver ratificar algo que asináramos nós, paréceme estupendo, pero o que si é certo é que eu lle estou falando de persoas, non de financiamento, nin de suba de IPC, nin demais. Estou falando de persoas que realmente estiveron consolidadas, arrancaron con esta oficina da que nun principio non tiñamos antecedentes e que realmente deron un

servizo, polo dicir dalgún xeito, esplendoroso con relación ós emigrantes.

Estamos falando de que a poboación de emigrantes subiu. No ano 2004 tiñamos 9.440 e na actualidade, en xaneiro de 2007 temos 14.413. Temos que este persoal deu un servizo total e absoluto, sen ningunha queixa, cunha total dedicación e por conseguinte considero que estas persoas das que vostede di que se o convenio ou demais, estamos falando de que é un servizo máis que está xerando o Concello e por conseguinte non habería ningunha pega por parte de ningún grupo político de poder instaurar a estas persoas dentro dun réxime como pode ser o propio Concello xa que é quen está xerando o propio servizo e non un organismo distinto ó que nós temos.

Eu insisto novamente e dígolle con total sinceridade que non quero que me fale de números, nin de financiamentos, nin de convenios; o que quero é que me fale vostede realmente destas persoas que están acotío ó servizo do pobo, dos cidadáns, da emigración, dedicados plenamente e que realmente agora por circunstancias nas que non imos entrar se ven un pouco afastadas desta situación.

Dende este grupo popular pedimos que vostede teña esa delicadeza coas persoas, co grupo, con estas prazas que realmente o Concello pode fornecer, para crear nesa RPT que realmente é necesaria para a distribución deste tipo de consultas.

SR. LÓPEZ FONT: Lamento que esteamos falando de cousas totalmente distintas e que o pedimento que vostede fai no nome do grupo Popular sexa inviable mesmo xuridicamente.

Eu estoulle falando dun servizo que ven dende o 2004, en todo caso poderíalle indicar que isto mesmo que propoñen hoxe o poderían ter proposto no 2006 ou no 2007. Estoulle dicindo que este servizo se vai manter, que imos facer un convenio nas mesmas condicións que o que asinou o goberno da señora Porro en anos anteriores e sorpréndeme, dígollo cariñosamente, o seu descoñecemento no relativo á función pública e o acceso de persoas a ela en xeral e no Concello en particular. Aínda que nós quixeramos aceptar esta moción de creación na Relación de Postos de Traballo de tres prazas non significaría que estas persoas se quedasen. Polo tanto non me pode invocar que non teñamos sensibilidade por estas persoas que desenvolveron un magnífico traballo, eu non só non o dubido senón que mesmo me constatan que este traballo se realizou, pero non se pode invocar aquí

sen dicir todo o que significaría esta moción é que polo feito de crear estas tres prazas terían acceso automático estas persoas.

Polo tanto remato, mantemos o servizo, mantemos o convenio nas mesmas condicións nas que ven do goberno anterior como xa recoñecín, dáselle viabilidade co acordo coa Secretaría Xeral de Emigración para os anos 2008 e 2009 e, unha vez que temos ese marco legal, tamén lle garanto que veremos o que podemos facer por estas persoas sempre dentro do respecto á legalidade. Pero, de verdade, non trate de confundir con relación o que é unha creación de postos de traballo e o seu carácter automático para uns traballadores que están desenvolvendo o seu posto neste Concello.

Polo tanto eu espero que con esta segunda parte da explicación tanto vostede como os membros do Partido Popular entenderan o que realmente se está a facer en relación a este tema dende o goberno e entendo que deberían retirar a moción porque o que estamos a facer dá cumprida conta do que vostedes pretenden, agás ese erro que vostede ten sobre o acceso á función pública.

Solicito polo tanto que retiren a moción pero garanto o que dixen anteriormente sobre que o servizo se vai manter, vanse manter estes tres postos de traballo e cando falaba de cifras non o facía por querer ir fóra do tema, senón que sinxelamente é a constatación de que isto realmente está acordado en igualdade de condicións que anos anteriores.

Insisto en que do facer se podería ter feito con anterioridade e de non retirar a moción sorprendería que manteñan unha moción que significa facer o mesmo que fixeron vostedes anteriormente.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Gracias de novo, Sr. López Font, semella que están volvendo dármonos clases e demais. Eu négome a dar ningunha clase aquí, nin a vostede, nin lle falar sobre a función pública ou demais. Coido que non me entendeu vostede ou o mellor é que non me explico eu ben, pode ser.

Acábolle dicir que a min o que me interesa é que dende este Concello, que é o que realmente xera unha situación como o convenio que vostede está dicindo que asinamos, que van rubricar, é que se xere na RPT para realmente ter dun xeito, como vostede ben di, ós funcionarios nos postos que realmente o Concello necesita dar disposición ós emigrantes. Non que xere, nin que se introduza, nin que se poña

a ninguén distinto de quen realmente se pode estipular por Lei. Eu solicítolle que se xere na RPT eses tres postos de traballo para poder requirir ó persoal funcionario para iso.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, instando que na próxima relación de postos de traballo se inclúan tres prazas para a oficina de inmigración, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (164).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A APERTURA URXENTE DUNHA ESCOLA INFANTIL NA RÚA PALENCIA NO CALVARIO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de novembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"No Pleno da Corporación Municipal do pasado 29 de setembro xa faciamos alusión ao reto que supón para as administracións públicas facilitar a conciliación da vida laboral e familiar co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos cidadáns. Para isto é preciso dispoñer de escolas infantís que permitan a pais e titores compatibilizar efectivamente a súa xornada de traballo co coidado e atención dos seus nenos.

Isto é especialmente necesario na nosa cidade onde, á vista dos datos que proporciona o INE e o padrón municipal, hai 9.450 nenos en idades comprendidas

entre os 0 e os 3 anos.

Para o Grupo Popular esta sempre foi unha cuestión esencial e o demostra o feito de que durante o seu goberno se duplicasen as garderías públicas existentes ata ese momento en Vigo e se propuxeran catro novas escolas infantís.

A día de hoxe o número de prazas nas 8 escolas infantís públicas en Vigo é de 513. Un número, en calquera caso, totalmente insuficiente para a nosa cidade, como o amosan os 1.282 nenos, máis do dobre, que quedaron en lista de espera. É dicir só 1 de cada 3 nenos que o solicitaron obtiveron praza.

Ao Grupo Popular preocúpalle que non se propicien solucións rápidas ao problema e polo tanto non entende o atraso na apertura da escola infantil da rúa Palencia en O Calvario. Lembrar que esta escola se puxo en marcha mediante un convenio para a súa construción, asinado por Corina Porro coa Xunta de Galicia o 13 de abril de 2005.

As previsións do anterior goberno municipal eran de que a construción do edificio estivera rematado en setembro. O seu mobiliario, tamén incluído no convenio, estaba xa adquirido pero agarda almacenado en dependencias do Concello a súa instalación na escola.

O Grupo Municipal do Partido Popular, alarmado polo atraso na apertura desta escola infantil formula a seguinte proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación:

Instar ao goberno municipal a apertura con urxencia da escola infantil da rúa Palencia en O Calvario."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SRA. LARRIBA LEIRA: Eu queredría lembrar que no Pleno da Corporación Municipal do pasado 29 de setembro xa faciamos alusión ó reto que supón para as administracións públicas facilitar a conciliación da vida laboral e familiar co obxectivo de mellorar a calidade de vida dos cidadáns e para isto é preciso dispoñer de escolas infantís que permitan a pais e titores compatibilizar efectivamente a súa xornada de traballo co coidado e a atención dos seus nenos. Isto é especialmente necesario na nosa cidade onde, á vista dos datos que proporciona o INE e o Padrón Municipal hai 9.450 nenos en idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos.

Para o Grupo popular esta foi sempre unha cuestión esencial e amósao o feito de que durante o seu goberno se duplicasen as garderías públicas existentes ata ese

momento en Vigo e se propuxeran catro novas escolas infantís.

A día de hoxe o número de prazas nas oito escolas infantís públicas en Vigo é de 513 prazas, un número en calquera caso totalmente insuficiente para a nosa cidade como o mostran os 1.282 nenos, máis do dobre, que quedaron en lista de espera, é dicir, só un de cada tres nenos que o solicitaron obtiveron praza.

Ó Grupo popular preocúpalle que non se propicien solucións rápidas ó problema e polo tanto non entende o atraso na apertura da escola infantil da rúa Palencia no Calvario. Lembrar que esta escola se puxo en marcha mediante un convenio para a súa construción asinado por Corina Porro coa Xunta de Galicia o 13 de abril de 2005. As previsións do anterior goberno municipal eran de que a construción do edificio estivese rematada en setembro. O seu mobiliario, tamén incluído no convenio, estaba xa adquirido pero agarda almacenado en dependencias do Concello á súa instalación na escola.

O Grupo municipal do Partido Popular, alarmado polo atraso na apertura desta escola infantil, formula a seguinte proposta ó Pleno da Corporación para a súa aprobación: Instar a apertura con urxencia da escola infantil da rúa Palencia no Calvario. Moitas gracias.

SRA. VELOSO RÍOS: Vaime permitir a Sra. Larriba que antes de comezar con este tema faga referencia ás verbas da súa compañeira, Sra. Molares, porque teño que dicir que me sinto moi honrada de saber que creo tantas expectativas e que confía tanto no meu traballo. Espero responder ás expectativas creadas e dende logo traballarei arreo para podelo facer.

Efectivamente levamos dende o 16 de xuño, data na que tomamos posesión, e nas mocións nas que me toca intervir neste Pleno estamos falando das cousas que fixemos durante estes cinco meses sobre temas que veñen dende 2004, como o centro de día Atalaia, dende 2005, como os pisos de saída, ou como neste caso da escola da rúa Palencia que ven tamén dende o 2004, como ben saben.

Síntome un pouco como en “Cuéntame como pasó” e dáme un pouco de vergoña ter que dar datas e contar o que pasou durante os seus tres anos de mandato con todos estes proxectos que, cando finalizou o seu mandato, estaban sen rematar e agora si o están e a piques de funcionar como é tamén o caso da escola infantil da rúa Palencia.

En novembro de 2006 a Xunta de Galicia, a través do secretario xeral de Relacións Institucionais de Vicepresidencia, comunícalle ó Concello que cómpre facer unha modificación do proxecto e desa modificación xamais se soubo. Non se fixo nada máis, non se aprobou esta modificación e non se dotou de orzamento ata que na Xunta de Goberno Local do 23 de xullo de 2007 se autoriza a redacción do modificado do proxecto da obra da escola infantil da rúa Palencia.

Logo do decreto de Alcaldía do 5 de xuño de 2007, o departamento de Benestar Social faise cargo deste proxecto porque así lle corresponde segundo as delegacións aprobadas e a partir dese momento e con cargo ó orzamento de Benestar Social desatráncase por fin o expediente que estaba paralizado basicamente por falla de dotación orzamentaria por parte da Concellería de Educación que era a que tiña daquela a responsabilidade de sacar adiante esta escola infantil e que non o fixo.

Agora mesmo están facéndose as obras desa modificación do proxecto que estarán rematadas a 31 de decembro de 2007, con isto si xa poderemos falar de poder contar cunha nova escola infantil para o ano que ven, que a desatrancamos dende que chegamos porque dende que tomamos posesión, neste caso dende que tivo as delegacións a concelleira de Benestar Social, fixo todo o posible para que esta escola infantil se poida abrir por fin e así efectivamente aumentar o número de prazas para nenos e nenas nesta cidade en escolas infantís que son tan precisas.

De feito chámanos moito a atención que nesta moción se diga que se duplicaron as garderías públicas existentes ata o momento en que chegaron vostedes ó goberno desta cidade porque, quizais nos fallan datos, pero nos gustaría saber cales son esas escolas infantís que se abriron durante ese mandato.

SRA. LARRIBA LEIRA: A nosa información é que a obra estaba xa rematada e entregada a Benestar Social e, tamén segundo as nosas informacións, só quedaba o axardinamento por facer nesa escola para rematar a obra. A nosa información é que o material para o axardinamento e mesmo a empresa encargada do facer estivo mirando a obra hai dez días e que o material para facer o axardinamento da escola levouse alí fisicamente a semana pasada. Entón eu vexo bastante lentitude na execución disto porque estamos xa no mes de novembro ben adiantado e aínda estaban vendo agora, coa obra xa entregada, é dicir, o que é o interior do edificio

xa rematado hai dous meses.

SRA. VELOSO RÍOS: Entón é que igual lle fallaba a información tamén do que pasou no anterior mandato porque efectivamente había unhas obras que facer que veñen indicadas por unha modificación do proxecto que se esixía dende Vicepresidencia que nin se fixeron, nin se dotaron presupostariamente ata que, efectivamente, Benestar Social asumiu esa carga orzamentaria para facer as obras da devandita modificación do proxecto. Ademais de presupostar esas obras tamén se presupostaron as do peche do perímetro e as do axardinamento e estanse facer agora porque está previsto rematar todas as obras precisas para poder abrir esa escola a 31 de decembro.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, instando a apertura urxente da escola infantil da Rúa Palencia no Calvario, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (165).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A MODIFICAR O DECRETO 48/2006 QUE REGULA O PROGRAMA DE VIVENDA EN ALUGUER.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de novembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Dende o Partido Popular estamos convencidos que é posible realizar política social mediante a implementación de programas ambiciosos, máis aló do puro electoralismo, en materia de aluguer de vivenda, programas que redunden en beneficio da cidadanía en xeral, pero directamente nos colectivos máis desfavorecidos, con preferencia pola súa incidencia nos menores de 35 anos e os maiores de 65.

Nas últimas enquisas do CIS a vivenda ven sendo un dos primeiros factores de preocupación para os españois e na última enquisa alcanza o primeiro posto nese *ranking*.

Para acadar estes obxectivos non basta exclusivamente con paliar o déficit de vivendas en aluguer, senón que se fai preciso abrir os programas a aqueles sectores poboacionais máis necesitados da axuda. Por iso entendemos dende o Partido Popular de Galicia que estas axudas deben ser abertas temporalmente, e dirixido aos sectores da poboación cuxo IPREM (Índice Público de Renda a efectos Múltiples) estea comprendido entre 0,7 e 3,5. A devandita ampliación implica unha clara vontade política decidida á asunción do reto de aumentar a accesibilidade da cidadanía a unha vivenda digna, tomando ademais en consideración as dificultades económicas que moitos sectores poboacionais sofren relacionados nuns casos co acceso ao mundo laboral e noutros con alcanzar a idade da xubilación ou a percepción de prestacións públicas.

No devandito ánimo é polo que dende o Grupo Municipal do Partido Popular propónse ao Pleno da Corporación co fundamento legal invocado ao principio desta moción que se tome o acordo que segue:

Instar á Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia a fin de que se proceda á reforma lexislativa precisa pola que se modifique o Decreto 48/2006, do 23 de febreiro, que regula o Programa de Vivenda en aluguer, no seguinte sentido:

1.- Que se modifique o artigo 17 do Decreto a fin de eliminar a referencia ao límite máximo de cinco anos para ter acceso ás axudas tal e como se recolle no apartado 2 in fine do citado precepto, procedendo do mesmo xeito a suprimir o apartado 3 do citado artigo.

2.- Que do mesmo xeito se modifique o artigo 18 do citado Decreto 48/2006 no sentido de establecer que os beneficiarios das axudas destinadas a pagar a renda de aluguer o sexan as persoas, unidades familiares ou de convivencia cuxos ingresos estean comprendidos entre 0,7 e 3,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), co que calquera referencia ao límite de 2,5 veces establecido polo Decreto de aluguer actual sexa substituído por 3,5 veces."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Vou comezar facendo unha afirmación. Coido que a pouco que esteamos informados, que vexamos os xornais, os tele diarios, escoitemos a radio, a ninguén se nos escapa que a economía española vai de mal en peor, que o goberno Zapatero acadou o que semellaba imposible: situouna a uns niveis...

A PRESIDENCIA: Señores concelleiros, por favor, garden silencio.

SR. CONDE GIL: Xa sei que non lles gustan este tipo de afirmacións pero coido que é conveniente que comecen escoitalas e acostumarse a elas porque dentro de pouco encargámonos nós do solucionar.

O certo é que a economía española se ralentizou, que os prezos levan unha escalada que os van facer insostibles, o propio Banco de España se dedica a rectificar ó ministro de Economía e, por certo, coido que traballaba con el ata hai ben pouco; a vivenda situouse nos primeiros postos de preocupación dos españois e aínda que vostedes se alborotaron un pouco co tema, coido que estamos volvendo ós tempos nos que o señor alcalde era ministro, os tempos de Felipe González nos que o paro e a vivenda se situaban nos dous primeiros postos de preocupación dos españois. As dúas últimas enquisas do Centro de Investigacións Sociolóxicas así nolo están indicando: o paro e a vivenda son os problemas que máis preocupan hoxe en día ós españois.

Cada día hai un maior endebedamento das familias, o acceso á vivenda dos máis desfavorecidos cada vez ten maiores dificultades e por iso nós traemos a este Pleno a moción que nos ocupa en dous aspectos que entendemos fundamentais: Un, cando gobernabamos na Xunta tiñamos os deberes ben feitos e atados, tiñamos un decreto de aluguer no que se recollían unha serie de condicionantes económicos que o bigoberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego se encargou de retroceder. Empeoramos substancialmente. No ano 2004 tiñamos unha valoración económica para acceso a esas axudas de entre 0,7 e 3,5 veces o IPREM, daquela o Salario Mínimo Interprofesional, máis ou menos andan á par, e vostedes rebaixárono a 2,5 veces.

Por outra banda o noso decreto non tiña establecido ningún tipo de atranco máis ca propia consignación orzamentaria para a solicitude e posterior concesión das axudas. Vostedes encargáronse de poñer unha limitación temporal, neste caso de

cinco anos, con outra premisa a maiores que é o tema de que durante dous anos, de se esgotar eses cinco anos máximos, non se pode volver solicitar esta axuda.

Creemos que o decreto de aluguer deixou de ter a finalidade que tiña con estas modificacións, primeiro porque non chega a todo o mundo que debería e máxime coa situación que describía antes de empeoramento da situación económica e logo que o obxectivo deste plan era o acceso á vivenda dos máis desfavorecidos. O outro día poñía un exemplo que coido que o entenderán todos vostedes: unha viúva de 70 anos, á que lle vai variar pouco a situación económica, só que teña a sorte de que lle toque unha primitiva, vai ter só durante cinco anos acceso a esta axuda e vai ter que esperar outros dous para volver solicitala.

Entendemos que é unha situación que debemos corrixir e por iso traemos a este Pleno esta moción. En aras á brevidade non vou reiterar o instando que facemos pero que se resume en suprimir esta referencia temporal do máximo de cinco anos e de ter que esperar outros dous para volver solicitar a axuda e, por outra banda, elevar o límite máximo para o acceso á axuda de 2,5 veces que establece o decreto actual da Xunta, a 3,5 veces.

SRA. SILVA REGO: Eu quero tomarme en serio as palabras da oposición aínda que nese tema teño que dicir que me custa porque se fala sen rigor, sen ter en conta o pasado, sen ter en conta que durante oito anos en España gobernou o Partido Popular e as políticas de vivenda que se fixeron foron absolutamente nulas. Esquecen tamén que neste País, en Galicia, gobernaron máis aló de catorce anos e as políticas de vivenda foron absolutamente nulas e se as houberse que cualificar dalgún xeito haberías que cualificar como políticas de beneficencia e non políticas de vivenda entendidas como un dereito dos cidadáns.

Cando gobernaba o Partido Popular se aprobou o RD 199/2002, no que se recollía a bolsa de aluguer e tristemente ese programa converteuse nun programa basicamente defraudador e non por suposto pola actuación da administración, quéroo deixar claro, senón porque a administración non participaba dese programa, non tiña unha política activa nel porque a relación contractual establecíase entre o propietario e o arrendatario sen instrumentos de control pola banda da administración o que deu lugar a fraudes que nin sequera hai que explicar porque son coñecidos por todos.

Ademais aquel programa de bolsa de aluguer aprobado polo Partido Popular na Xunta, tivo como consecuencia, tampouco quero votar a culpa a ninguén disto, o aumento de xeito espectacular do prezo da vivenda en aluguer, así como todas as demais políticas realizadas polo Partido Popular tanto no Estado como na Xunta de Galicia, porque lles quero lembrar que as políticas de vivenda realizadas polo Partido Popular co Sr. Aznar, políticas de liberalización absoluta, o que levaron foi a que os incrementos do prezo da vivenda se situaran en torno ó 20%. Hoxe atopámonos no 5%, polo tanto quince puntos por debaixo o que significa un éxito sen precedentes.

Nos antecedentes desta moción que presenta o Partido Popular fálase de que nas últimas enquisas do CIS a vivenda ven sendo un dos primeiros factores de preocupación para os españois. Eu atópome moi leda de que o Partido Popular sexa consciente disto porque iso leva sendo así dende hai bastante máis de dez anos e foi produto das políticas que vostedes desenvolveron, é dicir, ningunha política activa de vivenda.

De todos os xeitos eu alédome de que vostedes veñan unirse a este grupo de goberno, ás 14 persoas, 16 coas dúas non electas, que apostamos por políticas de vivenda que abaraten os prezos e permitan que todos os cidadáns poidan acceder ás vivendas. Alédome de que agora non sexamos 14, senón que 27. É máis, alédome moito porque estou convencida que isto significa que van apoiar o Plan Xeral de Ordenación Urbana que está pendente de aprobación que ten unha medida de aumento do 43% de vivenda para todos os cidadáns. Polo tanto hoxe é un día moi importante para este goberno porque o Partido Popular vense sumar ás políticas de vivenda activa que está a promover o BNG e máis o Partido Socialista.

Este Real decreto do que fai mención esta moción, coido que o hai que explicar porque creo que o Partido Popular non entende que cambiou o modelo dunha política que desenvolvía o Partido Popular en que a relación contractual se establecía entre o propietario e o inquilino, por unha política na que é a administración quen xestiona a vivenda, a que intermedia e asume a responsabilidade entre o propietario e o arrendador a través dun contrato de mandato.

Falamos de cinco anos porque é o período que a Lei manda para poder reter a vivenda a un propietario, non se podería ter máis dese tempo. Entre 0,7 e 0,5 do

IPREM porque a Consellería de Vivenda está dirixida por unha persoa rigorosa, que aposta claramente pola vivenda, por facer que todos os cidadáns poidan acceder á vivenda, tanto en aluguer como en propiedade a prezos alcanzables e o que fixo foi estudar que porcentaxe da poboación se atopa nese intermedio de 0,7 e 2,5 polo IMPREM. esa porcentaxe é o 80% da poboación que se atopa neste intermedio e por iso tomouse esa cifra.

É certo que poderíamos poñer 3'5, 4'5, 5'5 e mesmo 6'5. Ocorre que esta medida está tomada atendendo a unha análise obxectiva da situación. Para a súa información, por riba da metade das persoas que se inscriben nos rexistros de demandantes atópanse a dúas veces por riba do IPREM, por baixo do 2,5 que contén este regulamento.

Polo tanto rigor, seriedade e toma de decisións baseada en estudos e necesidades reais.

Quero rematar esta primeira intervención dicindo que lles felicito porque se veñan sumar a estas políticas activas de vivenda que vostedes nunca desenvolveron porque nunca creron nas políticas activas levadas a cabo pola administración. Sempre creron só na liberación que o único que fixo foi levar á imposibilidade de que os cidadáns puidesen acceder a vivendas a prezos alcanzables e razoables.

De todos os xeitos imos votar en contra porque cremos que este Decreto se corresponde coa realidade. Xa para rematar dicirlles que esta moción ademais é tan pouco ambiciosa, está tan por baixo do que se está a desenvolver en política de vivenda que coido que se teñen que poñer vostedes a estudar máis en serio porque existe un Plan de vivenda 2005-2008 do Ministerio de Vivenda, un Plan de Vivenda 2005-2008 da Consellería de Vivenda, a Lei do Solo do Estado de 2007, o anteproxecto de Lei de medidas urxentes para o fomento da vivenda, a Lei de medidas para promoción de vivenda pública que tamén se vai aprobar no primeiro semestre de 2008, o Plan sectorial de incidencias supramunicipal, incentivos fiscais para favorecer o aluguer, etc.

España está á vangarda das políticas de vivenda, Galicia é unha das comunidades que está máis á vangarda. Se tanto interese teñen nestas políticas de vivenda, teño que lles preguntar por que nos tres anos e medio que estiveron gobernando nesta cidade non fixeron esas políticas porque en políticas de aluguer en Vigo non fixeron nada.

Durante a súa intervención a Sra. Silva Rego foi interrompida en varias ocasións polo público asistente no salón de Plenos tendo a Presidencia que pedir silencio en repetidas ocasións.

SR. CONDE GIL: Nos cen primeiro días de goberno do Partido Popular, dende que tomamos as rendas desta cidade, concedéronse 3.800 vivendas para a construción de vivenda social. Iso son feitos e datos obxectivos. O que vostede expón, na liña de sempre do partido Socialista á que xa estamos acostumados en todos os niveis, dende o máis alto ó máis baixo, son fantasías.

Algunha vez cualificamos aquí ó Sr. Alcalde de mentireiro e de moitas cousas; eu non coido que sexa un mentireiro, é un fantasioso, cre as súas propias mentiras. O outro día preguntábanme na conferencia de prensa que din sobre esta moción se cría que se ía aprobar; eu sabía que non a ían aprobar porque non teñen vostedes vontade política de levar a cabo estes temas. Comparaba ó Sr. alcalde cun personaxe de ciencia ficción que coido que ven bastante a conto con todas as cousas que agora está a dicir; comparábo con Don Quijote de la Mancha. Cunha diferenza: onde don Quijote miraba xigantes detrás había muíños e onde o Sr. Alcalde mira grandes proxectos detrás non hai absolutamente nada, hai fume e máis fume. Esa é a diferenza entre vostedes e máis nós.

Hai outra diferenza: mentres que nós facemos política pensada para a cidadanía, para as persoas, o que fan vostedes é política pensada para ver o que vai dicir o seu compañeiro de grupo, a outra parte do bi-goberno. Se falaba de Don Quijote tampouco me quero esquecer de que estaba Sancho Panza que tamén o temos aquí e que pola península de Barataria cedería a súa alma ó diaño; para o mirar non temos que ir moi lonxe, podemos ir ó Plan Xeral.

Por certo, Sra. Silva, o Plan Xeral non é obxecto desta moción e non lle vou respostar absolutamente nada a ese tema porque nestes intreiros se descoñece todo sobre el xa que vostedes se están encargado de agachar toda a información; logo o meu compañeiro xa fará alusión a ese tema e por outra banda o único que quitamos en claro de todo isto é que están a facer unha cidade de ricos e pobres e os cidadáns teñen que se dar de conta diso.

Pasmoume vostede co seu discurso que por certo, non dicía nada do tema que nos

ocupaba e non tiña pensado falar deste tema pero xa que vostede é a responsable imos falalo. Os grandes proxectos deste bi-goberno municipal, alomenos dende a Alcaldía, resúmense en tres, hoxe coido que é o cuarto e mirámolo na prensa estes días a grandes páxinas, que tampouco entendo moi ben esa campaña publicitaria a escasos cinco ou seis meses de goberno.

O grande proxecto desta cidade é a visita de ZP e os seus ministros que me lembra a caravana aquela de mulleres que foi a un pobo de Extremadura a buscar noivo. Ese é un dos grandes proxectos. Por certo, que veu o Sr. ZP á cidade e o Sr. Alcalde non estaba na foto con el, non sabemos se estaba presente nas xuntanzas ou non.

O segundo encántalle ó Sr. Alcalde xa dende que era presidente da Autoridade Portuaria: facer infografías. O segundo grande proxecto desta cidade é a ponte de Rande, non hai consignación orzamentaria, o Ministerio de Fomento non di nada pero é igual.

O terceiro grande proxecto mirámolo onte e indignoume: unha grande papeleira nos xornais botando a culpa de que a sucidade desta cidade a teñen os cidadáns por non botar os papeis á papeleira. Primeiro era a falla de choiva e as follas e agora son as papeleiras e que somos moi poucos que non tiramos os papeis alí. Non nos insulten, non a nós coma grupo político, senón ós cidadáns porque están a insultar á cidadanía de Vigo e á súa intelixencia. Levamos cinco meses de goberno municipal con total e absoluta parálise.

Xa que falou do Plan Xeral, Consultora Galega no seu informe di que como mínimo se necesitarían catro meses. Como días nos van presentar algo serio en mes e medio? Quen se cre que se puido realizar iso en mes e medio? Deixémonos de polémicas e vaíamos ó tema da moción.

Os fogares galegos gastan cada mes unha media de trescentos euros máis en aboar a hipoteca; a leite, o pan, os ovos, a carne de polo, as cebolas, a tenreira, o que queira, está a subir. No tema da vivenda o IPC acumulado do ano ó mes de outubro, segundo o observatorio da vivenda e o Instituto Nacional de Estatística, está nun 3,7%; iso é o que subiu o alugar da vivenda neste último ano.

Non veñan darnos leccións de como hai que levar a economía deste país porque dende o ano 96 ata o ano 2004 foi o período máis frutífero da economía nacional, foi o período en que España máis medrou, estabamos no ano 96 sen cumprir nin un só dos criterios para chegar ó euro. Ademais vostedes din que a inflación non sube,

o ministro de Economía alardea de que isto xa está estancado e o sábado o propio Banco de España, onde coido que o Sr. Fernández Ordóñez traballaba co Sr. Solbes ata hai non pouco, di que a inflación continuará cara arriba alomenos ata o mes de abril.

Eu pago a miña hipoteca relixiosamente como non me queda máis remedio porque senón o banco se queda co meu piso e cada vez soben máis. Hai xente que non paga absolutamente nada de vivenda porque a ten gratis pero o resto dos mortais non a temos.

O IPREM que está establecido en torno ós 499 euros, o que propoñemos é que xente que gañe en torno ós 1.750 euros ó mes poida ter acceso a estas axudas. Sexa vostede, que nos falou tanto da vivenda social, a que vaia a unha viúva de setenta anos, colectivo que teñen bastante esquecido, que non lle vai variar a súa situación económica e dígalle que ós cinco anos de pedir esta axuda ten que cesar no aluguer ou quitar os cartos non se sabe moi ben de onde porque durante dous anos ten que "descansar". Sexamos serios.

Por certo, a que igual se ten que informar ben é vostede porque non variou en ningún aspecto o Decreto que tiña a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular ó actual, no sentido do xeito de solicitar e de todas esas historias. Só variou en dúas cousas: no aspecto económico que chega menos xente do que tiñamos nós e no aspecto temporal, nós non tiñamos ningún valado posto para prexudicar á xente. Esa é a diferenza entre vostedes e nós, que nós estamos coas persoas e facendo unha política pensada nelas e vostedes fan unha política pensada en non molestar ós seus compañeiros de grupo e en se manter no poder.

SRA. SILVA REGO: Manterse ou non no poder ten que ver coa democracia. De verdade que ultimamente me sorprenden as cousas que din vostedes, empezo a crer que non cren para nada na democracia. Claro que defendo ó conxunto dos membros deste goberno, temos políticas coincidentes, sobre todo no apartado social que é onde estamos a anos luz de vostedes.

Gobernamos porque o decidiron as viguesas e os vigueses, estou segura que dentro duns meses xa o aceptarán porque logo de cinco meses aínda non o fixeron, teremos que lles dar tempo. Faltan só catro meses para que os homes e mulleres que viven no Estado español decidan quen queren que os governe e estou

plenamente convencida de que o seguinte presidente do Goberno de España vaise chamar José Luis Rodríguez Zapatero porque a día de hoxe está a vinte puntos por riba do Sr. Rajoy. Ademais todas as enquisas en intención de voto nos sitúan por riba do partido Popular.

Van votar ó Sr. Rodríguez Zapatero e ó Partido Socialista e imos seguir gobernando porque non se pode falar sen ter contido e nós falamos porque fixemos políticas sociais coma nunca se fixeron neste país. Hoxe estamos a falar aquí de política de vivenda promovida polo Partido Socialista no Estado e polo Partido Socialista e máis o Bloque Nacionalista Galego na Xunta de Galicia. Políticas a favor da dependencia, políticas revolucionarias en Galicia tamén apoiadas polo Bloque Nacionalista Galego.

España é unha potencia económica no mundo, os datos económicos destes case catro anos de goberno do Partido Socialista no Estado situáronnos nun referente económico en Europa e no mundo, medramos por riba dos países da Unión Europea en datos económicos e en datos de emprego. Vostede pode dicir o que lle pareza que todo o mundo sabe que é mentira.

Ademais ten vostede razón, ós socialistas gústanos ser Don Quijote porque era un utópico, un idealista e nós tamén o somos, queremos cambiar o mundo e estamos a acadalo. Comezamos a conseguilo no ano 1982, houbo un *parón* en políticas sociais de oito anos mentres gobernaron vostedes e agora levamos catro anos en que volvemos de novo facer que este país se poida definir coma un país social onde os homes e as mulleres, as persoas, ocupan o lugar primordial.

Vostede pode facer toda a demagogia que queira, nada máis hai que ver cales son os seus posicionamentos neste tema concreto da moción en torno ás políticas de vivenda. Vostedes levaron a este país a unha situación insoportable, fixeron a política máis liberalizadora de toda a Unión Europea, o que trouxo un aumento insostible dos prezos e vostede sábeo.

De todos os xeitos repítoles que os felicito porque veñan cara a unha nova política de vivenda na que a loita contra a subida dos prezos sexa compartida por todos os partidos políticos do noso país e alédome moito desta moción.

Agora ben, temos que votar en contra porque vostedes non entenden nada. Os cinco anos e o período que a Lei manda para poder reter a vivenda a un propietario; non podemos poñer máis tempo do que marca a Lei. No intermedio do 0,7 ou 2,5

do IPREM repítolle que está o 80% da xente.

En todo caso non teña vostede ningunha dúbida de que se estudos posteriores demostran que ese abano non é suficiente, a Consellería de Vivenda tomará as medidas precisas para tentar que todos aqueles que teñan necesidades especiais en torno á vivenda de aluguer poidan ter acceso a ela.

Repítolle que somos vangarda en políticas de vivenda, no Estado e na Xunta de Galicia. É un enorme orgullo para este Goberno municipal. Tamén lle lembro que a partir de xaneiro de 2008 imos ter neste municipio unha oficina de vivenda que vai promover vivendas de protección en propiedade e en aluguer a prezos axeitados. O que lle pregunto é por qué non o fixeron vostedes nos tres anos e medio que gobernaron. Non teñen credibilidade ningunha para facer este discurso.

Finalmente esta cidade tamén vai ser unha cidade vangardista en políticas de vivenda, imos poder ter o orgullo de ser un referente non só en Galicia senón no estado. O tempo pon a cada quen no seu lugar. O seu tempo xa pasou, agora é o noso, é o tempo da vivenda.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Conde Gil, estábame a preguntar cal das mocións que vostedes presentaron hoxe a este Pleno ían utilizar para facer campaña electoral. Agora se chega a unha moción na que vostede en lugar da defender, que é lexítima aínda que non a compartimos, utilízaa para facer campaña electoral e isto é algo que por desgracia vense repetindo nos últimos meses e seguirá pasando cada vez que nos acheguemos a un período electoral.

Cando se fala de vivenda hai que falar con datos claros, concretos e non con fume. Vostede puxo un exemplo de dous personaxes literarios como son Don Quijote e Sancho Panza; no tema do Quijote xa está claro a quen se referiu, no de Sancho Panza non está tan claro, logo mo clarexa. Na nosa tradición galega hai outra figura que non sei se vostede coñece que é a dos caladiños. Non pode vir a catro meses dunhas eleccións estatais a dar leccións de nada a formación política que nos últimos catro anos estivo absolutamente calada no Goberno español na defensa dos intereses dos vigueses e dos galegos.

Voulle dar un dato: un deputado e máis unha deputada do Bloque Nacionalista Galego fixeron quince veces máis mocións en defensa de Vigo e de Galicia que fixeron todos e cada un dos deputados e deputadas que se presentaron pola

provincia de Pontevedra e por Galicia. Aí e non aquí en campaña electoral é onde se mira o traballo realizado a prol da defensa dos intereses dos que foron pedidos cando tiñan que emitir o seu voto.

Efectivamente hai ministros do Partido Socialista e o Sr. Zapatero que teñen vido a esta cidade; hai ministros que seguirán vindo en campaña electoral. Exactamente igual que o fixeron o Sr. Rajoy, o Sr. Aznar e compañía cando gobernaban o Estado e ano tras anos deixaban sen atender as demandas máis importantes desta cidade e de Galicia.

Imos falar de vivenda xa que é o tema da moción. Vostedes din que en tres anos concederon 3.800 licenzas; o mérito non é de quen concede as licenzas, hai que as dar, están regulamentadas. O mérito é da administración que propón e lle da a esta cidade o investimento necesario para que se poidan construír as vivendas.

A Consellería de Vivenda da Xunta de Galicia, comandada nestes momentos pola Sra. Teresa Táboas, conselleira do Bloque Nacionalista Galego, ten investido nestes dous anos nesta cidade máis en vivenda de promoción do que fixo o partido Popular en dezaseis anos de goberno e vaise seguir investindo. Eses son os datos e esa é a realidade.

Remato dicindo que non nos adiantemos nós aquí dicindo cal vai ser o voto dos vigueses e viguesas cando cheguen as eleccións; o seu voto vai ser o que libremente eles decidan, por riba das enquisas e dos estudos e estou convencido que tamén en vivenda, como noutros temas sociais, van saber valorar quen traballa por esta cidade todos os días, todos os meses e toda a lexislatura e quen só traballa cando se achegan as confrontacións electorais.

SR. CONDE GIL: Sr. Domínguez Olveira, eu vin aquí falar da miña moción. Se alguén introduciu o tema electoral e fixo un auténtico mitin foi a Sra. Silva. Ó único que me limitei foi a respostar.

Non nos fale do que fan os seus dous deputados en Madrid cando vostede era parte do goberno do Sr. Pérez Castrillo que non cruzou nin unha soa vez o Padornelo para ir pedir algo a Madrid. Non nos fale de 3.800 vivendas sociais e de vontade política. Efectivamente houbo vontade política en Navia por parte do Partido Popular que foi o impulsor co Sr. Cuíña dese proxecto. Non nos fale deses temas cando a conselleira de Vivenda nin sequera é afiliada do BNG, iso é problema de seu.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Perdón, sinxelamente para corrixir. A Sra. Novas é militante do BNG.

SR. CONDE GIL: Entón alégrome de que se unira a vostedes. Nos primeiro cen días do noso goberno asinouse o convenio co Sr. Núñez Feijóo para construír as vivendas. Parece que vostede se sente aludido polo tema de Sancho Panza; se vostede se sente nun segundo plano e o titular de que algún día acade a península Barataria, é problema de seu pero igual tampouco ía moi desencamiñado.

Vostedes si que venden fume e debían estar caladiños. Tamén poderíamos falar doutro tema que lle teño especial cariño, cando foron convocadas as forzas vivas desta sociedade viguesa a un encontro en campaña electoral para presentar un grande proxecto para a cidade que eu pensei que era unha olimpíada ou algo similar e era que nos ía presentar un plan para dar a Vigo rango de capital e que se ía aprobar nesta lexislatura. A lexislatura remata en xaneiro e non hai estatuto de capital. Mírase o peso político do Sr. Alcalde igual que cando ía ser presidente da FEGAMP e agora é membro do Consello directivo. Haberá que lle felicitar por ese grande logro que tivo aínda que pouco ambicioso.

Respecto ó que dicía á Sra. Silva no seu discurso puramente político, se quere empezamos falar de política nacional. Se por algo se caracterizou o goberno do Partido Popular, a única que ve parálise neses oito anos de goberno é vostede. Hai un momento os cidadáns dicíanlle se era vostede a "Bruxa Lola"; non a quero cualificala así pero parece que teña unha bola de cristal.

Non se trabuque, vostedes non foron quen gañaron as eleccións nesta cidade; con máis do 44% dos votos gañámolas nós. Outra cousa é que vostedes chegaran a un pacto de goberno e estean gobernando o que é moi lexítimo.

Por certo o único partido político que naceu coa democracia somos nós e nacemos logo da Constitución, pero tampouco é cuestión de falar deses temas.

Se ZP saca vinte puntos sobre Rajoy en intención de voto non o sei; logo me facilita os números para botar a primitiva porque coido que está un pouco desencamiñada. Écheselle a boca falando de política social; eu daquela era máis novo e igual non o lembro ben pero si me lembro, con dezaseis anos falei con Felipe González pola radio así que maxínese se estaba ben decatado no tema da política. Dicíase que

cando chegara o Partido Popular ó poder se ía rematar co estado do benestar e nin moito menos, pola contra se mantivo o estado do benestar, preocupouse co pacto de Toledo que as pensións estivesen garantidas, cousa que non sei se cando eu chegue a idade de xubilación vou poder cobrar.

Se a política social e a Lei de dependencia da que antes falou a miña compañeira e a nula aplicación que ten, se política social é a ministra Trujillo, aquela dos mini-pisos de trinta metros cadrados, a grande maneira de promocionar a vivenda no noso país eran unhas zapatillas, por certo bastante charramangueiras. Se política social é a Lei de memoria histórica, é falar de revolucionarios, aínda que a min é un termo que non me gusta moito, se vostede é utópica e idealista como nos acaba de dicir, alégrome moito por vostede pero case era mellor que puxesen os pes no chan, que se preocupasen dos problemas reais da xente, de baixar os impostos, de que a xente teña acceso a un emprego de maior calidade, ter mellores salarios. Preocúpame que diga vostede que o 80% da poboación galega está en torno ó 0,7 e o 2,5 do IPREM porque entón é que somos pobres de solemnidade.

No orzamento do ano 2007 a Xunta de Galicia destinaba ó programa de vivenda en aluguer para familias 10.657.000 euros e no 2008 adican 7.200.000.

Mírase claramente que os que están no período electoral son vostedes. Nós vimos aquí presentar cousas serias, pensadas para a xente e para os seus problemas. Estamos facendo o seu traballo, alomenos deberían de nolo agradecer pero o único que fan é quitar o dos 20 puntos, etc.

Remato facendo un aceno ó Sr. Domínguez Olveira: teña por seguro que a partir de marzo gobernará o Partido Popular e imos ir moitísimo mellor.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,
ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Conde Gil, relativa a instar á Xunta de Galicia a modificar o decreto 48/2006, que regula o programa de vivenda de aluguer, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (166).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR RELATIVA ÁS MEDIDAS QUE DIFICULTAN O ACCESO Á INFORMACIÓN DOS EXPEDIENTES MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de novembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"Hai semanas que o goberno do PSOE e BNG non permite ao grupo maioritario da Corporación Municipal de Vigo, o do Partido Popular, acceder aos expedientes administrativos que conforman a orde do día da Xunta de Goberno Local, como tampouco permite realizar copias dos expedientes do Pleno, obrigando aos concelleiros da oposición a "tomar notas" e pasar horas nun despacho en horario exclusivo de mañá.

O Concello de Vigo foi recoñecido sempre en toda Galicia como un dos Concellos máis transparentes e participativos da Comunidade, xa que dende a primeira Corporación democrática, os sucesivos gobernos locais deron testemuña coa súa actuación dunha decidida posición de transparencia.

De feito, sendo primeiro Tenente de Alcalde o socialista Carlos González Príncipe e a proposta deste, o entón Alcalde de Vigo, o nacionalista Lois Pérez Castrillo, autorizou aos medios de comunicación a asistir aos debates da Xerencia de Urbanismo, medida esta, que como outras, sempre apoiou o Partido Popular.

Non obstante, Caballero, os socialistas e os nacionalistas do BNG que na actualidade gobernan a cidade, veñen de desandar o camiño feito por Alcaldes de Vigo de todas as cores políticas, amosando un escurantismo que non é de recibo posto que limita seriamente a información que reciben os cidadáns das actuacións e decisións municipais.

Con esta medida Caballero e os seus socios perfilan a información que se traslada aos vigueses a través dos MMCC, colorean as cousas para que se interpreten segundo os seus intereses.

Existen numerosos exemplos destes feitos. O orzamento municipal deste ano remitiuse a este GM para o seu estudo despois de que tivera que ser solicitada

copia por escrito e, aínda así, non se nos entregou toda a documentación que conforma o devandito expediente.

Os expedientes da Xunta de Goberno Local só poden ser consultados unha vez rematada a sesión. Non obstante algúns MMCC conseguen información antes da reunión. Así, un xornal local publicaba unha noticia o luns 12 de setembro respecto dun dos asuntos que, esa mesma mañá, sería debatido en XGL.

A ausencia de participación e consenso do actual goberno se ilustra co Regulamento para a comisión especial de suxestións e reclamacións, que foi aprobado por unanimidade no Pleno do Concello durante o Goberno do PP e foi, unilateralmente, modificado polo Goberno PSOE-BNG en Xunta de Goberno Local.

O contrato con Consultora Galega para a introdución de modificacións ao Plan Xeral non foi, como sempre se fixo, en primeiro lugar á Xerencia de Urbanismo senón que se tratou directamente en Xunta de Goberno Local para, logo, dar conta na Xerencia.

Os obstáculos que este goberno de socialistas e nacionalistas poñen cada día tratando de impedir o lexítimo labor da oposición na fiscalización da acción de goberno chega a límites como non facilitar ao GM popular ordenadores ou teléfonos necesarios que se teñen reclamado en numerosas ocasións.

A súa obstinación en se manter nun escurantismo lamentable é tal que chegan impedir aos populares enviar cartas a asociacións sociais e veciñais nas que se transmiten os acordos plenarios, como, por outra parte, sempre se fixo dende os distintos GM na oposición.

Nunca na historia democrática do Concello de Vigo se viviu semellante atropelo ao traballo da oposición, semellante escurantismo na xestión municipal, semellante actitude autoritaria e prepotente.

Neste sentido cabe preguntarse se a postura aberta á información, á participación de todos e máis o respecto ao traballo da oposición -cuestións das que, con razón e sentido democrático, sempre fixo gala o BNG- ven de mudar. Preguntámonos se o seu silencio diante destas decisións do PSOE é un silencio cómplice. Se ao callaren outorgan.

Diante destes antecedentes, o Grupo Municipal do Partido Popular, formula a seguinte proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación:

En aras á transparencia e participación da xestión municipal, o Goberno Local retirará todas as medidas tomadas ata o de agora que dificultan o acceso á información precisa para o labor de fiscalización que lle corresponde á oposición, cuestión que se atopa no espírito democrático que inspira toda a lexislación española na materia."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos esta moción logo de facer varias demandas e suxestións ó goberno para que o grupo da oposición e en definitiva todos os cidadáns tivesen a máxima transparencia e participación na toma de decisións deste Concello.

Hai semanas que o goberno Partido Socialista-BNG non permite ó grupo maioritario da oposición acceder ós expedientes da Xunta de Goberno antes da súa realización. Pensamos que Este é un momento fundamental, transcendente dentro deste Concello, que non aconteceu en toda a súa historia, en todos os gobernos anteriores presididos por distintos alcaldes de distintas cores políticos e coidamos que este é un xeito de non ter a máxima transparencia e ter un escurantismo non propio da democracia.

Se como aquí se di pola parte dalgúns membros do goberno que non cremos na democracia, a súa esencia fundamental é a participación, a transparencia e que todos os cidadáns poidan coñecer a máxima información posible sobre todo daqueles expedientes que son públicos. Parécenos que un expediente que vai a unha Xunta de Goberno ten que ter a conformidade dos técnicos, todos os informes correspondentes, por suposto está dentro dunha orde do día preestablecida e non tería por que ser nada malo, nin negativo para o goberno, nin para a cidadanía, nin para a oposición, ter eses expedientes para os poder estudar.

Pero non é só esta cuestión o que nos preocupa, coido que os que coñecemos a casa temos os mecanismos suficientes para buscar a información se consideramos que algún expediente é de interese, porque coido que, como aconteceu sempre, nesta casa están as portas abertas de todos os técnicos e esperamos que vostedes non as pechen tamén, ó mellor será o seguinte paso prohibir a información dos propios técnicos aínda que xa temos coñecemento de que xa houbo algunha prohibición a algún técnico de dar información. Non nos estrañaría que no futuro continuasen por esa liña.

Isto non deixaría de ser anecdótico se só fose un xeito de privar á oposición do seu traballo. O que nos parece máis grave é que esta falta de información tamén se da para a sociedade en xeral, ós colectivos que non teñen acceso, non se lles da a información debida, non se convocan as comisión preestablecidas nos pregos de condicións, comisións de seguimento, comisións sectoriais que hai en marcha. Isto

si que nos preocupa porque, á parte do que pode ser a situación puntual dun expediente dunha Xunta de Goberno, dun orzamento, que vostedes poden dar con máis axilidade, con máis ou menos tempo para que a oposición o estude, temos a obriga de nos esforzar e superar ese tema.

Dende logo estámolo facendo, non vaian pensar os cidadáns que pola falta de traballo, de interese ou de adicación do Grupo Popular esa información non nos vaia chegar. Si nos vai chegar e imos tentar trasladala no menor tempo posible ós cidadáns.

Tamén nos preocupa que este tipo de situacións estase producindo con respecto a moitos colectivos que nos chaman dicindo que non teñen información de temas concretos que se lles agachan, que non se lles recibe, non se lles da a participación necesaria. Coido que este Concello foi exemplar con todas as cores políticas de todos os alcaldes e alcaldesas con respecto á participación e transparencia durante os últimos anos.

Aí están os exemplos da Xerencia Municipal de Urbanismo que son públicas, asisten os medios de comunicación, non hai ningún tipo de problema se se producen debates cando antes eran órganos de decisión de goberno que non estaban abertos. Creo que os abrir foi bo para a participación, para que todo o mundo tivese coñecemento, coido que en aras desa máxima información e transparencia evolucionou esta administración local porque esa transparencia significaba rigor, seriedade, coherencia á hora de formular as propostas e todo o mundo podía opinar a favor ou en contra como ten que ser.

Hai moitos exemplos da actitude deste goberno nos poucos meses que leva desa falta de transparencia e información. Ademais cando estaban na oposición non só existía esa transparencia, senón que agora me ruborizo cando ó goberno anterior nos esixían que cando viña un concelleiro a esta cidade non só tivese a xuntanza co goberno, senón que a tivese tamén coa oposición. Ou que nunha fundación como o Consorcio do Casco Vello vostedes nos obrigasen a tomar a decisión de tomar certos acordos por unanimidade porque senón non se poderían aprobar.

Ou cando vostedes convocaban comisións absolutamente para todo: para elaborar pregos de condicións, para tomar decisións, para antes dos levar a Xuntas de Goberno debater todos os expedientes de contratación. Vostedes anularon unha comisión que había de Control da Contratación, non sei que medo teñen a que os

expedientes pasen por unha comisión informativa. Curiosamente esa comisión tiña sido posta en marcha pola Sra. Villarino. Agora os expedientes de contratación menor xa non pasan por ningunha comisión informativa, toman vostedes a decisión e rematou. Vostedes creárona e agora a cambiaron.

Con referencia ó que está pasando nas últimas semanas parécenos un tema grave que un documento básico como é o Plan Xeral neste intre a oposición ten nove folios de números sen asinar e iso si que nos gustaría que o soubese a cidadanía. Non ten ningunha xustificación, nin memoria, ningún documento que avale os cambios ou calquera tipo de decisión.

Coidamos que é grave cando toda a información deste documento trasladóuselle primeiro á cidadanía, a unha comisión de seguimento dos grupos políticos que ademais así o marca o prego que vostedes mesmos foron os que decidiron incluílo e nós apoiámolo porque nos parecía un xeito de traballar operativo e transparente. Isto tamén o suprimiron.

Piden consenso. O consenso haino que traballar, hai que o discutir, poñelo enriba da mesa, facer as propostas, admitir suxestións. Os consensos trabállanse, non se impoñen. É totalmente imposible que un grupo maioritario coma o noso poida acadar calquera consenso se nos están impoñendo as situacións. O outro día unha compañeira de seu dicía nun debate que o consenso social está na representación que teñen os grupos políticos na Corporación. Iso paréceme un erro tremendo, iso chámase imposición, autoritarismo, adoptar decisións polo número de votos, de concelleiros, pero iso non é consenso social.

O consenso social non ten absolutamente nada que ver co número de concelleiros que representan a esta Corporación. É escoitar a todos os colectivos, grupos políticos, asociacións veciñais, sindicais, empresariais e de todo tipo. Vostedes teñen un exemplo claro no que aconteceu no día de hoxe, retirouse un asunto menor no que todos estamos de acordo por esa imposición. Comprenderán que non se poden impoñer certas situacións cando vostedes piden consenso. Vostedes toman a decisión, non argumentan e logo nos piden a nós o consenso. Caladiños non e *seguidismo* evidentemente tampouco imos facer.

O exposto nesta moción preocúpanos porque é o esencial, o espírito do sentido que ten a representación popular, a esencia do que pode ser unha Corporación. Pensamos que estes debates teñen que ser abertos, transparentes e senón xa nos

dirán vostedes por que o ocultan, cal é o problema para que oculten os expedientes e non os queiran trasladar a opinión pública.

Aquí xa non só nos preocupa o Partido Socialista, senón o Bloque Nacionalista Galego que sempre tivo a bandeira da participación, da transparencia, que todos os documentos teñen que ser públicos, hai que dar a máxima información ós cidadáns. Onde está o BNG? Subíronse ó poder e esqueceróñse dos seus principios básicos e ideolóxicos? Esta é unha cuestión de fondo da que terán que respostar tamén vostedes, non só é un problema do Sr. alcalde e do equipo de goberno. Gustaríanos saber a opinión do BNG sobre o que pasa con eses expedientes e con esa transparencia que vostedes dicían cando falaban de que había que dar participación a todo o mundo, que non había que agachar ningún expediente. Cando nos solicitaban a nós os rexistros de entrada de todos os papeis.

Nós tiñamos dada orde a todos os técnicos desta casa e vostedes podían consultar con todos eles. Agora cando nós queremos algún documento nolo fan solicitar por escrito. Esa é a realidade e os veciños e veciñas teñen que a coñecer. O goberno anterior tiña dada formalmente autorización para que todos os concelleiros puideran ir a calquera departamento, buscar papeis, falar cos técnicos e non había ningún tipo de problema. Moitas veces os nosos compañeiros atopáronse a un compañeiro da oposición nalgún despacho falando cun técnico desta casa e non pasaba nada, todo o contrario.

Agora chegaron á situación de que os técnicos non nos dan información, teñen ordes de que todo o que solicite a oposición sexa por escrito.

Vostedes se chaman goberno de progreso? De bandeira, de mensaxe, de demagogia pero a realidade é totalmente contraria. Gustaríanos saber que pensan as bases do BNG cando piden tanta participación e vostedes son un grupo assembleario. Penso que se trabucaron ou ó mellor están noutra fase, na fase peor do que pode ser a democracia que é o autoritarismo, a imposición e a complicidade que vostedes están a ter co Sr. alcalde.

Coido que non imos por bo camiño, cremos que todo o que vostedes falan de pluralidade, de apertura, de máxima participación estase a volver contra vostedes. Coido que deberían retomar esta situación, tentar que o grupo político da oposición tivese toda a información posible pero non por nós, senón polo que significa dentro do contexto global da nosa cidadanía.

Fixemos esta moción dun xeito construtivo e imos solicitarlles que retomen a situación, retiren todas as medidas adoptadas nas últimas semanas ou meses e que se volva á normalidade institucional, informativa, de transparencia e de rigor neste Concello. Senón é así alá vostedes, logo non nos pidan consenso; non imos aceptar ningunha imposición, nin a arrogancia, nin a prepotencia dun equipo de goberno única e exclusivamente porque teñan catorce e nós trece concelleiros, a diferencia e tan pequeniña que en termos de representación son 2.000 votos que nos faltarían para ter outro concelleiro.

Pero aínda así, aquí houbo grupos que tiveron un ou dous concelleiros e tiñan a mesma información que o que tiña máis. Coido que se están a equivocar de mensaxe; a democracia non é o número de votos que teña cada grupo da Corporación. É a participación, a información, a transparencia, o rigor nas exposicións e vostedes non o teñen, provocan escurantismo e iso ten un nome que non vou cualificar pero coido que é moi grave para a democracia.

SR. LÓPEZ FONT: Logo de tanta referencia literaria e dalgunhas bromas no debate coido que toca poñerse un pouco máis serio en canto á moción que presenta o Partido Popular.

É certamente preocupante a actitude que o Partido Popular está mantendo neste Concello dende a toma de posesión deste goberno e está cheo de contradicións, parecía que o último Pleno era un avance positivo e, en frase que utilizaran vostedes, “progresaban adecuadamente” con esa abstención ós orzamentos que o equipo de goberno presentara. Vexo que volven ás andadas, que volven repetir o que pasa é que semella que agora as voces que cuestionan a lexitimidade democrática se multiplican e non é a súa, Sr. Figueroa, senón que son máis dentro do seu grupo. Díxenlle un día aquí que cada vez que fosen por ese camiño eu lles ía contestar.

Contradinse, din que fallan 2.000 votos, que non son o importante... Sincieramente, non collo o fío da súa intervención por ningures, pero entendo que vostedes permanentemente están cuestionando o resultado electoral e un día provocou as gargalladas e demais daquela parte deste Pleno pero sigo dicindo que lles pasa como coas eleccións xerais do 11 de marzo. Eu congratulareime o día que vostedes acepten aquí o resultado electoral, que lamenten non ter 3.000, 4.000 ou os votos

que lles permitisen gobernar pero que teñan a honestidade e gallardía política de recoñecer que este goberno está lexitimado polas urnas e polos cidadáns.

Non sei se vostede estará os catro anos como concelleiro, espero que si, pero me dá a impresión de que non vai ser así. Polo tanto, ante a súa intervención e ante outras coido que deben reflexionar seriamente sobre o resultado electoral e a legalidade e representación democrática porque logo se fai moitísima mención nesta moción ó espírito democrático e demais.

A moción está chea dunha mestura de cuestións que non fixemos, outras veces contradíse porque fala de determinadas medidas moi populares, dígoos sen ironía, son moi democráticas e participativas e que nós non quitamos. Esta moción semella a lista de agravios cometidos por este goberno e con nós o Pleno e o Consello da Xerencia seguen sendo públicos co que sinceramente non o entendo. Pero os cidadáns teñen que saber que este goberno das dúas forzas políticas, nalgunha parte da moción semella como se fósemos cada un por un lado e non é así, Sr. Figueroa, pódese ir convencendo de que este goberno é sólido, que debate pero que unha vez que toma determinacións son as de todo o goberno.

Con respecto á moción que vostede presenta este goberno non tomou absolutamente ningunha medida, polo tanto non hai que proceder ó que vostedes piden nela de retirada.

Sinxelamente fálolle de este goberno actúa segundo a legalidade vixente e vostedes no anterior goberno fixeron o que quixeron. O que non se pode é trasladar á opinión pública que nós tomamos determinadas medidas de escurantismo, de dificultade á oposición no seu labor de fiscalización. Permítese hoxe falar de prohibición, de que nós imos prohibir ós técnicos.

Eu sei que este discurso lle queda moi ben, sobre todo cando mira cara á cámara cando se retransmite o Pleno e quedan moi ben todas estas cousas que di, pero en transparencia, en lexitimidade democrática e en participación non nos vai gañar o Partido Popular por un sinxela razón, porque non é sinónimo de transparencia e moitísimo menos de legalidade constituír un montón de comisións, como semella fixeron vostedes, que non serven absolutamente para nada e que posiblemente vostedes tiñan a intención de atomizar, de moita recepción a colectivos pero, polos resultados do anterior goberno, dende logo non se corresponden.

Parece mentira que sexa vostede vicepresidente primeiro da Deputación e que teña

un descoñecemento tan grande das funcións da Xunta de Goberno Local dado que se referiu a esta como a medida máis impositiva que tomamos coa oposición. Nós non estamos facendo nada que non sexa legal. A Xunta de Goberno Local ten que debater os puntos da orde do día que lle chegan, a orde do día é pública pero non ten legalmente por que se facilitar unha documentación dun punto, como vostede ben sabe ou debería saber, que vai á Xunta de Goberno pode non ser aprobado.

Os cidadáns vanme entender fácil e espero que vostede tamén me entenda. Non maxino eu ó Sr. Acebes ou ó Sr. Zaplana deambulando polos corredores do Pazo da Moncloa preguntando que expedientes se levan ó Consello de Ministros. Iso mesmo pódollo trasladar á Xunta de Galicia.

Polo tanto, cando fala de rigor, somos nós os que queremos dar rigor e sentido da responsabilidade a este goberno. Nós facilitamos e dixémosllo en todos os foros oficiais deste Concello a información necesaria e obrigatoria como oposición que lles corresponde, non nos poden dicir o contrario. Estaremos máis ou menos de acordo pero lle podo poñer moitos exemplos. Que aquí se discuta sobre un feixe de mocións ás que teñen vostedes dereito, que moitísimas veces son repetitivas e que Pleno tras Pleno falan practicamente do mesmo, é un exemplo de transparencia. Pero tamén o poño en positivo, dado que vostede o quere poñer en negativo e é a mellor proba de que todo se lle volve en contra, o punto da orde do día que retiramos hoxe. Vostede sabe mellor ca min que non era necesario traer a este Pleno ese punto da orde do día e malia iso e entendendo que non se tratara na comisión decidimos retiralo.

Polo tanto eu, como maxino que terá algunha argumentación para contrapoñer ó que lle estou dicindo, logo contestareille con maior detalle, pero dende logo os cidadáns teñen que saber que nós non adoptamos ningunha medida en contra da transparencia deste Concello. Acordamos con vostedes as dedicacións exclusivas e o número de asesores. Falan dunha serie de cuestións nas que eu creo que realmente este goberno é exemplo de transparencia e rigor.

Eu non sei se tamén se trasladaba neste tema das formas do que falamos a diferenza entre o anterior e este goberno, non o sei pero nós valoramos negativamente a actuación do goberno anterior e queremos que este goberno sexa o que a cidade de Vigo merece e este goberno que merece a cidade de Vigo actúa con rigor e sentido da responsabilidade e non pensando nos medios de

comunicación.

Hai unha contradición moi poderosa no que está a dicir. Fala de transparencia e logo quéixase de que as cuestións aparezan nos medios de comunicación. Precisamente para evitaren esa sensación de inconsistencia dende o goberno prepáranse cos técnicos os expedientes que van á Xunta de Goberno, se debaten e aproban ou non e inmediatamente, rematada a reunión da Xunta de Goberno é evidente que é cando coñece a oposición o contido dos acordos, así como os cidadáns en boca do seu voceiro, é dicir, do alcalde.

Remato esta primeira parte dicindo que falar de espírito democrático esixe seriedade, Sr. Figueroa. Nós sabemos ben o que custa acadar a democracia e non se debe confundir este tema senón que precisamente a democracia debe basearse no respecto á legalidade.

É bo que os cidadáns saiban que nós non estamos tomando ningunha medida contraria ó traballo da oposición.

SR. FIGUEROA VILA: Están mesturando cuestións sen xustificación, porque pasan de falar de progresar axeitadamente a falar de democracia e doutras cuestións.

Aquí hai unha realidade clara e é que vostedes si que están agachando. Hai unha prohibición clara de que os membros da Corporación non poden ter a información da Xunta de Goberno antes de que esta se realice. Ese é un cambio fundamental e moi importante. É unha decisión tomada por vostedes, non nos boten a culpa a nós. A nós gustaríanos que se seguira co que estaba establecido anteriormente.

Cando vostedes están na oposición din e prometen cousas, presentan cousas nas eleccións e logo fan todo o contrario. Iso haino que denunciar. Hai testemuñas de todos os grupos políticos daquela, do BNG, do Partido Galeguista, do Sr. secretario ó que non vou meter nesta lea pero que o sabe porque estaba nesa xuntanza, de que D^a M^a Luisa Graña quería constituír dentro deste regulamento un artigo para que houbera unha Xunta de Voceiros para tratar que temas ían ir á Xunta de Goberno e os que non. Iso está reflectido nas propostas que facía o Partido Socialista.

Como poden ter o cinismo e a hipocrísia tan clara de dicir unha cousa e agora presentar outra totalmente distinta? Era M^a Luisa Graña que se sentaba aí con vostedes, que é a súa compañeira e supoño que o facía por criterios de partido e non a nivel individual.

Como vostede agora, Sr. López Font, fai todo o contrario do que a Sra. Graña quixo facer durante os últimos dous anos e ademais o quería incluír dentro do regulamento. Ese é un dato obxectivo que non inventamos nós e se non cando remate a xuntanza, non agora porque coido que é un mal precedente meter ós técnicos nos debates políticos, pregúntelle ó Sr. secretario ou a alguén e saberá que M^a Luisa Graña pedía iso. Miren como cambiaron, de quererem constituír unha Xunta de Voceiros para decidir que temas había que incluír na Xunta de Goberno a retirarnos a posibilidade de que a Corporación poida ver os expedientes antes de vostedes os leven á esa Xunta. Coido que diferenza é abismal.

Non nos sorprende por todo o que dixeron cando estaban na oposición e agora fan todo o contrario. Hai datos concretos de que se opuxeron ó multa-móbil e agora potenciano, opuxéronse a moitos contratos e agora non ten máis remedio que os aceptar, miren onde chegaron estando na oposición que a alcaldesa non podía recibir a un conselleiro sen que, logo de ter a reunión coa alcaldesa, o concelleiro tivese unha xuntanza con cada un dos grupos políticos da oposición.

Nós lles pedimos algo diso a vostedes? Nós respectamos a lexitimidade dun alcalde para poder recibir a quen coide oportuno e vostedes fano libremente porque nos parece que é así. Un alcalde e un goberno teñen a capacidade para tomar acordos pero logo lloxicamente llos teñen que trasladar á oposición no tempo correspondente. Pero vostedes tampouco fan iso.

Se vostedes falan de formas temos que dicir que a nós se nos “saltaron” visitas de conselleiros, do presidente da Xunta sen contar coa daquela alcaldesa e calamos porque non había máis remedio, porque nolo impuxeron vostedes; agora nos fan todo o contrario. Xa expuxemos no seu momento que as comisións que pedían eran para atrancar a acción do goberno. Todas as comisións que se constituíron por proposta de vostedes, Sr. López Font, aí están os medios de comunicación como testemuñas e as actas dos Plenos; todas as comisións que propuxeron nós aceptámolas: comisión de seguimento de contratos, comisións de obras, comisións de todo tipo.

Agora xa denunciámos que esas comisións eran para obstaculizar, maioritariamente por parte do Partido Socialista. Mágoa que non estea o Sr. Calviño porque el era experto en boicotear todo tipo de comisións, de facer denuncias, de presentar cousas imposibles. Iso é o que vostedes fixeron cando estaban na

oposición.

Agora xa non lles pedimos comisións, miren onde chegamos, porque nos parece que os gobernos teñen que actuar, reunirse e tomar decisións, pero vostedes teñen que nos pasar a información en tempo axeitado e correcto.

Está vostede de acordo comigo en que co tema do Plan Xeral están unilateralmente tomando as decisións vostedes? Non se dan conta de que nós participamos, de que hai unha comisión de seguimento que o prego de condicións da adxudicación -que o fixeron vostedes- di que antes de tomar calquera decisión ten que pasar pola Comisión de seguimento dos partidos políticos, logo tomalas e trasladarllas á Comisión Sectorial de Urbanismo. Pois un día nos convocaron a unha Comisión de seguimento para nos dicir que ían encargarse non sei que e con iso rematou. Estamos mirando iso todos os días e estamos calados.

Repito que do documento máis importante que ten esta cidade para os próximos anos non temos documentación, pero logo tentan dicírmonos que hai que se engadir ó consenso e, a que consenso nos imos engadir se non coñecemos as propostas que están vostedes elaborando e discutindo? Pero o tema non é que estean xa discutindo, é que a través dos medios de comunicación están dicindo que tomaron decisións. Xa tomaron vostedes as decisións.

Primeiro, non cumpren os pregos, non cumpren co establecido na lei que é un prego de condicións que di que esa comisión de seguimento ten que estar constituída permanentemente para tomar decisións. Nós temos claro que é iso. Tentan trasladar unha mensaxe como fan sempre baleira e sen contido?

Piden consenso, pero consenso de que? Como pode engadirse o Partido Popular ó consenso se non ten ningún criterio para poder tomar unha decisión? Sería vostede quen de tomar unha decisión cos nove folios que nos remitiron, única e exclusivamente cuns números? Teríamos que ser adiviños para saber o que vostedes nos van presentar.

Claro que sabemos por que están facendo vostedes isto. Están tomando decisións precipitadas para que os cidadáns non teñan coñecemento do que están facendo e que a oposición non teña tempo suficiente para o estudar e logo trasladalo ós cidadáns porque saben que o imos facer.

Xa lles adianto o que van facer: vannos entregar un documento tan importante como é o do Plan cando fallen 4 ou 5 días para o Pleno, non nolo van deixar estudar

minuciosamente como o hai que facer, porque se o queren aprobar no mes de decembro xa me dirá vostede cando esta oposición vai estudar o expediente ou os veciños van ter coñecemento del. Onde está esa transparencia.

Están tomando medidas ós poucos, dun xeito estratéxico para logo utilizar a táctica que coiden axeitada que é a de privar, tomar a decisión, cando estea tomada xa non hai marcha atrás, ninguén se decata e cando nos decatemos xa pasou o tempo. Alá vostedes se queren seguir con esa política, a nós parécenos errada.

Di vostede que non tomaron ningunha medida. Si que a tomaron, Sr. López Font, tomaron as medidas correspondentes e con respecto ós medios de comunicación non temos nada que dicir, o único que nos parece é que non é de recibo que vostedes fagan debates nos medios de comunicación e non coa oposición.

Repítolle que aceptamos que vostedes teñen a lexitimidade para gobernar esta cidade, pero tamén teñen que aceptar e asumir dunha vez por todas que este grupo non ten nin un milleiro, nin cincocentos votos, nin un concelleiro, ten trece concelleiros, é dicir, catro máis que vostedes e oito máis que o seguinte grupo. Esa é a realidade e por iso pedimos o máximo respecto para este grupo, para poder estudar os temas, para ter coñecemento deles e logo que non nos veñan cun "trágala". Non estamos dispostos a iso en ningún tema.

Vostedes levan catro ou cinco días trasladando que hai que ter consenso nesta cidade. Como van ter consenso con todos os grupos se pola contra están provocando o distanciamento, a arrogancia, a prepotencia cara un grupo, a toma de decisións precipitadas mesmo unilateralmente dentro do propio goberno que é o que tamén máis nos sorprende do BNG.

Eu téñoille ó Sr. Domínguez Olveira o máximo respecto, mesmo temos unha boa relación persoal fóra da política, pero quen está caladiño é o BNG porque, que di a todas estas cuestións? Non son dúas partes dun goberno? Ademais foi unha das bandeiras que sempre esgrimiu o BNG aquí, dende aquel Regulamento que se puxo a funcionar nos anos 90.

Supoño que o Sr. Costas Abreu que hoxe está na Asesoría Xurídica e ó que tampouco me gustaría mesturar, estarase botando as mans a cabeza por todos os discursos que facía el nesta Corporación de transparencia, información e demais. Coido que daquel Bloque a este houbo moitos cambios e sobre todo neses posicionamentos porque agora semella que volvemos cara atrás, que os que

estamos progresando axeitadamente somos uns e os que están retrocedendo outros.

Dende logo coido que non é bo para a saúde democrática desta cidade pero alá vostedes. Vostedes cocíñano, toman as decisións, prívannos da información, das decisións que toman e así tampouco se lles pode trasladar a información ós cidadáns.

Sr. López Font, coido que está errado no tocante ó asunto que se retirou. O asunto que se retirou ten que vir a Pleno, retirouse porque vostedes tomaron unha decisión e queren o noso apoio e nós dixémoslles que estamos de acordo pero que non estamos dispostos a que tomen a decisión e que logo nos pregunten. O procedemento é que se reúne a comisión onde se toma a decisión e cando estea tomada, se vostedes queren o consenso tráese a Pleno.

Repetimos que o importante de todo isto é que os consensos se traballan. Aquí se fixo algún discurso no sentido de que hai que dar tempo, provocar a participación de todos os grupos e colectivos e o que está claro é que coa imposición, coa arrogancia, coa prepotencia, co escurantismo e coa falla de información que poden ter os cidadáns non hai consenso. Á xente lle molesta moito que se lle engane e coido que vostedes están tomando decisións, algunhas de menor calado que seguramente non teñen repercusión, pero as importantes sen consenso se poden volver contra dun.

Nós pedimos que retomen esta situación, volver á normalidade. Nós temos sentido institucional e respecto pola institución e coido que non se fixo xamais ningún mal porque a oposición e mesmo os medios de comunicación tivesen coñecemento dos asuntos da Xunta de Goberno para llos trasladar ós cidadáns. Coido que iso non é malo, pola contra é positivo porque se abren debates e mesmo cando se abren ata os gobernos poden reflexionar. Pasou moitas veces que cando os cidadáns teñen información ás veces alertan de situacións das que nós as veces non temos a previsión, ou cometemos erros, ou non nos damos conta de certas situacións.

Alá vostedes se se queren instalar no escurantismo, na privacidade e na falla de información e de transparencia. Eu sinceramente creo que cometen un erro e ademais sen sentido porque vostedes teñen os votos suficientes para tomar as decisións.

Non sei a conto de que ven isto, só se é unha estratexia para que non se decate

ninguén do que están facendo co Plan Xeral; tampouco o creo porque sería unha cuestión moi puntual. Coido que é un erro de alguén que non se dá conta de todo o que se fixo aquí e de todo o que avanzamos entre todos os grupos políticos.

Se este Concello tiña que se prezar de algo é da transparencia que houbo por parte de todos os alcaldes de todos as cores políticas, é un exemplo do que todos nos tiñamos que sentir orgullosos.

Resulta que agora volvemos cara atrás, volvemos ós primeiros anos noventa. Esperemos que non coincidamos en moitos temas dos anos noventa. Dende logo van vostedes polo camiño de volver ós anos 90-95 e isto a si que nos empeza a preocupar porque son moitos indicios e condicionantes que a algúns nos empezan lembrar tempos pasados que coido hai que esquecer.

SR. LÓPEZ FONT: Espero, Sr. Figueroa, que teña por min o mesmo respecto que polo tenente de alcalde, como eu o teño por vostede, outra cuestión é o cariño que ó mellor a el llo ten e a min non.

Logo ven a súa condición de adiviño. Quero empezar por aquí porque di que xa sabe o que vai pasar con determinada información do Plan Xeral, o que imos facilitar, o que imos facer. Debe ser vostede o mesmo adiviño que dicía publicamente que o Plan Xeral non ía estar antes do 15 de novembro, o mesmo que dicía que o AVE xamais ía estar no Boletín Oficial do Estado e debía ser o mesmo que vai acertar que vai pasar con este documento, quen fixo tantas apostas cariñosas, tantos prognósticos que non se cumpriron.

Polo tanto non se preocupe que eu estiven nesa comisión de seguimento á que vostede se refire e vostede debería ter coa cidadanía o respecto democrático que este goberno merece porque se facilitou toda a documentación, así llo demostrou no último Consello da Xerencia de Urbanismo, a concelleira de Urbanismo.

Creo que o que vostede lle pasa é que o que non lle damos é a documentación que vostede querría ter. É probable que sexa iso, ó mellor a documentación que facilitamos non é a que lle gustaría ter ó Partido Popular, pero a concelleira de Urbanismo incide moito sobre a transparencia, dado que vostede se refire a este tema, o contacto que houbo cos grupos e a información facilitada en tempo, forma e sempre que vostedes a requiriron.

Eu comprendo que os cidadáns teñan a sensación de que isto é un posicionamento

de seu e outro meu, pero é así. Coa mesma enerxía coa que vostede o di tamén lles debo dicir ós cidadáns que con eses folios vostede si debería ter elementos de xuízo para ter unha actitude, un posicionamento político sobre este Plan ou sobre outro. Pero hai máis, se con eses folios non lle chega e coida que precisa outra información pódese dirixir perfectamente, non só á concelleira de Urbanismo, senón a calquera concelleiro para llo pedir.

Eu non adoito falar de persoas que non están e refírome a M^a Luisa Graña, porque non se poden defender, pero vostede me invita e case me obriga a falar deles. Eu non lembro con tanta extensión o que dixo M^a Luisa Graña, evidentemente os actores daquela era vostede e máis ela, pero eu tamén falei co Sr. Ruiz Ceniceros e consta nas actas do Consello da Xerencia de Urbanismo o posicionamento do Sr. Ruiz dicindo que, logo de reiteradas peticións, ou se facilitaba determinada documentación ou senón tería que recorrer ós tribunais. Esa é a diferenza entre vostedes e nós.

Eu non quería utilizar esa frase de que se cre que estamos facendo determinadas cuestións que prohiben á oposición o exercicio da súa función que vaia ós tribunais, pero é así. Quíxenlle demostrar dende o primeiro momento que nós non tomamos ningunha determinación que non fose legal. Polo tanto sería conveniente, precisamente para ese consenso social do que vostede fala, que os cidadáns non visen nisto un motivo de crispación, visen nisto máis aló de como se fixera anteriormente.

Eu non poño en cuestión como facían vostedes as Xuntas de Goberno, a quen daban a documentación e demais. O que digo é que a Xunta de Goberno Local é o Consello de Ministros desta cidade, será de 300.000 habitantes e o Consello de Ministros de España será de 40 millóns de habitantes, pero queremos dignificar no seu ámbito tanto a este como ó que preside o Sr. Zapatero. Iso conduce ó rigor do que vostede estaba falando e este goberno debate as cousas, leva a orde do día que se fai pública, por iso o coñecemento dalgúns medios de comunicación das cuestións, e é evidente e legal que en base ó rigor da toma de decisións corresponde facelo así. Eu non me vou estender máis porque os cidadáns o saben pero lle podería poñer moitos exemplos das medidas de participación que tivo este goberno.

As diferencias entre o anterior goberno e este son evidentes. Non me estraña que a

Sra. Graña ou non sei que concelleiro, pedira que logo de estar determinado conselleiro coa daquela alcaldesa se reunise cos grupos da oposición, non me estraña dado o seu nulo nivel de interlocución coas administracións, a súa nula capacidade para acadar para todos os cidadáns de Vigo acordos importantes para esta cidade, non me estraña que os grupos municipais da oposición, que eran maioría absoluta dado que vostedes se refiren tanto a este tema de número de votos, que tiveran que facer xestións á marxe da Corporación e que pedisen que eses cargos institucionais estivesen con eles porque evidentemente a alcaldesa do anterior goberno non foi quen de acadar eses acordos que hoxe o alcalde si pode, ademais cunha particularidade, se a alcaldesa quería acceder a iso está moi ben.

Nós hoxe temos un alcalde que ten maioría absoluta neste Pleno, que ten capacidade de interlocución con todas as administracións, un alcalde que, como puido comprobar vostede e o resto dos concelleiros do Partido Popular, ten un respecto e unha consideración en todas as administracións e isto estase a ver en beneficio da cidade. Non me estableza ningún paralelismo pero, aínda que vostede mo queira poñer como exemplo, insístolle en que non me estraña que se tiveran que facer determinadas peticións anteriormente.

Como quero ir ó texto literal que vostede presenta, remato dicindo que non tomamos ningunha medida que obstaculice o labor de fiscalización da oposición. Coido, sen entrar en comparacións, que se tomaron moitas medidas que favorecen a transparencia e que evidentemente traballamos polo consenso con vostedes e fíxense se o facemos que nese camiño que vostedes iniciaron neste Pleno de cuestionar -volvo por onde comecei- o resultado das eleccións, nós, máis aló de lles contestar, fixemos oídos xordos a iso e apelamos continuamente ó consenso.

Para que haxa consenso hai que facer o que facemos nós pero hai que ter unha actitude por parte dos trece concelleiros do Partido Popular de que realmente a haxa.

Insisto en que non temos que retirar ningunha medida porque lle invito, como xa fixen en máis dunha ocasión, a que demostre que tomamos algunha medida que non sexa legal.

De verdade e para que o saiban os cidadáns non nos fale de espírito democrático porque sabemos o que custa, sabémolo as dúas formacións políticas, é o eixo central da nosa acción política e de goberno cando gobernamos, non imos

renunciar a iso, pero dende logo si sabemos o que é gobernar e queremos que o goberno desta cidade estea dignificado ó nivel, na súa xusta proporción de calquera outra goberno aínda que non foi así nos tres anos e medio anteriores.

Remato dicindo que imos votar que non no caso da manter esta moción, primeiro porque tomamos moitas medidas en favor desa transparencia; segundo, Sr. Figueroa, porque estamos abertos e así o demostramos permanentemente nestes Plenos e en Xunta de Voceiros, a que nos presenten todas as cuestións que estimen necesaria e terceiro porque o que estamos facendo é legal e en beneficio desta cidade.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Figueroa, para min non é unha cuestión de broma, seguirá sendo sempre unha cuestión de fondo que as relacións persoais entre os vinteseite membros da Corporación, independentemente das diferencias ideolóxicas, sexan relacións persoais correctas, de respecto e loxicamente de colaboración. Para min isto é unha cuestión de fondo que poidamos establecer persoais que ademais a cidadanía nos pide independentemente, repito, do que cada quen defenda baixo a súa lexitimidade.

O Bloque Nacionalista Galego nunca vai estar calado, nin estamos calados cando se trata de defender precisamente cuestións que para nós son de vital importancia: a máxima transparencia, a participación cidadá, que non exista en absoluto escurantismo no labor dun goberno; son cuestións que para nós son de absoluta e vital importancia.

Quero lembrar sinxelamente un dato: foi un concelleiro do Bloque Nacionalista Galego que logo chegou seren alcalde, D. Lois Pérez Castrillo, quen no período dende o ano 91 ó 95 constituíu nesta Corporación e como a primeira Corporación ademais galega, o Regulamento de Participación Cidadá que foi pioneiro en toda Galicia e que contemplaba con absoluta transparencia como tería que ser a relación dun goberno cos colectivos veciñais e sociais, mesmo como se tiña que establecer a relación das distintas formacións políticas.

Polo tanto ó Bloque Nacionalista Galego, dígoos con toda a humildade, coido que non se nos pode dar en absoluto ningún tipo de lección cando se trata de defender a participación veciñal e a máxima transparencia na acción do goberno.

O Sr. Figueroa facía a pregunta de onde está o BNG. O BNG está formando parte

deste goberno e seguirá defendendo sempre a máxima transparencia, a participación e sobre todo a ausencia total de escurantismo.

Eu mesmo e todos e todas as concelleiras e concelleiros do BNG dende que o 16 de xuño tomamos posesión non rexeitamos en absoluto reunímonos con ningún colectivo e todos aqueles colectivos que lle solicitaron ó BNG non só xuntanzas, senón tamén toda a información, estáselle dando puntualmente, loxicamente a algúns máis tarde do que quixéramos por mor das listas de peticións e das nosas axendas, pero nin sequera evitamos reunírmonos cos colectivos que son contrarios ás teses que nós defendemos porque coidamos que iso é a máxima da democracia municipal: poder atender e escoitar a todos os colectivos e mesmo aqueles que nos demostraron a súa oposición a aquelas cousas que nós dicimos.

Efectivamente había unha diferenza entre o anterior goberno e este. O goberno que presidiron vostedes nos últimos anos era un goberno en minoría e como tal un goberno ten que saber que cando non se ten maioría nunha Corporación ten que traballar e loitar polos consensos e cando quere aprobar certos temas loxicamente ten que os levar acordados e polo tanto a oposición que daquela era maioritaria, tiña maioría na Corporación, era lóxico que ditaminase e puxera enriba da mesa medidas de control para un goberno que era minoritario.

Ademais diso, mesmo con esas medidas da oposición de control a un goberno minoritario, vostedes fan agora, Sr. Figueroa, unha cuestión de "*causa belli*" polo feito dos expediente da Xunta de Goberno Local. Cando estivemos na oposición e cando tiñamos a maioría a oposición decatábanos de gasto moi a posteriori de cando vostedes acordaban de moitos expedientes, de moitas modificacións e validacións. Gastos de publicidade e outros que a vostedes tanto lle gustaban, moitas desas modificacións, validacións e demais nos acabamos de decatar agora, hai uns meses.

Non é ningún tipo de medida, o único que este goberno fai é regular a información que corresponde ós órganos de decisión que lexitimamente ten esta Xunta de Goberno Local. Pero o partido ó que hoxe vostede representa e que ten trece concelleiros na oposición ten acceso a calquera dos expedientes que se aproban na Xunta de Goberno inmediatamente logo de se realizar, cuestión que ademais nos parece lóxica porque o que non é lóxico é que algo no que se ten que pronunciar e debater primeiro esa Xunta de Goberno, se coñeza nin nos medios de

comunicación, nin por colectivos que poidan estar afectados ata que haxa un pronunciamento.

Hai que facer memoria. Eu fun membro da Corporación municipal cando nesta cidade había un goberno de maioría absoluta do Partido Popular e os catro concelleiros do BNG que formabamos parte daquela Corporación (están as hemerotecas que non me deixan mentir) nos tiñamos atopado moitas veces as fins de semana, cando queríamos estudar os expedientes para a aprobación do Pleno, coa sá de expedientes pechada e sen ninguén que nos dera o acceso a eses expedientes.

A hemeroteca está aí e era un goberno do Partido Popular que non permitía ademais a realización de ningún tipo de comisión cidadá que nós reiteradamente pedíamos.

Polo tanto coido que a formación política que eu represento non cambiou nesas tres cuestións fundamentais, Sr. Figueroa, cambiamos as facianas, pero contra o escurantismo, na defensa da transparencia e da participación veciñal non imos cambiar nunca e tampouco ninguén nos pode dar leccións.

Falaba vostede de consenso e facía referencia en concreto ó PXOM. Pois coido que a persoa que lle fala é quen nas últimas semanas máis está defendendo nesta cidade que o PXOM se ten que aprobar co máximo consenso, o contrario non sería bo para a cidade.

Sabe vostede que cando o BNG tivo a responsabilidade de levar cara adiante os primeiros traballos relativos ó PXOM, todos e cada un dos colectivos, todas e cada unha das forzas políticas tiñan acceso a toda a información cando así o requirían, senón lle pregunta vostede a calquera e a todos os membros que forman parte do Consello Sectorial de Urbanismo que con practicamente me reunín e precisamente expresaron esta característica das etapas nas que o BNG tiña esa facultade; toda a información e transparencia do mundo en todos os traballos do PXOM. Como se vai facer agora porque o BNG non cre noutro xeito distinto de facer as cousas.

Dixen que hai que convocar ó Consello Sectorial de Urbanismo e lembro ademais que tomamos esa decisión este goberno e ímolo convocar. Tamén dixen e este goberno tamén tomou esa decisión e estamos absolutamente todos de acordo, que todos e cada un dos membros do Consello Sectorial teñan a información ó seu debido tempo e ademais teñan o tempo suficiente para estudar un documento tan

importante.

Nós sempre estaremos ó carón do consenso, da transparencia e da participación. Non é verdade que haxa ningunha decisión tomada con respecto ó PXOM, como non pode ser doutro xeito hai uns traballos entre as dúas partes do goberno para lle poder presentar ó Consello Sectorial un documento. O que non sería de recibo e sería unha grave irresponsabilidade deste goberno pola que vostedes claro que nos criticarían, que chegamos a un Consello Sectorial sen unha proposta de goberno. Iso é o que estivemos facendo estes días.

A decisión da aprobación do PXOM, Sr. Figueroa, dun documento tan importante, non está tomada, teraa que tomar a Corporación municipal e avalar -esperemos que si- o Consello Sectorial de Urbanismo. É nese momento cando se terá que tomar unha decisión e teña vostede a absoluta tranquilidade que para iso vostedes terán toda a documentación e ademais o tempo preciso.

Eu dixen o outro día e queroo dicir aquí publicamente que as nosas cuestións electorais xamais as poremos por riba dos intereses desta cidade. Dixen o outro día e repito que se hai que atrasar unha semana ou dez días a aprobación do PXOM en aras a acadar o maior consenso político e social non nos doerán prendas en dicir que así se faga porque nós cremos e creremos sempre na participación desta cidade. Un documento tan importante tense que aprobar co máximo consenso, non só o PXOM senón calquera cuestión que afecte a esta cidade e coido que o goberno repetiu moitas veces que temos que deixar á parte as nosas cores políticas, mesmo as nosas propias promesas e traballar polo ben desta cidade.

Remato dicindo que, como ben dicía o concelleiro e voceiro do Partido Socialista, nós non tomamos ningunha medida para que vostedes teñan dificultades en achegar a documentación. Vostedes teñen a orde do día da Xunta de Goberno Local en tempo e forma, antes de que esta se reúna. O único que dixemos é que os documentos estarán ó seu dispor unha vez debatidos. Pero lles vou dicir máis, se dalgún dos expedientes que aparecen na orde do día quere algún tipo de explicación, eu bríndome a darlle todas e cada unha das explicacións de calquera expediente, non ten máis que me preguntar. Outra cousa é que o expediente estará ó seu dispor unha vez que se aprobe.

Esa é a única medida que se toma, unha medida legal e ademais lóxica. Repito que iso non quere dicir que se vostede nalgún punto da orde do día quere algunha

explicación non ten máis que me chamar e eu con grande gusto dareille esa explicación, pero publicamente os expedientes da Xunta de Goberno Local teñen que estar ó dispor da oposición e do público en xeral unha vez que son debatidos e tomadas as decisións na Xunta Local de Goberno.

Hai unha acusación que non lla permito. Di que hai técnicos neste Concello que recibiron directrices de que non se lles dea información ós concelleiros e concelleiras. Ínstolle nesta representación municipal a que me diga o nome dun só técnico das áreas do BNG que recibira esa directriz.

SR. FIGUEROA VILA: Esta moción deu máis do que pensaba porque o goberno está preocupado pola denuncia da oposición e cando é así quere dicir que ve fundamentos na oposición e sobre todo que hai rigor no que está presentando.

Din que non tomaron ningunha medida. Si que a tomaron, legal ou ilegal pero tomaron unha medida en canto a unha maneira cotiá, os concelleiros podían estudar o expedientes na súa sala dende a convocatoria da reunión e non só os estudar, senón os fotocopiar sen problema. Vostedes prohibíronnos non só os fotocopiar, senón mesmo ver cada un deles. Polo tanto si que tomaron a medida e non é unha cuestión que só nos afecte a nós, aféctalles tamén ós medios porque a fin de semana tamén tiñan a información correspondente da Xunta de Goberno Local.

Sr. Domínguez Olveira, voulle dicir o máis suave posible para non o molestar a nivel persoal que traslada unha mensaxe e logo fai todo o contrario do que di. Coido que xa imos empezando a calar un pouco a súa estratexia, trasladan a sensación de bos, de cordiais, de transparentes, de maior consenso, pero logo por detrás fan todo o contrario. Se vostede quere ese consenso e transparencia entrégúenos a documentación que teñen vostedes do Plan xa que o goberno do PSOE non o quere facer. Nós estamos dispostos a reunirmonos hoxe con vostedes ata a hora que queira para que nos entregue toda a información que ten do Plan Xeral porque temos nove folios sen asinar, é o único que temos.

Se vostede quere esa transparencia, quere acadar ese consenso e quere que a oposición teña toda a información, temos todo o día e retámoslle agora para que ó remataren o Pleno nos entrega toda a documentación que ten vostede do Plan Xeral e toda a información do que estiveron negociaron. Nós comprometémonos a

non o desvelar publicamente. Nos entrega toda a información e o que están facendo para analizar porque nós non temos nin un só papel asinado. Temos nove folios que nos entregaron mesmo nun sobre pechado sen o dirixir a ninguén. Entregáronos os nove folios por ver se nos decatábamos de algo porque non contiña nin un escrito de remisión, Sr. alcalde, nin de vostede, nin da concelleira, nin de ninguén. Esta é a primeira afirmación que facemos.

Logo dixo algo que nós preocupa. Di que no anterior goberno era necesario o consenso porque eramos minoría; a diferenza entre buscar ou non o consenso é a de ter “rodillo” ou non. Está gravado o que dixo e foi que o anterior goberno tiña a necesidade imperiosa de se reunir e convocar comisións porque tiña que buscar o consenso e era un problema de votos. Como vostedes agora teñen os votos non precisan o consenso. Alá vostedes.

Léolle o que vostede mesmo dicía na anterior Corporación: “Evidentemente a lei di que vostedes teñen a competencia e vana aplicar; nós non imos dicir que non é lexítimo que apliquen ese “rodillo” que agora se chama Xunta de Goberno Local”. Sr. Domínguez Olveira, son verbas de seu.

Creo que o Bloque Nacionalista Galego tivo toda a información con respecto a todos os documentos cando estaban na oposición e ademais fixeron defensa diso durante moitos anos. Como agora están gobernando esa bandeira non lles interesa e hai que cambiar de cor? Xa están cambiando a bandeira vostedes do que pensaban hai uns anos ou uns meses atrás porque agora gobernan?

Mal imos se eses son os principios ideolóxicos e os condicionantes básicos dun partido. Creo de verdade que os seus militantes teñen que se empezar a preocupar porque se fixeron defensa diso e agora fan todo o contrario coido que é algo negativo. Se teñen vostedes a documentación estamos dispostos a sentármonos para que nola fagan coñecer.

Sr. López Font, vostede mesmo falaba do Plan para o 15 de novembro. Esa data xa pasou e non hai proposta, non hai absolutamente nada, ningún documento.

Con respecto ó AVE aconséllolle que colla un documento que saíu esta fin de semana sobre Vigo e Galicia no suplemento semanal dun xornal nacional para que vexa para cando está o horizonte do AVE en Galicia, para trasladalo ós medios de comunicación para que todos eses compromisos que fixeron na cidade de Vigo os desdiga o Ministerio de Fomento que non nós porque é unha publicidade máis ou

menos pagada ou orientada.

Dicía que co anterior goberno era nulo o nivel de interlocución. Sr. López Font, se foi a primeira xuntanza que se realizou nesta cidade cando nos impuxeron un criterio, non foi na segunda, nin na terceira, nin logo de meses, foi na primeira cando o conselleiro de Medio Ambiente impuxo unha serie de condicións aínda que logo en privado dicía outra cousa.

Eran vostedes, o Grupo Socialista, que dende a cidade de Vigo para *ningunear* á alcaldesa lle estaban impoñendo que a xuntanza se tiña que realizar primeiro coa alcaldesa e logo cos grupos da oposición. O nivel de interlocución foi o que vostedes quixeron ter con esta cidade porque eran sectarios e xa que gobernaba unha persoa de distinta cor política vostedes quixeron aplicar ese “*rodillo*” sectario. Os temas están aí, está aí o que vostedes recolleron. Tiveron que facer un proxecto supramunicipal que nós solicitabamos do hospital que xa estaba debuxado por nós, feito con nós, as propostas presentadas por nós. Cando había unha reunión tiñamos señorío, iamos á reunión, ás presentacións, se nos convocaban fóra do Concello tamén iamos.

Ignoraban á alcaldesa, nin a deixaban sentar ó carón das autoridades, non falaba porque non era que a alcaldesa non o pedira, era que non a deixaban. Houbo unha actitude pola nosa banda de seren señores porque por riba de todo estaba esta cidade que tivo durante o último ano e medio ou dous do goberno da Xunta de Galicia. Polo tanto o nivel de interlocución foi o que vostedes quixeron dármonos dun xeito sectario.

O problema é que agora si nos preocupa gravemente porque resulta que agora son da mesma cor política e o Sr. presidente da Xunta de Galicia vai a Coruña dicir que non á Área Metropolitana de Vigo do Sr. Caballero. Non é tan amigo vostede do Sr. Touriño? Non foi compañeiro e mesmo un foi xefe do outro? Esa interlocución non existe e iso si que é grave para esta cidade. A ministra de Fomento chegou á cidade e desapareceu, nin o recibiu.

Coidado co discurso que están vostedes a facer porque se lle pode volver en contra. A Área Metropolitana é un exemplo moi claro: un alcalde que defende unha determinada área de vinteito concellos e primeiro vai o conselleiro da Presidencia e dálle a mensaxe de que Vigo nada; logo é o presidente da Xunta quen o ratifica e faino na cidade da Coruña para que aínda teña máis situación de agravio coa

cidade de Vigo.

O Sr. Font coincidirá comigo en que se hai interlocución o presidente da Xunta chamará ó alcalde de Vigo se son compañeiros, amigos e do mesmo partido político e dirallo da mellor maneira posible. Pero mandar unha mensaxe a través dos medios de comunicación, coido que o peso político do Sr. alcalde deixa moito que desexar.

Dígolle máis, se o Partido Socialista quixera que o alcalde de Vigo fose presidente da Federación Española de Municipios será porque tiñan os votos e a información que nós temos é que o Sr. alcalde pelexou por ese tema, tentouno a nivel interno e dixéronlle que de momento non había posibilidades. Déronlle unha opción menor de estar nun comité executivo a carón do alcalde de Lalín, ó seu nivel. Miren vostedes a representación que ten o Partido Popular de Lalín que ten ó seu alcalde ó mesmo nivel do alcalde de Vigo nunha vocalía.

Falan da interlocución e do peso político. Están herdando moitas situacións, de momento todo o que van inaugurar é herdado dese peso político anterior. Supoño que saberán que Pedro Alvarado foi obra nosa, a Pontillón tamén, Barreiro, etc. A xestión mírase nas mesas de contratación e polo de agora non hai nada novo deste goberno. Supoño que agora xa estarán de acordo con todos os proxectos que nós deixamos: os aparcadoiros, as piscinas, o Casco Vello.

Agora ven a concelleira de Vivenda e máis o tenente de alcalde falar do rexistro do Casco Vello, cando iso negociouse durante o último ano. A diferenza é que nós tiñamos trinta millóns de euros e cando faciamos unha conferencia de prensa ou unha presentación no Casco Vello chamabamos á conselleira, a don Daniel Pino, a dona Encarna e facíámolo conxuntamente. Nun ano e medio non fixemos nin unha soa conferencia de prensa individualmente porque había un Consorcio e considerabamos que había que ter un respecto e institucional.

A esa visita a nós nin nos invitaron e formamos parte do Consello do Casco Vello. Nós si o faciamos, collan as hemerotecas e os medios de comunicación e os cidadáns saberán que cando nós iamos a un acto chamabamos a todo o mundo. Coido que esas cuestións tamén hai que as reflectir dentro desa transparencia e dese xeito de proceder.

Vostede quitou un tema que eu non ía sacar porque o Sr. Ruiz xa non está na Corporación pero el tivo toda a información. Quería absolutamente todos os

documentos e se lle dixo que cando os tivéssemos se lle entregarían, por iso levamos ó secretario. O Sr. Ruiz Cenicerós levounos ós Tribunais, mesmo é a primeira vez na historia deste concello que un concelleiro presenta unha querela vía penal contra outro e o que pasou foi que a perdeu nos Tribunais e na Audiencia. Eu estaría preocupado politicamente e tamén se fose o seu cliente.

Claro que el ameazou con ir ós tribunais pero esas ameazas do Sr. Ruiz Cenicerós gustaríanos saber onde se van contemplar, todos os escándalos, as conferencias de prensa, dixo que prevaricáramos, que o Plan Xeral de Vigo era ilegal, que non se axustaba á legalidade, que os tribunais ía, tiralo abaixo; todo, as alturas a edificabilidade, os solos urbanizables, a clasificación do solo, a exposición pública.

Sr. Font, todo iso que vostede introduciu no debate, que non fun eu, é unha parte importante da información que vostedes non nos deron. Só nos deron un cambio de porcentaxes de edificabilidade de vivenda e, que pasou coa orde da Xunta de Galicia? Agora coas 5J xa non hai ningún problema? Xa negociaron vostedes por detrás con Alfageme e tampouco hai problema? Todas esas liñas xerais xurídicas...

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, está vostede reabrindo debates. É por cuestión de tempo e de non estar aquí eternamente. Pode dicir o que queira pero se seguimos por aí entramos noutro debate no que quixerán entrar outros concelleiros.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, eu non teño medo. Vou seguir as súas directrices pero saiba que falaremos destes temas.

En definitiva, Sr. Font, non introduza vostede no debate cuestións que logo me fai reabrir a min. Falou do Sr. Ruiz Cenicerós. A Sra. Graña fixo unha proposta que sabemos todos os que estivemos presentes e tamén sabe o secretario: quería unha Xunta de Voceiros para tratar a Xunta de Goberno Local.

O que vostedes o que nos dixeron neste Pleno e está recollido é que como teñen catorce concelleiros non necesitan á oposición e darannos a información cando corresponda. Repito que os consensos se acadan con traballo, con imposicións non, con catorce votos tampouco. Acádanse debatendo os temas, estudando as propostas de todos, xuntando ós grupos políticos e tentando que as propostas que se poidan facer sexan coherentes e que todos poidamos apoiar o que consideremos mellor para esta cidade.

Alá vostedes, de momento nós non somos chamados a ese consenso. Polos medios de comunicación si; en efectivo, executando as accións de goberno non. Como dicía o Sr. Domínguez Olveira, se o consenso que nós tiñamos que ter era porque non tiñamos maioría, agora vostedes xa a teñen. Fagan vostedes co consenso o que consideren oportuno pero tamén lles dicimos que procuren ser o menos escurantistas posible, déannos a máxima información, a máxima transparencia en tempo razoable para que este grupo poida estudar os temas e poida trasladar á opinión pública ó seu parecer con rigor, con seriedade e con coherencia.

De momento estamos sentíndonos privados desa información e de poder ter os documentos enriba da mesa para poder analizar os temas. Presentamos esta moción e ímola poñer a votación para que vostedes rectifiquen nesa medida.

Sra. Abelairas, non tiña pensado introducir isto no debate pero na última Xunta de Voceiros quixéronnos privar ata das moción que presentamos neste Pleno. Dixéronnos que nos ían permitir un máximo de sete mocións. Temos o dereito de presentar todas as mocións que queiramos e ímolo facer e xa lle anuncio, pola actitude e pola chulería que vostede ven de expresar, non imos aceptar ningún condicionante nin negociación, imos presentar as mocións que consideremos sexan quince ou as que sexan. Debátanas cando queiran e fagan tamén vostedes a orde do día que é o que pretenden, que a oposición non teña nin voz neste pleno.

A chulería, arrogancia e prepotencia é o exemplo de introducir un novo elemento de debate que nós non tiñamos pensado facer.

Sr. Font, pídlle por favor que cando tratemos temas na Xunta de Voceiros os seus compañeiros teñan un máximo de respecto para este grupo.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa. Ata o de agora non houbo nin unha soa moción do Grupo Popular que non viñera a Pleno, veñen todas puntualmente e estamos a permitir debates libres, abertos e sen limitación de tempo polo que coido que isto funciona dentro dos límites razoables de goberno e de respecto á oposición.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas

Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, relativa ás medidas que dificultan o acceso á información dos expedientes municipais, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (167).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A APROBACIÓN DEFINITIVA POLO PLENO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE RUIDOS E DE ZONAS SATURADAS E Á CONVOCATORIA DA COMISIÓN DE RUIDOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de novembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"O goberno municipal do PP realizou ao longo do seu mandato numerosas xestións para resolver e dar solución ao problema da contaminación acústica, sensible á necesidade de mellorar o benestar de moitos cidadáns e garantir o dereito ao descanso por encima do lecer (co cal debe compatibilizarse).

Así, partindo dunha normativa local de ruídos que todos os grupos políticos consideraban insuficiente ante a situación real da cidade de Vigo, na que se constataba un incremento da contaminación acústica en zonas concretas da mesma, o Goberno de Corina Porro púxose a traballar en diferentes liñas de actuación.

Por unha banda sacando a concurso un mapa de ruídos e adxudicándoo para a súa elaboración, en cumprimento dunha normativa da UE (Directiva 2002/49/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de xuño de 2002), que o esixía para cidades de máis de 250.000 habitantes. O devandito mapa quedou xa rematado ao termo do anterior mandato.

Por outra banda, mantendo numerosas reunións a través da comisión de ruídos que sen dúbida se viron complementadas polo magnífico traballo desenvolvido polos técnicos locais en estudos sonométricos entre outras actuacións.

Ademais complementando o traballo e consciente da importancia dos problemas que se pretendía atallar, o goberno encargou un estudo ao Valedor do Cidadán que, baixo o título "A contaminación acústica nocturna na cidade de Vigo" foi presentado o 24 de novembro de 2006 pola alcaldesa e o Valedor.

Todo este esforzo realizado durante a lexislatura, quedou reflectido no Pleno do pasado 5 de marzo de 2007. No mesmo, deuse o visto e praxe á aprobación inicial de modificación da ordenanza municipal de ruídos, así como da declaración como zonas acusticamente saturadas (ZAS) de 31 rúas de Vigo na súa totalidade e outras tres de forma parcial. Incluíndose as medidas a adoptar nas rúas afectadas e un protocolo de actuación, que entre outras cousas establecía unha distancia mínima de 100 metros entre bares con música.

Finalmente a aprobación inicial da ordenanza e das ZAS publicouse no BOP o 18 de abril de 2007, abríndose a partir daí o período de exposición pública que rematou o 25 de maio de 2007 quedando o expediente pendente para informar as alegacións recibidas.

Xa que logo, podemos considerar que os diferentes proxectos quedaron terminados, á espera en todo caso da súa aprobación definitiva.

O Grupo Municipal Popular propón ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo:

A presentación para a súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, tanto a modificación de ordenanza de ruídos como a de zonas saturadas.

A convocatoria inmediata da comisión de ruídos, co obxectivo de poñer en marcha as medidas adoptadas seguindo a liña de traballo dos últimos anos.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Esta mañá oín moitas cousas e non deixo de me sorprender. Entre outras cousas sorpréndeme a extraordinaria unión entre os dous grupos do goberno. Iso é excelente porque ó mellor o ano que ven, cun só alcalde é suficiente e aforrariámonos moitos gastos.

Tamén oín falar da violencia de xénero e o Partido Socialista non dixo nada o que me sorprende moitísimo pero ó mellor é que estaban pensando en falar con ese comité de sabios que contrataron para a campaña electoral, entre os que se atopa a Sra. Marie Duru que entre outras lindezas di que a educación mixta é un fracaso para acadar a igualdade. Ó mellor pretende metérmonos a todos en mosteiros e conventos.

Tamén se me quedou gravada a referencia da Sra. Veloso a "Cuéntame como pasó". Venme á cabeza algunha canción como por exemplo "Libertad sin ira" que igual temos que volver cantala nas rúas co actual goberno socialista. Se queren logo podemos falar diso.

En canto á moción en concreto, a nosa intención con esta moción é por unha banda defender o traballo realizado no anterior mandato con respecto á cuestión da contaminación acústica e por outra reclamar a súa continuidade e desenvolvemento.

Non nos parece necesario volver debater sobre o dereito ó descanso por riba do lecer e a necesidade de mellorar neste sentido o benestar de moitos cidadáns que así o reclaman e que o miramos ultimamente nalgúns medios de comunicación.

Facendo unha breve lembranza, Galicia foi pioneira coa aprobación dun regulamento contra a contaminación acústica a través dun decreto do ano 99, concretamente o 150 do 7 de maio, que desenvolveu a súa vez a Lei 7/97. Posteriormente o seu contido regulouse nunha ordenanza municipal que é do ano 2000, sen embargo a normativa comunitaria nesta materia tamén evolucionou e traducíuse na directiva 2002/49 da Comunidade Europea sobre avaliación e xestión do ruído ambiental, que marcou unha nova orientación. Hai que dicir tamén que esta normativa tivo unha transposición en España a través da Lei 37/2003.

En consecuencia todos os grupos desta Cámara consideraron necesario no seu día mellorar a normativa local xa existente debido non só á obriga de cumprir con esta normativa, senón tamén a que todos eramos conscientes de que nos últimos anos se producira un incremento da contaminación acústica en determinadas zonas da cidade.

Por outra banda e en cumprimento desta directiva comunitaria os municipios tiñan a obriga de acometer varias actuacións, entre outras a elaboración dun mapa estratéxico para cidades con máis de 250.000 habitantes e planes de acción para a xestión da contaminación acústica.

Por isto durante o goberno do Partido Popular da Sra. Porro acometeuse neste sentido un traballo serio e rigoroso, longo pola súa transcendencia e complexidade, e finalmente ben feito no que hai que dicir que tamén participaron todos os grupos políticos, algúns de xeito máis xeneroso que outros pero todos participaron para abordar e dar solución a este problema.

Os resultados resúmense en primeiro lugar coa modificación da ordenanza municipal de ruídos e en segundo lugar coa elaboración dun mapa de ruídos, todo o que quedou rematado no anterior mandato. Tamén se fixo unha declaración de zonas acusticamente saturadas de 31 rúas, tres de xeito parcial, cuns plans de actuación respecto das mesmas.

A modificación da ordenanza e a declaración de zonas acusticamente saturadas apareceu no BOP do 18 de abril, abriuse un período de exposición pública por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Por isto, unha vez rematado o prazo e co ánimo de retomar e seguir abordando este asunto con seriedade, presentamos esta moción para a aprobación definitiva polo Pleno da Corporación, tanto da modificación da ordenanza como do ZAS, e a convocatoria da comisión de ruídos xa que consideramos de vital importancia o seu funcionamento para o correcto desenvolvemento e posta en marcha das medidas adoptadas e os seus plans de actuación.

SRA. LAGO REY: Quero que saiba que imos votar a favor desta moción, a estas alturas ninguén discute a necesidade da modificación da ordenanza de ruídos e a creación das ZAS, pero só quero clarexar unhas cousas con respecto á cronoloxía.

Supoño que cando dixo que o mapa de ruídos estaba rematado no anterior mandato expresouse mal porque eu recibín o borrador corrixido aínda o 21 deste mesmo mes; supoño que se refería ó proxecto. Neste intre están os técnicos do Concello revisando o mapa de ruídos e aínda non está rematado. Supón que terá vostede mal os datos.

Presentarase a este Pleno a modificación da ordenanza cando estea rematada. Entregáronma o 24 de outubro de 2007, hai un mes, e un día antes apareceu no BOE núm. 254 do 23.10.07. Aparece o Real decreto 1367/07 da Presidencia no que se desenvolve a Lei do ruído, este decreto afecta ós límites do ruído e ás súas formas de medida, polo tanto todos os traballos anteriores hai que os adaptar a estas novas obrigas. Como sabe neste intre todos os Concellos están a revisalo; penso que no noso practicamente non hai nada que revisar e estará en Pleno dentro de pouco.

En canto á convocatoria da comisión de ruídos, non sei por que "inmediata". Non hai ningunha comisión legalmente constituída, funciona de feito, faltaba o

secretario e non hai ou eu non atopei unha ordenanza pola que se poder rexer para facer esta comisión.

Quero traballar na redacción desa ordenanza para poder saber a quen se lles acepta ou non para participar na comisión de ruídos porque eu teño peticións para entrar nesa comisión que non sei en base a que non se responderon ou se lles dixo a outras que podían participar.

Trátase sinxelamente en facer un regulamento no que todos os estamentos estean ben representados e haxa un criterio para que participen ou non. Votaremos a favor pero todo ten que seguir un proceso.

SR. LÓPEZ FONT: Por alusións ó Grupo Socialista e sen ánimo de polemizar. Sr. González, os membros do Grupo Socialista votaron a favor da moción que o Grupo Popular presentou sobre violencia de xénero e cada un dos militantes deste partido e dos gobernos nos que estamos traballamos a cotío e estamos en contra da violencia de xénero e non vou entrar en competición con vostedes.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Teño aquí o decreto e si lino. É un decreto de protección contra o ruído do código técnico da edificación e modifícase o Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación. Entre outras cousas fala sobre a avaliación e xestión do ruído ambiental que especificou o goberno mediante o regulamento que debería fixar obxectivos de calidade acústica aplicables ó espazo interior habitable das edificacións destinadas a vivenda.

É unha lei que se refire á aplicación da Lei de contaminación acústica de 2003 que xa nomeei, con referencia á aplicación desa Lei no novo código técnico de edificación. Evidentemente os técnicos terán que o estudar e ver se afecta dalgún xeito ás novas edificacións pero nada máis, non afecta ó control da contaminación acústica.

Noutra orde de cousas ía dicirlle que a comisión estaba constituída polo Plan Comunitario do Casco Vello, a Asociación de Veciños do Casco Vello, a Federación Veciñal Eduardo Chao, a Federación de Hostalería e AVCOR, Asociación Viguesa Contra o Ruído.

Tomouse unha decisión política na propia comisión para saber con quen había que

tratar estes temas e a comisión se pode seguir reunindo. Se non a quixeron convocar vostedes que antes nos recriminaban que se reunía pouco, pódolle quitar todas as xuntanzas que houbo no anterior mandato que as teño aquí pero tampouco quero entrar nese debate. En todo caso podíase ter xuntado a comisión perfectamente e só reclamamos iso.

Paréceme ben que a aproben porque é unha Lei importante para esta cidade.

SRA. LAGO REY: Tiven cinco xuntanzas para traballar na modificación da ordenanza, sei perfectamente como vai. Se non se convocou a comisión de ruídos, que repito que non é unha comisión legal senón que de feito, é porque todos os afectados do ruído que quixeron pasar pola miña concellería, fixérono e o que máis urxía era aprobar esta ordenanza, máis que se xuntar porque si.

Non entendo esta présa porque hai xuntanzas que dende a última á seguinte hai un ano de diferenza, quince meses; supoño que un fai as comisións cando ten algo que dicir e a esta comisión fáltalle unha ordenanza e unha periodicidade para a establecer.

Pide a convocatoria inmediata pero di que nunca se deixou de facer. Penso que ata uns límites porque aquí miro que quince meses, un ano, seis meses... Penso que para cinco meses que levo aquí bastante levo traballado con respecto ó tema do ruído.

Repito que non sei en base a que criterios se lles di a uns que si e a outros que non. Eu queroos deixar por escrito.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Faime entrar un pouco máis en detalle no debate. A comisión de ruídos xuntouse por primeira vez o 21 de outubro de 2004. O 3 de marzo de 2005 recíbese un informe xurídico en cumprimento da asesora xurídica de Medio Ambiente. O 7 de marzo de 2005 hai outra comisión. Logo hai un período durante o que se fai unha valoración, estudos sonométricos para sacar un mapa de ruídos da cidade e iso leva bastante tempo.

Tamén estivo o Valedor do Cidadán traballando nun estudo sobre a contaminación acústica durante practicamente quince meses. Logo aínda temos mas xuntanzas: o 23 de novembro de 2006, o 30 de novembro, o 14 de decembro de 2006, o 4 de xaneiro de 2007, o 10 de xaneiro, o 11, o 8 de febreiro... Son moitas comisións.

En todo caso había un período de exposición pública para ver as alegacións que podían facer. Ese prazo rematou.

Por outra banda vostedes non votaron a favor o decreto, abstivéronse. Lea o Pleno do 5 de marzo que teño aquí e logo se quere llo dou. Non diga cousas que non son reais, o mapa estaba rematado e tamén o teño aquí.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, instando a aprobación definitiva polo Pleno da Corporación da modificación da ordenanza de ruídos e de zonas saturadas, así como a convocatoria da comisión de ruídos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (168).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AMPLIAR A GRATUIDADE NO TRANSPORTE PÚBLICO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de novembro de 2007, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, formula a seguinte moción:

"O Goberno Local do Partido Popular ó longo do seu mandato puxo en funcionamento distintas medidas que favorecían a redistribución da renda, beneficiando a persoas que dispoñen dun menor poder adquisitivo e facilitándolle o acceso ós distintos servizos que ofrece o Concello, como é o caso do transporte Urbano.

Apostamos por un transporte público accesible e de marcado carácter social, acadando que se incrementase deste xeito nun 15% o número de persoas que utilizaron este servizo, alcanzando a cifra de 22,5 millóns de viaxeiros. Puxemos en servizo máis de 8 quilómetros de carril bus, renovamos a flota nun 50%, apostamos pola accesibilidade nos novos autobuses, puxemos en funcionamento un servizo nocturno para os máis mozos, o "Bufo", incrementamos as frecuencias, dotamos a flota de dous autobuses PMR...

Os resultados desta política de apoio ó transporte público foron positivos, pero temos que dar un paso máis no seu fomento fronte a utilización do vehículo privado. Deste xeito acadaremos dous obxectivos; por unha banda acadaremos unha cidade ambientalmente sostible e por outro lado garantiremos o dereito á mobilidade dos cidadáns mediante a mellora das conexións e, sobre todo, mediante a ampliación das medidas de apoio público ó transporte.

E enmarcado nese carácter social, o Goberno do Partido Popular puxo en marcha distintas medidas que apostaron polo uso do transporte público para aqueles grupos de persoas que presentaban máis dificultades de mobilidade. Hai que destacar que no ano 2004 puxemos en marcha a gratuidade do billete do autobús para as persoas con pensións non contributivas, no 2005 entendeuse esta medida para aquelas persoas cuxa pensión non chegase ó salario mínimo interprofesional e no 2006 para os colectivos de discapacitados con mobilidade reducida e os seus acompañantes.

Seguir levando a cabo este tipo de medidas que garantan o acceso ó servizo de transporte urbano debe seguir a ser unha prioridade para este Concello, ampliando este tipo de medidas.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PP, propón ó Pleno da Corporación de Vigo que tome o seguinte acordo:

Instar ó Goberno Local a que estenda a gratuidade do transporte público a:

- A totalidade dos maiores de 65 anos que non se atopen en activo.
- Ós menores de 18 anos que pertencen a familias numerosas.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

A concelleira Sra. Molares Pérez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Como a proposta concreta é realmente moi fácil de rexeitar, quizais comezar polo que se propón na moción inicialmente. Coido que non serei en absoluto radical se digo que o Partido Popular non tivo política ningunha de potenciación do transporte público nos últimos catro anos de goberno. O segundo grande parágrafo que nos propón na moción, onde fai o balance positivo do traballo no transporte público por parte do Partido Popular é realmente ben pobre. Supoño que lembrará que no tema da accesibilidade, por exemplo dos dous autobuses para persoas de mobilidade reducida, os esforzos dos grupos da

oposición foron inmensos para acadar que vostedes deran ese paso a cambio dunha grande cantidade de regalos, medida en moitos euros, á empresa concesionaria que viviu con vostedes unha etapa florecente sen ningunha contrapartida pola súa banda a prol do transporte público.

Falan de que renovaron a flota nun 50%. Direille que por exemplo este ano vaise renovar tres veces máis que o ano pasado e tócalle á renovación da flota que é practicamente a suma do que vostedes renovaron nos anos anteriores de goberno. Iso é por unha razón moi sinxela: porque está no contrato do Concello coa concesionaria. Poñerse esa medalla é absolutamente absurdo porque é algo totalmente obrigado.

En efecto funcionou "o bufo", que non á unha cousa nova, quizais un pouquiño máis que en etapas anteriores, evidentemente por unha razón social que todos coñecemos perfectamente. O único que lles teño que recoñecer é que puxeron en marcha un carril bus, aínda que algo trorado, dende a praza de América á praza de España. É o único balance que se pode facer en positivo da política de transporte público do goberno do Partido Popular nos últimos anos.

Si fixeron unha cousa que foi quitar irresponsablemente, sen ningún tipo de estudo, unha medida dun importante impacto social que aplaudimos, que obviamente eu coido que xa non foi exclusivamente por razóns electoralistas, é o único que vostedes poden vender case que en todas as áreas do seu goberno: a gratuidade dos xubilados por debaixo dun determinado nivel, primeiro un nivel baixo e logo o do salario mínimo.

Fixérono practicamente o último día sen que o soubera ninguén da comisión que ten que estudar estas cousas, revisar os prezos, etc., e cada vez estou máis convencido que o fixeron non só polo impacto electoralista que saben perfectamente que ten unha medida deste tipo e que obviamente é enormemente positiva dende o punto de vista social, senón como mera xustificación para borrar a inexistente política de transporte público nesta cidade.

A subida de viaxeiros da que vostedes presumen a cada rato, é fundamentalmente e case exclusivamente que os viaxeiros se multiplican por tres practicamente o primeiro ano que se pon esa medida e logo vai como un bolo de neve aumentando paulatinamente, penso que cun uso para algúns dos pensionistas malo para a súa saúde porque soben exclusivamente para unha parada e deberían andar ó mellor

un pouquiño máis. A realidade é que a suba é exclusivamente en base a ese sector que é absolutamente gratuíto pero que obviamente paga este Concello e todos os contribuíntes directamente e polo seu prezo íntegro á empresa concesionaria do transporte.

Logo disto direi que son moi fervente partidario da subvención e do apoio ó transporte público e teremos que o ser todos. Hai dous tipos de subvencións a ese respecto: unha a subvención global, universal, para todo usuario do transporte público que é realmente o importante porque o beneficio do transporte público, retirar vehículos privados da rúa, esas moles que transportan cincocentos metros a unha persoa, crean problemas de conxestión, de aparcadoiros, etc., é unha absoluta barbaridade que esta sociedade non se pode permitir, de xeito que hai que potenciar o transporte público ó máximo para todos.

Estou canso e dedicarei os tres anos e pico que nos quedan de goberno a poder cambiar esa imaxe de que o transporte público é para os xubilados, as señoras que van ó mercado e os estudantes. O transporte público ten que ser para todos, tamén para estes concelleiros que ó mellor por falla de tempo usamos demasiado o coche privado. Temos que facer campañas para potenciar o transporte público para os executivos, para todo o mundo porque temos que retirar os coche privados das rúas.

Esa é a subvención importante dende o punto de vista económico, medioambiental, podemos falar do cambio climático ou do que vostedes queiran.

Logo hai outra pero lamentablemente para esa se necesitan moitos cartos e ó mellor non se pode facer todo o que quixeramos. A subvención de carácter social, a subvención que vostedes venden permanentemente e que indubidablemente é moi positiva. Ten que haber, haia e houbo sempre neste Concello unha subvención importante ós xubilados con menor poder adquisitivo, ós estudantes, ó usuario normal, coa forma da tarxeta verde que coido que é o que deberíamos potenciar fundamentalmente.

Na medida que vostedes tomaron hai absurdos como que un matrimonio, dos que por desgracia socioloxicamente houbo moitos no noso país porque vimos de moitos anos atrás cunha determinada sociedade na que só traballaba o home e a muller nunca cotizou na Seguridade Social, e aquel xubilado que cobre un euro máis do salario mínimo xa non ten posibilidade, nin para el nin para á súa dona. Pero se

cobra un euro menos do salario mínimo ten gratuidade el pero non a súa dona porque nunca cotizou á Seguridade Social e non ten pensión.

Absurdos como non xustificar economicamente canto nos ía custar e sobre todo o fundamental: as contrapartidas porque eses viaxeiros de máis, xubilados, que paga integramente o Concello, a empresa concesionaria recibiu os cartos sen ningunha contrapartida a prol do transporte público agás as habituais, que xa sería o colmo que non se mantiveran.

Tamén é o colmo a proposta que fan: que a totalidade dos maiores de 65 anos que non se atopen en activo. Poñerilles un exemplo moi gráfico: don Amancio Ortega, o home máis rico deste país e de Galicia, se decidira xubilarse podería viaxar gratis en transporte público nesta cidade, na que ademais non está empadroadado. Estas son as barbaridades que vostedes propoñen con esta medida.

As medidas teñen que se propoñer cun sentido. Se é con sentido social, non do que falei nun primeiro momento, que se estuden porque ademais hai outros ingresos que non son pensións de xubilación, hai rendistas que ó mellor teñen un dereito e non o ten a dona dese xubilado que cobra un euro máis ou menos ou mesmo el.

Por favor, fagan propostas razoables. Este goberno vai facelas dentro da increíble situación financeira que nos deixaron neste tema, faremos as propostas viables que poidamos arranxar para que se vexan as dúas preocupacións: o transporte público de xeito xeral e por suposto a preocupación social que vai ser o "*marchamo*" deste goberno e non do goberno do Partido Popular.

SRA. MOLARES PÉREZ: Antes lle dicía a unha compañeira de Corporación que realmente tiña expectativas no seu traballo aínda que tardara cinco meses en concluír cuestións que están practicamente feitas. Como a vostede xa o coñezo do mandato anterior, non teño posta en vostede ningunha expectativa por tanto non me sorprende nada do que di pero ó mellor si lle sorprende a algúns dos seus dirixentes. Debería vostede medir un pouco as palabras e sobre todo o adxectivo de "barbaridade" porque o Sr. Zapatero, presidente do seu partido e recén proclamado novamente candidato á presidencia, en "Expansión" do 19.09.06 di:

"O PSOE propón o transporte público gratuíto para mozos e anciáns (incluído o don Amancio Ortega se vostede lle chama ancián). Zapatero quere remodelar as cidades no novo mapa municipal que pretende configurar tralas eleccións de maio

do próximo ano. Neses núcleos urbanos o partido do goberno pretende rescatar unha vella idea: a gratuidade do transporte público para os mozos e os anciáns, unha medida lanzada hai tres anos polo candidato á Comunidade de Madrid, Rafael Simancas".

Iso aconteceu o 19 de setembro de 2006, case en campaña electoral para as municipais pero hai máis, Sr. Calviño. O 23 de outubro de 2003, el círculo "A primeira hora" resposta ó Sr. Rubalcaba, hoxe un dos ministros máis importantes deste goberno: "É xusto que o transporte sexa gratis para os maiores de 65 e para os mozos porque así aforraremos cartos ás familias e porque é preciso que creamos unha cultura de transporte público". Xa ve que non argumento eu nada que o din vostedes. Miguel Sebastián, nomeado tamén candidato polo Sr. Zapatero, "El País" do 28.04.07: "A verdade incómoda do Sr. Sebastián. Quere que o transporte público sexa gratuíto para os menores de 21 anos e para os maiores de 65".

Eu non vou dicir o que está a pensar o alcalde neste intre pero se eu fose a alcaldesa tería as miñas preocupacións por ter ó fronte dunha concellería tan importante como Mobilidade e Transporte a unha persoa como vostede.

En Gijón, gobernado polo PSOE: "Gijón estende a gratuidade do transporte público ós menores de 12 anos". Non son pensionistas, non son maiores de 65 pero é gratuíto. "Segundo as fontes citadas a medida non só é pioneira non noso país, senón que pon a Gijón á cabeza de Europa en materia de promoción do transporte público xa que só cidades como París, Roma, Berlín, aplican subvencións totais a amplas faixas de poboación infantil".

Podería dicirlle máis casos: Zaragoza, que nese caso si que necesitan estar empadroados na cidade, pero foi aquí precisamente no ano 2000 cando a petición do BNG se propuxo a universalización o que tamén supón un gasto e maxino que tamén haberá veciños de Vigo que pagan os seus impostos en Vigo que se pregunten por que lle teñen que pagar o transporte a un de Porriño ou de Redondela. Neste Pleno no seu momento, e co voto a favor do Partido Popular porque entendiamos precisamente que hai que fomentar a mobilidade.

Podería sacar máis recortes de Asturias, Villaviciosa, Córdoba pero non vou seguir utilizando esta información. Sinxelamente dicirlle que se don Amancio Ortega viaxara nos autobuses públicos de Vigo, sería a mellor campaña publicitaria que podería facer o Partido Socialista para executivos, etc., e por riba lle sairía gratis.

Vostede contradíse nos seus argumentos porque di que nós, cando establecemos a medida ata o salario mínimo interprofesional chegamos á incoherencia de que unha ama de casa, que traballou toda a súa vida pero na familia e que nunca cotizou á Seguridade Social e á que pouco se lle recoñece o traballo que realizou por parte de todas as administracións, ten que pagar o transporte. Pois con esta medida que hoxe solicitamos, que polo que dixo estou segura de que vai votar en contra, esa señora realmente si podería incorporarse a esta medida de transporte gratuíto.

Isto non é demagogia, a demagogia é a que fan vostedes en campaña e xa lle puxen exemplos. Nós propoñémolo agora logo de ter aplicado durante estes tres anos distintas medidas que consideramos oportunas. Pode haber outras que tamén sexan valorables pero nós propoñemos esta e non coido que sexa demagogia.

Seguindo coa liña do que pensarían os seus dirixentes se oíran este debate, ten sorte porque isto non vai saír da cidade de Vigo, cando implantou o cheque bebé que é unha medida universal e todo o mundo ten dereito a el. Vostede falaba do transporte gratuíto do don Amancio Ortega e eu menciónolle por exemplo o caso da Realeza española; se os Príncipes quixeran o día de mañá ter outro fillo e acollerse á medida dos 2.500 euros do cheque bebé, poderían porque serían do mes de xullo de 2007, unha data en concreto na que nunha medida electoralista o seu partido decidiu poñer en marcha e que non se poden beneficiar outros nenos con pais con menor renda que naceran nos seis primeiros meses do ano.

Repito que non me sorprende pero o que si está claro é que non coido que sexa tan fácil rexeitar esta moción porque só me falou dos maiores pero non dos menores de 18 anos que pertencen a familias numerosas e foi outro membro do seu grupo do Partido Socialista quen no pasado mandato, cando presentamos as modificacións que incorporaron importantes medidas para familias numerosas, dixó que iso non chegaba a nada. Agora propoñemos outra medida e vostede di que é unha barbaridade e facilmente rexeitable.

Pode dicir o que queira pero nós tamén podemos propoñer o que creamos conveniente.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto que non vou facer ningunha referencia a eses políticos de altura do meu partido e doutros que poida vostede nomear en calquera circunstancia. O que me asombra é que vostede si que non dixó

absolutamente nada desa análise que eu fixen da súa política de transporte público durante os últimos anos porque evidentemente non ten moito que dicir, aínda que supoño que aproveitando a última quenda de intervención si o fará porque xa non haberá resposta pola miña banda.

O que teño moi claro, Sra. Molares, é que a dereita nunca entendeu as propostas de progreso que se fan dende outras forzas política e que se ligan cousas ó tema da renda ou non, entre outras cousas porque vostedes, dun xeito moi sinxelo, pensando soamente na pensión de xubilación, si que puxeron uns límites porque sabían que había cousas que non se podían acadar.

Ó meu carón está a concelleira de Facenda que sabe a débeda que temos con Vitrasa, o orzamento que temos presupostado no que hai unha parte moi importante adicada ó transporte público e que indubidablemente unha medida tan irresponsable como a que vostede propón, obviamente nos levaría a un auténtico desastre para moitas máis áreas deste goberno que evidentemente tamén teñen que facer cousas no ano 2008, non exclusivamente o concelleiro de Transporte.

Imos facer propostas respecto ós bonos e os prezos que vai ter o transporte público nesta cidade e vanse facer cun estudo serio e xustificado, tamén absolutamente claro en termos económicos. Esas propostas pódolle asegurar que van ser enormemente positivas para moitos sectores desta cidade. Pero vai ser este goberno e non unha moción tan irresponsable como a que vostede presenta neste Pleno, que por suposto imos votar negativamente.

SR. ALONSO PÉREZ: Penso que esta Corporación debe recoñecer cousas que fixeron ben gobernos anteriores e poñer enriba da mesa o que lles corresponde en xustiza. Se hai alguén que revolucionou o transporte público nesta cidade foi o concelleiro don Xoaquín de Acosta Beiras, que cando colleu a responsabilidade nesta área, pola Corporación anterior se perderan dous millóns de usuarios. O punto de inflexión nesta cidade no transporte público marcárono as medidas que tomou Xoaquín de Acosta que hoxe se estudan en congresos internacionais. As veces o descoñecemento da lugar a risas que non teñen nada que ver coa realidade.

Medidas como a implantación da tarxeta electrónica, a tarxeta verde que hoxe empregan o 70% dos usuarios; fixo unha remodelación de liñas nas parroquias que se tardou máis dun ano en discutir parroquia por parroquia; implantou o billete de

transferencia; levou adiante a implantación de lanzadeiras con 150 viaxes diarios á Universidade.

Coido que en materia de transporte hai moitas medidas que se poden seguir tomando pero se hai alguén que parou a caída da utilización do transporte e fixo unha recompilación de que no seu mandato máis dun millón de usuarios volveron utilizar o transporte público, foi Xoaquín de Acosta. É xusto que esta Corporación recoñeza o traballo de alguén cando se fan as cousas ben.

SRA. MOLARES PÉREZ: Sr. Calviño, eu non me gardo nada para a última intervención porque maxino que o alcalde lle daría a vostede a palabra se quixera falar outra volta como sole acontecer.

Non é unha medida irresponsable, a vostede pode gustarlle ou non. Se así fose vostede estaría cualificando de irresponsables ós seus dirixentes políticos do máximo nivel. Está claro que Simancas e Sebastián xa non pintan nada no PSOE a nivel nacional nin autonómico, pero a proposta está aí e xa lle dixen que hai numerosos concellos do Partido Socialista nos que está en marcha esta medida e vostedes estáos descualificando, aínda que en cada cidade e segundo as condicións, as medidas poidan ser diferentes.

Aínda que me dedico á política, adoito ser rigorosa porque coido que a política tamén se pode facer dende o rigor e dende o estudo dos temas e non é irresponsable porque pola súa banda no orzamento municipal incluíron unha importante partida a maiores na partida de subvencións de bono-bus e lanzadeiras, pasando de 5,6 no presuposto de 2005, a nove millóns no orzamento de 2008. Aínda que me vai dicir que o orzamento real é maior porque efectivamente non se aprobou orzamento nin no 2006 nin no 2007 e por tanto é un prorrogado e o gasto actual é maior a eses 5,6 millóns, pero segue a haber unha partida importante para poder facer valoracións.

Xa sei que a súa prepotencia lévalle a non valorar nada do que presenta a oposición, ata o punto que o outro día a Sra. Abelairas votou en contra unha moción moi sinxela que eu mesma presentei relativa ó paseo de Bouzas no que estaban rotas unhas táboas, pasou un mes e aínda que votamos en contra desa moción neste Pleno o que me parecía totalmente ilóxico, hoxe teño que dicir que xa está arranxado e maxino algo tivo que ver esa moción porque levaba tempo sen

arranxar.

Ese criterio de que o que propón o Partido Popular non se vota por sistema, coido que é de prepotencia e de falla de intelixencia pola súa banda. Tamén se contradí un pouco con estes anuncios que adoitamos ver de Vigo, cidade intelixente, esa implicación do que queren vostedes facer pola xente. Fala de gastos, pois co que valen estes anuncios de publicidade terían para que algúns maiores de 65 anos, sobre todo esas amas de casa que non traballaron e non lles sobran os cartos, poidan ter o transporte gratuíto o que non penso que lles viñera mal.

Precisamente porque no Partido Popular pensamos na xente, nesa xente que vostedes nos anuncios marcan en vermello. Xa vexo que non escoita ós seus dirixentes a nivel nacional pero tampouco á súa propia compañeira que antes nos dicía que non sabiamos facer políticas activas, revolucionarias, que vostedes eran utópicos e idealistas, que os homes e as mulleres ocupaban un lugar primordial. Pois miramos que con estas mocións a vostedes os homes e mulleres da cidade de Vigo e do seu contorno, porque é verdade que o bono-bus pode pedilo calquera persoa, non é unha prioridade para vostedes. Non discuto que teñan outras.

Lémbrolle que nestes días se publicaba cal é a pensión media en Galicia: 565,5 €, cinco euros menos do salario mínimo interprofesional, por tanto consideramos que nesa franxa de maiores de 65 anos vaise atopar moita xente que cun euro, con 200 euros máis, non entra na gratuidade do sistema ata o salario mínimo interprofesional.

Non coidamos que sexa excesivo ese gasto e sen embargo si cremos que pode beneficiar ó transporte colectivo.

Non lle vou respostar ó que vostede quere, que eu me poña defender a política de mobilidade que fixemos porque non quero perder o tempo en debater con vostedes porque total xa se sabe o resultado: para vostedes o Partido Popular en tres anos e medio non fixo nada pero os balances están aí. Están vostedes cansos de nos dicir que miremos cara o futuro, que non falemos do pasado, pero eu teño claro que o que estamos hoxe a aprobar aquí é o futuro do transporte público na cidade de Vigo e se vostedes non queren aprobar esta moción e lle queren dicir ós maiores de 65 anos, a esas amas de casa que non entraban, ós que gañan o salario mínimo interprofesional máis un euro e tampouco ás familias numerosas de menores de 18 anos, que non están dispostos a pagar o transporte gratuíto, están en toda a súa

capacidade pero tamén nós estamos en absoluta capacidade para propoñer o que coidamos que é mellor para a cidade de Vigo.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e as Sras. Abelairas Rodríguez, Méndez Piñeiro e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Molares Pérez, instando que se estenda a gratuidade do transporte público, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

24.- (169).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO A AMPLIACIÓN DO RECINTO EXPOSITIVO, APARCADOIRO E ACCESOS DO IFEVI.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de novembro de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"Dende o Partido Popular pensamos, e así o fixemos cando tivemos responsabilidades de goberno, que o Concello de Vigo debe traballar para aumentar a diversificación da economía da cidade, incrementando o peso do terceiro sector: os servizos.

Non obstante, un dos principais piares nos que sustenta a economía local é a pesca e a súa industria derivada, como tamén o son o sector do automóbil ou a construción naval, entre outros.

Na actualidade, os aproximadamente 32.000 m² cos que conta o recinto feiral de Vigo (IFEVI) nos seus tres pavillóns non son suficientes para determinadas feiras

que alí se celebran, como Conxemar. Segundo palabras do seu presidente D. José Luis Freire na inauguración do certame deste ano o pasado día 2 de outubro, "Non se pode morrer de éxito", por iso reclamaba como mínimo 6.000 m2 máis de xeito que, para a próxima edición de 2008, se proceda a preparar a zona posterior do pavillón 3, e así, satisfacer a demanda de novos expositores e permitir que a feira siga crescendo e celebrándose en Vigo.

Tanto o Alcalde de Vigo como a propia Ministra de Pesca recolleron o guante e comprometeron unha ampliación do recinto.

Como queira que o pazo de congresos parece que non estará listo ata a chegada do AVE, a opción que nos queda para fomentar o turismo de congresos é preparar o IFEVI como a infraestrutura básica e fundamental para acoller grandes eventos, o multiusos que a cidade de Vigo necesita. É necesario por tanto un esforzo maior en dotar o recinto de, simplemente, as necesidades que a demanda está solicitando.

Así, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación municipal de Vigo tome o seguinte acordo:

Instar á Consellería de Innovación e Industria, que exerce a presidencia do Padroado do IFEVI, a ampliación do recinto expositivo, do aparcadoiro e os accesos necesarios de forma que os eventos a desenvolver en Vigo dispoñan das condicións suficientes para poder seguir incrementado tanto en número de expositores e feiras comerciais como na calidade das mesmas."

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 19 de novembro, quedou enterada do contido da devandita moción.

O Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Antes de empezar co tema da moción, pediríalles un pequeno esforzo no tocante ó cumprimento das Leis. Xa que vostedes presentan unha moción integramente escrita en galego, pediría que fixesen vostedes un esforzo a prol da nosa lingua e só lle pedimos que sexa vostede quen da ler tal e como a presentou. Presentouna na nosa lingua e é o mínimo esforzo que se lle pode pedir a un representante de Galicia que ten que cumprir a Lei de normalización lingüística deste Concello.

Tamén quixera dicir aproveitando esta intervención que rexeitar unha moción non significa ningún tipo de prepotencia, Sra. Molares. De feito neste Pleno da Corporación este goberno aproboulle algunha moción das que vostedes

presentaron. Prepotencia é pretender que todas e cada unha das mocións que presente a oposición témolas que aprobar sen máis. Temos que as razoar, argumentalas e haberá algunhas, como xa ten ocorrido neste Pleno que votemos a favor e outras que non esteamos de acordo e non o fagamos, que é o caso desta.

Sr. Fidalgo, non o creo pero pola presentación desta moción parece que ten pouca comunicación co Sr. Figueroa porque o Sr. Figueroa forma parte, igual ca min, do Comité Executivo do IFEVI, el en representación da Deputación Provincial e eu coma presidente dese Comité en representación do Concello.

Na última sesión dese Comité din conta das conversas que eu mesmo tiven realizado cos dirixentes de Conxemar, que é a feira á que vostede fai referencia, onde se lles expuxo cales son as iniciativas e ideas que ten a Consellería de Innovación e Industria para o IFEVI.

Nunha moción non se lle pode instar a unha consellería á ampliación do recinto, etc., cando esta consellería está a demostrar o seu compromiso claro e rotundo co IFEVI. Cando ademais xa publicamente, como vostedes recollen na moción, o propio alcalde de Vigo comprometeuse a estudar esa ampliación; nese Comité Executivo eu tamén informei de que a estabamos estudando pero as cousas se teñen que facer racional e de xeito planificado.

A feira de Conxemar no 2008 ten garantido o espazo necesario a través dunha solución provisional que imos acometer e que a propia directiva de Conxemar está absolutamente de acordo con ela, para inmediatamente logo comezar estudar o proxecto desa ampliación.

Ocorre tamén que as ampliacións de dotacións públicas hai que as facer con raciocinio, con planificación e con sentido común. Non é certo o que vostede explica na parte expositiva da moción de que hai determinadas feiras que non teñen o espazo necesario.

Nestes momentos e coa nova ampliación feita e inaugurada hai moi pouco tempo, todas e cada unha das feiras que se celebran no IFEVI non teñen ningún problema de espazo agás unha soa que é precisamente Conxemar e que por suposto, na medida do posible, e ese é o compromiso deste goberno e da consellería, imos estudar para que unha feira tan importante coma esa non desapareza da nosa cidade.

Dicía que hai pouco que se ampliou o IFEVI e para que vostedes vexan que non se

pode instar a unha consellería que está absolutamente comprometida, desa última ampliación aínda rematan por pagar preto de tres millóns de euros que o conselleiro, don Fernando Blanco, vense de comprometer, como xa saben os membros do Comité Executivo, de que por parte da consellería se ía subvencionar esta débeda anterior da última ampliación feita.

Non só iso, senón que unha demanda histórica do IFEVI, unha vez que xa temos a nova nave, as gradas retráctiles, tamén sabe o Comité Executivo que a consellería de Innovación e Industria vai aportar este ano unha cantidade moi importante, máis de 500.000 €, para dotar ó IFEVI de aproximadamente unhas 6.000 gradas retráctiles que loxicamente axudarán a facer do IFEVI o recinto que todos e todas queremos.

Non só iso, senón que tamén se ten anunciado no Comité Executivo que a Consellería de Innovación e Industria nos seus plans aposta por este recinto feiral e o estudo desa ampliación.

Polo tanto coido que vostede se trabucou, con todos os respectos, á hora de propoñer a moción. Coido que en vez de instar á Consellería de Innovación e Industria á ampliación do recinto, do aparcadoiro, dos accesos necesarios, esta moción facendo xustiza debería ser noutro sentido e por suposto lla aprobaríamos. Tería que ser que a Corporación agradece e manifesta a súa satisfacción pola aposta que a Consellería de Innovación e Industria ten feito e fará no recinto do feiral de Cotogrande.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En canto ó idioma, Sr. Domínguez Olveira, permítame que utilice aquel no que máis facilidade teño para me expresar porque ademais coido que son libre de usar calquera dos dous. De todos os xeitos eu amo ó galego e coido que o falo bastante ben. Quizais o utilice nalgún dos Pleno porque o quero igual o máis que o castelán.

Co Sr. Figueroa teño un diálogo fluído, é un compañeiro e amigo e ogallá vostedes tiveran o mesmo diálogo entre as diferentes partes do goberno igual que entre nós. Quero presentar esta moción porque estou preocupado, non sei se sabe que para que Conxemar teña eses 6.000 metros cadrados dos que fala, en setembro ten que estar concluída esa solución provisional da que fala porque empeza a montaxe da feira. Estamos practicamente en decembro e aínda non houbo ningún movemento.

Para que se faga unha idea da dimensión económica de Conxemar, este ano recibiu a visita de máis 38.500 profesionais procedentes de 65 países e facturou 1.200 millóns de euros. Ademais sabe as consecuencias que ten a feira en todos os hoteis da cidade que colgan o cartel de completo; non só na cidade senón que en Baiona, en Marín, en Sanxenxo, Tui, Pontevedra, etc. Todos coñecemos e supoño que vostede que é o concelleiro de Turismo tamén, que o turismo empresarial ten moitos máis beneficios que calquera outro tipo de turismo polo poder adquisitivo da xente que nos visita.

O problema do espazo non só é de Conxemar; ven de se anunciar que dentro de ano e medio, entre o 16 e 19 de setembro de 2009, vaise celebrar en Vigo a Feira Mundial da Pesca e sempre tivo estes problemas de espazo.

O IFEVI é un motor máis da economía viguesa, por iso hai que engraxar, mellorar, ampliar as súas infraestruturas para que sega a dar servizo a expositores e visitantes. Como saberá como presidente do Comité Executivo, no ano 2006 celebráronse 96 eventos ós que acudiron 180.000 visitantes profesionais e 1.100.000 non profesionais; vendéronse 531.000 metros cadrados de exposición nos que se amosaron 3.600 empresas ou expositores, máis dun 20% deles estranxeiros. Ben paga a pena ter en conta estes datos e facer un esforzo para colaborar a que a evolución do IFEVI non se free.

Por isto entendemos que a proposta que traemos ó Pleno é razoable e non podería ser doutro xeito que contásemos co seu voto favorable.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por suposto, o debate non está en se o IFEVI é moi importante para a cidade ou non; non está en se Conxemar é unha feira moi importante ou non, estamos totalmente de acordo. O debate está en que vostedes presentan unha moción que falsea dalgún xeito a realidade porque repito que todos os membros do Comité Executivo e do Padroado do IFEVI sabemos a aposta e os compromisos que xa están enriba da mesa por parte da Consellería de Innovación e Industria, ademais recoñecidos non só por min, senón por todos e cada un dos membros do Comité Executivo. A única administración que nos últimos dous anos está demostrando o seu compromiso co IFEVI precisamente é esta consellería.

Polo tanto o debate está en que me parece non ser xustos nunha moción que diga "instar a Consellería" cando repito que xa a Consellería no propio Comité Executivo

e no Padroado expresou esta vontade. En todo caso o xusto é dicir que á Corporación nos satisfai e aplaudimos o esforzo da Consellería de Innovación e Industria. Iso sería o xusto.

Ademais agardo e espero que esa preocupación polo turismo nesta cidade, por Conxemar, que ese compromiso que vostede di se faga tamén extensible á Deputación Provincial de Pontevedra, e aquí tamén está un membro do Comité Executivo e Vicepresidente da Deputación. Agardamos que cando se presente o tema da ampliación ademais da Consellería de Innovación e Industria, que xa se comprometeu, a propia Deputación Provincial que forma parte do Padroado do IFEVI, aporte tamén as cantidades necesarias para que todas estas modificacións ás que vostede fai referencia se leven adiante.

Non se preocupe, voulle dar a absoluta tranquilidade de que para a próxima Feira de Conxemar estará habilitada esa solución provisional que Conxemar e a directiva coñecen, igual que os membros do Comité Executivo, e da tempo de sobra para que estea. Inmediatamente tamén se empezarán a facer os estudos pertinentes para ver a viabilidade desa ampliación que todos queremos acometer.

Tampouco se preocupe e estea tranquilo que a World Fishing na nosa cidade se ten celebrado con distintos gobernos, con menos espazo do que actualmente temos como aconteceu na última celebrada e tampouco vai haber ningún problema para esa celebración.

Coido que estamos todos de acordo na importancia do recinto feiral, de Conxemar, da World Fishing e no único que diferimos é no sentido da súa moción. Non se pode instar a que unha consellería faga unha serie de cousas que xa está facendo e está comprometida publicamente diante do padroado e do Comité Executivo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Dende a oposición e dende a humildade unha das nosas tarefas é vixiar a acción do goberno. Sei que estes temas se faloron no Comité Executivo porque o diálogo co Sr. Figueroa é absolutamente fluído e sei o que se está a facer e as ideas que hai. Pero lle pido que se mova porque estamos preocupados.

Máis aínda se un entra na páxina web da Xunta de Galicia, baixa o avance do orzamento de 2008 e mira que para o Instituto Feiral da Coruña hai tres millóns de euros e para o IFEVI non pon nada, hai unha partida xeralista de fundación e

consorcios feirais, promoción e mellora da calidade dos servizos, de 900.000 euros. Esta é a razón pola que estou preocupado.

Sei que a consellería de Industria estivo investindo todos estes anos porque ademais é o presidente do Padroado do IFEVI e sei que queda algo por pagar no pavillón tres que coido que o fará. Pero para o ano que ven non sei de onde van saír os cartos para acometer esa solución provisional, sobre todo as gradas retráctiles e a mellora dos accesos porque como xa houbo unha conferencia de prensa, xa viu o conselleiro de Industria en novembro do ano 2006, reuniuse coa entón alcaldesa da cidade, Sra. Porro, e asinaron unha declaración de intencións. Xa se remitira o anteproxecto, tanto á Consellería de Política Territorial, como á Consellería de Innovación e Industria, como ó presidente da Xunta, Sr. Touriño, para tres asuntos fundamentais que coido que é un pouco a folla de ruta do IFEVI nos últimos anos.

Estamos de acordo que un é incrementar a capacidade do aparcadoiro, o actual mal chega ás 1.400 prazas e preténdese situalo en 2.500; iso ten un orzamento aproximado de 7.250.000 euros. En segundo lugar acometer a urbanización do contorno do Instituto Feiral coa mellora é 1.200.000 euros. E en terceiro lugar a instalación desas gradas retráctiles que van incrementar a capacidade do IFEVI en 7.100 persoas cun orzamento de 1.400.000 euros. Todo isto que aproximadamente suma dez millóns de euros non está nos orzamentos da Xunta de 2008.

Vostede ten moi boa relación co conselleiro de Industria, don Fernando Blanco, non me cabe dúbida. Dígalle por favor, hoxe que se está empezando debater o orzamento en Santiago, xa que o Instituto Feiral da Coruña xa ten tres millóns de euros que non sei para que serán, que tamén apareza o IFEVI reflectido nesos orzamentos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Respóndolle en medio minuto. Os investimentos ós que facía referencia nos orzamentos da Xunta, ademais desa partida global de 900.000 euros, ademais do que xa este ano se vai pagar de tres millóns e pico de euros que superan con moito esa partida do IFECO, tamén debe vostede ver nas partidas que fan referencia á Dirección Xeral de Comercio.

Non se preocupe porque ademais hai xestións avanzadas para que haxa máis deses tres millóns de euros no vindeiro ano e vostede verao.

A unha pregunta eu respóndolle con outra: sabe vostede cantos euros hai no

orçamento da Deputación para o IFEVI? Cero.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Eu quero o mellor para a miña cidade. Estou preocupado porque en setembro ten que estar rematada esa solución provisional. O IFEVI non ven e por suposto que estes datos son da Dirección Xeral de Comercio, quitados da páxina web da Xunta e pódollos entregar ós medios de comunicación.

O único que pretendo en positivo é darlle un toque á Consellería de Innovación de Industria e que se lembre de nós.

(Están ausentes o Sr. Guerra Fernández e as Sras. Abelairas Rodríguez, Méndez Piñeiro e Porro Martínez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con doce votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Molares Pérez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando a ampliación do recinto expositivo, aparcadoiro e máis accesos do IFEVI, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

25.- (170).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. MOLARES PÉREZ, RELATIVA Á CELEBRACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS.

INTERVENCIÓN DA SRA. MOLARES PÉREZ: Por alusións do Sr. Domínguez Olveira de que falabamos de que o goberno por prepotencia non aproba as mocións e teñen competencia e capacidade para as votar en contra, por suposto, pero eu non me refería iso. Referíame a cando as van cumprir pero votan en contra polo sinxelo

feito de que as presentemos nós.

Quero facer unha pregunta con referencia a unha moción que se votou a favor por unanimidade de toda a Corporación no Pleno do 29 de outubro, que instaba que o goberno rectifique e manteña a festividade de San Roque que se celebra o 16 de agosto como festivo laboral con carácter local. Isto presentámolo con carácter de urxencia porque xa se publicara no BOP e criamos que había un problema tanto de forma como de fondo.

De fondo porque se substituíu a San Roque polo día do Carme e de forma porque se acordara por órgano manifestamente incompetente. O día 31 de outubro se publica no DOG, non o acordo plenario acordado por unanimidade, senón a resolución do Alcalde enviada á Consellería de Traballo.

Nós coidabamos que por parte do goberno se ía paralizar esa situación e por iso presentamos a moción con carácter de urxencia e queremos saber se se remitiu á Xunta o acordo plenario; de ser así cando saíu por Rexistro. En terceiro lugar que vai facer o goberno para rectificar esta situación posto que pode ocasionar numerosos problemas tanto ós cidadáns á hora de asignar un evento festivo, como pode ser unha voda ou outro calquera, e ás propias empresas á hora de establecer o seu propio calendario laboral e planificar as vacacións.

Preocúpanos, sabemos que tamén preocupa a distintas asociacións e queremos unha resposta.

SR. LÓPEZ FONT: Dinme que o escrito xa está enviado á Xunta tal como se aprobou aquí para a corrección e responderémolle pero coido que o que se debe transmitir é que isto debe darse por feito máis aló de que non estea publicado. Se non está publicado insistiremos na súa publicación e o compromiso do goberno de facer as xestións pero xa foi comunicado á Xunta para a súa modificación ós poucos días de se realizar o Pleno.

* PREGUNTAS DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. GARCÍA MÍGUEZ, RELATIVAS Ó CUMPRIMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA.

INTERVENCIÓN DA SRA. GARCÍA MÍGUEZ: O 30 de novembro de 2006 aprobouse a

Lei de Dependencia no Congreso dos Deputados co apoio do Partido Popular e en base á moción presentada o Grupo do Partido Popular formula as seguintes preguntas para a súa resposta.

Cal é o número de persoas dependentes que residen na actualidade neste Concello. Estase a facilitar información dende os servizos sociais municipais ós posibles beneficiarios das prestacións recollidas na Lei?

Cantas das persoas dependentes que residen neste Concello presentaron solicitudes de valoración ata o de agora?

Cantas das solicitudes foron resoltas por Vicepresidencia?

Realizouse algunha xuntanza con representantes de Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar para coordinar a posta en marcha da Lei e o proceso de valoración?

De ser así, quen asistiu en representación deste Concello e que se acordou?

A PRESIDENCIA: Responderemos por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e mais a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

S. Ordinaria 26.11.07

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 26 de novembro de 2007. Consta de 77 folios da serie A numerados do 1593877 ao 15938953, e números do 574 ao 650. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 28 de xaneiro de 2008.

Vigo, a 28 de xaneiro de 2008
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda